38 outubre
novembre
decembre 1972

GRIAL

X. FILGUEIRA VALVERDE: No centenario. O P. Sarmiento e a fala galega.

MICAELA MISIEGO: Voces pretas. Antoloxía breve.

J. FERREIRO ALEMPARTE: La ciudad mozárabe de Santa María de Faro y el milagro de la Cantiga CLXXXIII en fuentes anteriores al Rey Sabio.

D. PRIETO ALONSO: Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entonación.

TOMÁS BARROS: O Dragón.

CARLOS CASARES: Apuntes pra un estudio da poética de Lamas Carvajal.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 38 — OUTUBRE, NOVEMBRE, DECEMBRE 1972

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

No centenario. O P. Sarmiente e a fala galega, por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE 385

Voces pretas. Antoloxía breve, por MICAELA MISIEGO ... 394

La ciudad mozárabe de Santa María de Faro y el milagro de la Cantiga CLXXXIII en fuentes anteriores al Rey Sabio, por JAIME FERREIRO ALEMPARTE 405

Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entonación, por DOMINGO PRIETO ALONSO 431

ESCOLMA

O Dragón. Traxicomedia nun acto, por TOMÁS BARROS ... 438

PENEIRA DOS DÍAS

Apuntes pra un estudio da poética de Lamas Carvajal, por CARLOS CASARES 469

Leria con Domingo García-Sabell, por SIRO 475

"Evolución y revolución en romance, de C. P. Otero", por DOMINGO PRIETO 481

Carta abierta a "Alianza Editorial", por CARLOS CASARES 487

Libros galegos no Museu Británico, por CARLOS DURÁN . 491

LIBROS, *por Carlos Durán, R. C. C., R. Piñeiro, G., Ricardo Palmás, X. L. F. R., Salvador Lorenzana* e *Dónega* 497

O REGO DA CULTURA 510

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano García. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

NO CENTENARIO
O P. SARMIENTO E A FALA GALEGA

No día sete do mes de Nadal de este ano de 1972, cúmprense os douscentos anos da morte de Frai Martín Sarmiento. Cando Galicia conmemora esta data, non é que lembre a un máis antre os seus fillos benqueridos, o que festexa é o encontro consigo mesma. Quen encetóu o seu rexurdimento foi este monxe e o encontro douse nil, que soupo enferrar unha laboría endereitada a un troque de xeito na vida dos galegos. Foi o primeiro de un tempo novo: a súa obra é o tallamar que arreda duas hestorias. Tivo concencia do que denantes ninguén antre nós a tivera. O Grande Lemos ou Gondomar, defenderon a Galicia; Feixóo, honrábaa; Sarmiento foi o seu "entendedor", dando a esta verba o seu valor bisémico, de enamorado á maneira medieval e de comprendedor i esculcador das nosas realidades. Entendendo a Galicia, amorosamente, albiscóu o seu porvir e matinóu a súa reforma.

Antepoñamos que no primeiro en que Sarmiento non tivo devanceiros, foi na fasquía total de abranguer a realidade galega; nada que pertescese a ela era alleo pra il: a terra, cos seus horizontes, os seus mineiros, cos camiños e cos soutos e todo canto cría; "vegetables" e animallas; o mar, o peixe, cas artes e os barcos; e o home, dende ás súas máis vellas roitas da hestoria aos pequenos trafegos e arregueixos da vida cotián, os mesteres, os traballos e os días... E, por baixo e por riba de todo, a fala, como espello do que o pobo foi, como siño do que é, como monición e seguranza pra o vindoiro. Este facer da fala o eixo do seu pensar e o cumio da súa sabencia, é o que fai dil o fulcro da renacencia galega.

É certo que os adiantos de Sarmiento en tantos vieiros do saber e o seu "porvirismo" non deron froitos de perto. Il non traballaba pra pubricar. Os seus escritos eran tal que conversas "de pensado": "...jamás pienso ni pensaré en escribir cosa alguna para que se imprima", decía nunha das cartas a

Armona. Non é lugar de dar unha interpretación psicolóxica a este retraimento seu, que compartiron outros enxeños do seu tempo. Asombra que un home de letras que deixóu tantos milleiros de follas escritas da súa man, editase tan pouco en vida; si o fixo foi pra defender ao seu compañeiro e mestre Feixóo. Que tanto traballo restase inédito, que tantos e tan lucidíos pensamentos fosen iñorados, retrasóu en cen anos o "Rexurdimento" que, aínda así, tivo que ampararse â súa autoridade. Lémbrese que a actitude galega e as obras de Pintos Amado e de Saco e Arce, dependen moito dil. Cando a xenia dos precursores quer percurar antecedentes, ten que achalos en Sarmiento. A edición, rarísima, da *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega* iniciada polo autor de *A Gaita Gallega* en Pontevedra, na Imprenta de José Vilas, en 1859, amóstranos ben ás craras o senso que tiña pra iles. Somentes despóis dos *Cantares Gallegos*, Galicia tivo o "crásico" que quixera ver en Añón ou en Camino, e que soio poido atopar entón no romanciño do "Tío Marcos da Portela".

O MÉTODO

En *El Plan de Estudios Gallegos ideado por el P. Sarmiento* e nunha lección encol de *El P. Sarmiento precursor de los Estudios Locales*, teño esposto cal era o método dos seus traballos de investigación sobre o terreo de Galicia. Baixo o nome de "Alethóphilo" ou seña "Veritatis amator", ideóu ao noso home de cencia como un "sacerdote sin cura de almas ajenas, sin cuidados de familia, y sin empleo que le estorbe el estudio, y con 2.000 ducados fijos anuales por toda su vida. Ahora me toca a mi —dí— el proponerle como las ha de emplear bien, en beneficio del público, en honor de Galicia y en adelantamiento de su afición literaria" (*Onomástico*, 663).

Anque "Alethóphilo" fose unha personificación individual, coudóu que o seu traballo poideran facelo moitos "Alethóphilos" esparcidos ou xuntos, "como en Academia", traballando a partir dos mesmos principios e ca mesma finalidade.

O "plano" dos traballos, que comenza por sinalar a bibliografía precisa, orgaizaríase nuns "cuadernos", hoxe decimos "ficheiros", que distribuía deste xeito:

"1.º Lengua. Etimologías.
2.º Geografía. Toponimias.
3.º Historia Natural, "las voces".
4.º Inscripciones, monedas, pesos, medidas, fechas, épocas.
5.º Filiaciones y folklore (o que il decía "fórmulas y costumbres singulares").
6.º Diplomática (cun índice persoal de firmantes de instrumentos, cos oficios)."

A fala abre a relación: todo o estudio irradia dela e a ela emboca:

"El estudio que jamás ha de dejar de mano es la lengua gallega, en toda su extensión y en todos países. Tendrá cuadernos aparte en que vaya colocando verbos, nombres, frases y adagios como los fuese oyendo, y siempre preguntando para oir más a viejos, viejas, niños, rústicos... y poco o nada a los que, sin saber el gallego, se precian de castellanizantes" (*On.* 702).

A FILOLOXÍA

Criado no falar galego, que era o do seu fogar e o dos seus compañeiros de escola, tivo, dende neno, un craro "senso gramatical" e un interés moi fondo polas entranas das linguas, parello ao das Matemáticas e das Cencias da Naturaleza; tanto que aínda somella virlle destas. Emporiso, sen desleixar os grandes temas escolásticos encol da orixe, o desenrolo e a unidade das falas, válenlle pra camiñar no coñecimento das súas e das alleas, cara unha "Algebra del Lenguaje" ou cos métodos de un Linneo das verbas. O intuito das leises fonéticas reducindo "esas alteraciones constantes a reglas fijas", ou as grandes empresas léxicas, veñen guiadas pola posesión, diríamos innata, das Cencias, tanto como polo amor á fala.

Mesmo no terreo das etimoloxías, traduce este dobre xogo da pasión polas cencias dos númaros e da experiencia e polo traballo encol da nosa lingua, cando asinala os fitos dos seus *Elementos Etimológicos según el método de Euclides* e comenza por afirmar no limiar da obra: "En ella se ponen algunos theoremas para demostrar mathemáticamente el origen de las vozes castellanas y gallegas en la Lengua Latina".

"Algún día —dí ese "sarmientista" insuperabre que é o Prof. Pensado— haremos un índice lexicográfico de las voces recogidas por Sarmiento, y entonces se verá la alta cima a que este hombre ha llegado."

Escomenzóu argallando escolares vocabularios, e na recollida e definición das voces, seguíu a traballar de por vida; ideóu unha axeitada crasificación das verbas; inventóu a posibilidade de un *Diccionario Armónico de las Voces Vulgares con las Latinas,* primeiro anuncio do que sería un *Etymologisches Wörterbuch der Romanischen Sprachen,* e un *Diccionario Latino* universal etimolóxico; adiviñóu o método dos vocabularios con distribución non alfabética sinón etimolóxica, ...Ninguén dera un pulo meirande aos estudos filolóxicos nas Españas.

Di o Dr. Piel, máxima autoridade na "Toponomástica" occidental no noso tempo, que o P. Sarmiento é o verdadeiro

F. Martin Sarmiento

fundador da cencia dos nomes de lugar. Non foi somentes o incesante anotador deles, foi quen trazóu as roitas dos inquéritos e das crasificacións que hoxe se siguen, pois, sin conocelas, os investigadores coinciden cas liñas maestras que il asinalara á súa labor. Tense feito o cotexo, por exempro, da súa distribución dos nomes xeográficos de Galicia ca que hoxe está vixente. Contense no *Onomástico* (410). Abonda dar a súa entrada:

"1.ª De los nombres de la Historia Natural, exceptuando los de Botánica.
2.ª De los nombres tomados de vegetales.
3.ª De los nombres impuestos por la disposición del terreno.
4.ª De los nombres impuestos por las cercanías a otros objetos.
5.ª De los nombres que aluden al fundador o posesor del sitio, si ha sido romano.
6.ª De los nombres que aluden al fundador o posesor, si fue suevo o godo.
7.ª De los nombres que aluden al fundador o posesor, si ha sido gallego posterior.
8.ª De los nombres de sitios marítimos que aluden a cosa de mar.
9.ª De los nombres que aluden a algún edificio antiguo o moderno.
10.ª De los nombres sueltos sin atarse a clase."

A INTUICIÓN DOS CANCIONEIROS

Aínda tardaría moitos anos en ser recoñecido o códice de Ajuda e atopados os apógrafos italianos, cando Sarmiento intuía xa a sinificancia da poesía galega medieval:

"En tiempo del Rey Don Alfonso el Sabio, era muy vulgar el hablar y escribir la lengua gallega a lo menos dentro del Reyno de Galicia. No sólo en prosa sino también en verso, y esto ya venía de más antiguo, como consta de los poetas gallegos que ya cita el Conde Don Pedro en su *Nobiliario*. Pero que un Rey nacido en Castilla, hablase en gallego, e hiciese coplas en ese idioma, en el siglo 13º, aun hoy me causa mucha admiración. Y más no habiendo tropezado aun con instrumento auténtico del cual conste que ese Rey se crió en Galicia, como su padre San Fernando, o que a lo menos residió en Galicia por algun tiempo.

De seguro los gallegos de aquel siglo han gozado la dicha de que su Rey les oyese, o sus representaciones o sus quejas, o sus agradecimientos en su misma lengua gallega, y nativa sin el pegote de intérpretes como los soldados de Mithridates. Me parece imposible que entonces no fuesen comunes muchos libros en gallego para todo, y sobre todo, para la Gramática,

pues no es creíble que reinase la tiránica barbarie de que los niños gallegos aprendiesen la lengua latina por medio de dos lenguas extrañas, y con castigo si se acordaban de la propia y nativa.

Dirá alguno ¿y en dónde se conservan esos manuscritos en lengua gallega?. Digo que en donde se conservaría el Cancionero gallego de Dn. Alonso no se hubiese conservado con tanta custodia. Esto es, estaría perdido del todo y aún la memoria de tal Cancionero..." (*Elementos,* 431 e *Memorias,* 455).

A FALA DA EIREXA

Agora que temos a ledicia de escoitar cómo chega a nosa fala á liturxia, compre lembrar que, tamén nisto, Sarmiento foi un devanceiro. A súa defensa do uso e ilustración da lengua, ten neste canto o seu encirramento, galeato, de sempre, co engado a maiores, dunha chuscada subidiña de cor. Escoitémolo:

"No sé como toleran los obispos, que curas que no son gallegos ni saben la Lengua, tengan empleo, ad curam animarum, y, sobre todo, la administración del Santo Sacramento de la Penitencia. ¿Qué es el coloquio de un penitente rústico y gallego y un confesor no gallego sino un entremés de los sordos?. Son innumerables los chistes vergonzosos que se cuentan de esa inicua tolerancia. Avra 15 días que un cura, gallego natural, me dixo que confesando a una gallega, le dixo, que ya se había confesado antes con un castellano, pero que no creía que hubiese sido confesión, porque ni el castellano entendió a la gallega ni ésta al castellano. El verbo 'trebellar', en gallego, el 'tripudiare', siempre significa "in malam partem", y dista 100 leguas del honesto verbo 'traballar' o 'trabajar'. Confesor castellano ha habido que hasta después de muchos años estuvo en el error de que lo mismo era el verbo 'trebellar', gallego, que el 'trabajar' castellano, y a los penitentes que habían confesado, que habían 'trebellado' tantas veces les decía que en días festivos solo podrían 'trebellar' "ad laudes et per horas". Si el tal confesor hubiese oido la copla gallega común: "O crego máis a criada jugaban aos trebellinos etc.", entendería el significado".

E canto dí da Eirexa o estende logo á Administración do Estado, de xeito que os administrados comprendan, de cheo, canto os que teñen mando poidan ordearlles:

"Lo que digo del cura que no entiende el lenguaje de sus feligreses y de los feligreses que no entienden el lenguaje de su cura, se podrá aplicar a otros muchos que han de tratar con gallegos rústicos y cuya lengua no entienden bien. No hablo del 'trato', para contratos, comercio, ventas y compras, éstas se podrán executar aunque sean de lenguas diferentes

los contratantes, o por medio de intérprete, chalán y trujimán, o por señas... Hablo sí de los que han de tratar de instruir y dirigir a los fieles en la Religión Católica y de los que han de administrar justicia civil, arreglándose unos y otros a las inviolables y loables costumbres del país, pues una costumbre establecida de inmemorial, y que no es mala, tiene tanta fuerza como una ley extemporánea y transitoria, y todos los que no saben ni la Lengua gallega ni las costumbres respectivas, son ineptos para los dichos empleos".

O GALEGO LITERARIO

Foi il tamén o primeiro que pregóu a prol do galego escrito. Non podemos afondar no senso da súa obra, si esquencemos que, dende mediado o século XIV, o idioma galego fora perdendo a unidade co portugués, que un século despóis, deixaba de ser lingua literaria en Galicia, e que no tempo de Carlos V abandoara os documentos, sin leises "concilio, ni cortes, ni consentimiento uniforme de los gallegos", que, dende entón, o empregaban coidando ou que era un mal falar ou, polo menos, un "patois" soio dino pra rexoubas e facecias.

""Esto de si hay o no hay libros escritos en lengua gallega —nos dí tamén nos "*Elementos Etymológicos*"— es un espantajo y pasmarota y "petitio principii". No se estudia el gallego porque no hay libros. Y yo digo que no hay libros por que no se estudia el gallego, y solo se estudia el olvidarle y aborrecerle. Dentro de 20 ó 30 años, si se manda y se costea, habrá libros gallegos impresos y encuadernados en pasta, que traten de todas materias por espinosas que sean. De las solas coplas que inventan y cantan las mozas, se podrá formar un grueso volúmen de Cancionero, y muchos tomos de Geographía, Genealogía e Historia Natural, sin salir del Reino de Galicia.""

I é moi de notar que insiste en que se escomence a impresión por "cantares", tornando ao pobo o que é seu e facendo que se enceten os afáns da lectura porque está máis perto do seu esprito.

Emporiso, o que nos deixóu escrito en galego, matinando somentes en que dese a trama pra un vocabulario, foi a longa tirada das "Coplas". Non embargantes, il foi quen tentóu primeiro a expresión pedagóxica dos saberes na fala materna, cando no *Onomástico* puxo como exemplo a definición de 'paralaxe'.

"Explíquese a un niño la voz "paralaje" de este modo. "Ay meniño. Olla. Se te pós debaixo dun melón que está colgado do fayado, anque a tua vista estropece no melón, fay de conta quela vay parar o cravo do cal o melón está dependurado. Arrédate 10 ou 12 pés a calquer lado da sala.

Bota a vista polo melón, e verás que xa ela non vay parar o cravo, si non a un pontón que está distante del. Nisto, se fay no melón, coas duas rainas da vista, unha cruz, ou tixeira aberta. Así, pois, a aquela variación de lugares ca vista fay no fayado, chaman os gregos e os latinos 'parallaxis'. E tí chamarás paralaxe".

"Enterado el niño de la 'paralaje' casera, con facilidad entenderá la paralaje astronómica, imaginando que los planetas y estrellas son unos como melones colgados del techo del cielo. Apostaré que un rústico portugués o castellano no se entera mejor de la voz paralaje por sus diccionarios respectivos. Lo que dije de la voz paralaje se debe entender de otra cualquiera voz extraña, por exótica que sea, y aunque sea facultativa. De ese modo podrá un gallego erudito y curioso formar un corpulento vocabulario gallego que iguale o exceda a los 10 tomos del vocabulario portugués de Bluteau." (*Onomástico* 20 ss.).

O ENSINIO EN GALEGO

Este texto achéganos ao "leit-motiv" de Sarmiento, que é o que nos nosos días ven cifrado nos letreiros que levan os autos e nas follas soltas que se espallan pola rúa: "Galego na escola".

Fai dous anos, cando intervín con Antonio Rosón, no debate sobor do emprego da fala materna no ensinio, nas Cortes, busquéi no noso frade do XVIII os argumentos pedagóxicos pra defendelo. Por aqueles mesmos días lía na "Facultad de Pedagogía" da Complutense a súa tesina *Lengua Materna y Educación en Fray Martín Sarmiento,* M.ª Angeles Filgueira Iglesias. A inmediata pubricación deste estudo afórranos de dar eiquí unha visión do seu pensamento. En 1925, fixéramos unha antoloxía de textos de Sarmiento encol do galego. No seu sistema pedagóxico, estudiado por M.ª Angeles Galino nun libro exemprar, *Tres hombres y un problema,* pártese da ideia do recoñecimento das cousas polas súas denominacións, do camiño do coñecido ao coñecido, da individualización didáctica, do antimemorismo, ...postulando sempre a alfabetización na fala familiar. A consideración do bilingüismo como un enriquecimento espritual, e do falar propio como un ben, lévao á defensa do seu emprego escolar.

Veleiquí algunhas das verbas do P. Sarmiento que escolléramos na súa obra fai perto de medio século:

> "...Y es bárbara crueldad y necedad escusada que unos forasteros enseñen a los niños gallegos mediante la lengua castellana... y castigándoles si se les escapa alguna voz o frase gallega de las que han mamado".

"Todo maestro de Gramática que no fuese gallego y erudito en lengua patria, se debe de excluir de ser maestro de niños gallegos aunque sea un Cicerón, o un Quintiliano".

"Debía pues imprimirse un Nebrija, y los demás libros de gramática con la explicación escrita en gallego y se debía explicar también a boca en ese mismo idioma que sepan ya los niños".

"El maestro debe acomodarse al discípulo, usando solo las voces que el discípulo sabe y comprende".

"En cada ciudad y villa de Galicia habría de haber algunos que se dedicasen a enseñar a los niños la lengua gallega con extensión y propiedad".

CABO

Anque o P. Sarmiento non fose un dos meirandes científicos españoles do XVIII, anque non tivese traballado arreo nos máis variados agros dos nosos saberes, anque non apañara tantos milleiros de noticias nin fixera tantos descubrimentos, anque non tivera tan vivas intuicións..., abondarían as súas teorías pedagóxicas, e, antre elas, a defensa do emprego da fala familiar no insinio, pra que dixésemos dil, cas verbas de Pondal: "De certo, éste era grande cousa".

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE
Pontevedra

VOCES PRETAS
ANTOLOXIA BREVE

A figura nomeada hoxe en América o "novo preto" ten sido producida por unha diversidade de causas: en parte, pola continua emigración desde o sul, acelerada pola estensión da legumia do gorgullo do grau, a crecente sensación de xenreira por inxusticias e a demanda de man de obra nas industrias do norde; en parte, polo adianto do preto no traballo, no benestar e no ensino; en parte, polas guerras mundiáis, coas novas esperencias no campo e na loita... Todo contribuíu á formación do novo preto. Caracterizóuse éste pola dignidade e a confianza en si mesmo: quería máis xusticia e menos caridade e a poesía preta refletía esta posición.

Nos anos da primeira postguerra mundial aparecéu tamén unha nova corrente de poesía na literatura americana e os poetas pretos participaron naturalmente neste movemento literario. Nas suas obras pódense distinguir cinco puntos importantes: un descobrimento de Africa coma fonte de orgullo de raza; o uso de héroes pretos e de episodios heróicos da historia americana; propaganda de protesta; tratamento das masas pretas, amiudo do pobo ou raza e con menos frecuencia dos obreiros, con máis comprensión e menos actitude defensiva; e unha auto-revelación máis franca e máis profunda.

As obras de FENTON JOHNSON mostran os dous estremos da poesía preta despois de 1914. Nacéu en Chicago en 1888, asistíu á Universidade da mesma cidade e producíu obras de teatro orixináis no vello Teatro Pekin da rua South State. Editóu e pubricóu diversas revistas literarias; o seu primeiro volume de poesía, *A Little Dreaming*, ("Un pouquiño de soño"), aparecéu en 1914, seguido de *Visions of the Dusk* ("Visións da seriña") e de *Songs of the Soil*, ("Cantos da terra"). Pubricóu tamén un volume de narracións breves *Tales of Darkest America*, ("Cantos da América máis escura") no ano 1920. Morréu en 1958. Algúns dos seus poemas son concencionáis na forma e no contido; outros, seguindo o modelo do seu paisano e compatriota SANDBURG, apártanse dos temas correntes na poesía preta. Na coleición chamada "Noites Africanas" hai instantáneas de amarga esperiencia e entre elas unha das mellores é *Tired*, ("Canso"), na que ataca a civilización.

Estóu canso do traballo; estóu canso de ir construindo unha civilización que é de outros.

Folguemos un pouquiño, M'Lissy Jane.

Eu baixaréi cara a taberna da Derradeira Oportunidade, golecharéi un galón ou dous de augardente, tiraréi os dados un par de veces e dormiréi o resto da noite sobre un dos barrís de Mike.

Ti deixarás podrecer a vella cafúa, deixarás que a roupa da xente branca caia feita pó e que a eirexa baptista do *Calvario* se afonde nun pozo sen fin.

Vas pasar os días esquecendo que te casaches conmigo e as noites percurando o cálido augardente que Mike sirve ás mulleres na parte de atrás da taberna da Derradeira Oportunidade.

Bota os rapaces ao rio; a civilización déunos demasiados. É mellor morrer que medrar e descobrir que ún ten outro color.

Arrinca as estrelas. As estrelas márcannos a nosa sorte. As etrelas marcaron a miña sorte.

Estou canso da civilización.

A voce máis forte dos anos inmediatos á primeira postguerra foi a da CLAUDE MCKAY, nado en Xamaica, nas Indias Occidentáis ingresas, no ano 1891. Cando tiña pouco máis de vinte anos foi aos Estados Unidos pra estudiar na Universidade de Kansas. Máis tarde foi editor asociado do *Liberator* en Nova Iorke. *Harlem Shadows,* ("Sombras de Harlem"), un libro de poemas pubricado no ano 1922 tivo unha enorme aceptación; pubricóu tamén moitas obras en prosa, entre outras *Home to Harlem* ("Cara o fogar en Harlem") en 1928; *Banjo* en 1929 e *A Long Way from Home* ("Moi lonxe do fogar") en 1937. Morréu en 1948 e un volume de "Poesías seleitas" pubricóuse despois da súa morte, en 1953. O seu poema máis coñecido é o berro de desafío escrito nos días de epidemias raciáis que ocurriron despois da primeira guerra mundial, *If We Must Die* ("Si temos que morrer"), citado por Winston Churchill nos días tráxicos da segunda guerra mundial.

Si temos que morrer — que non sexa como porcos,
perseguidos e pechados nun lugar sen groria,
mentres arredor de nós oulan os cans desvairados e famentos,
bulrándose da nosa sorte malfadada.
Si temos que morrer — ¡ou! morramos nobremente,

pra non verquer inútilmente o preciado
sangue; entón, ¡aínda os monstruos que desafiamos
terán que nos honrar, despois da morte!
¡Ou, irmáns! Defrontemos o enemigo común,
non importa que eles sexan moitos máis, amosemos valor
e por cada mil baloucadas ¡deamos un golpe mortal!
¿Qué importa que teñamos, diante de nós, un sartego
aberto?

Defrontemos coma homes a garfañada asesina e cobarde,
chantados na parede, morrendo, ¡mais loitando!

JAMES WELDON JOHNSON, nado no ano 1871 en Jacksonville, Florida, estudióu na Universidade de Atlanta. Tivo varias posicións de responsabilidade e distinción: director dunha escola púbrica, abogado, dipromático, secretario executivo da N.A.A.C.P. e profesor de literatura na Universidade Fisk. Xunto co seu irmán compuxo *Lift Every Voice and Sing* ("Elevemos as voces e cantemos"), unha canción que chegóu a ser unha especie de himno estraoficial da xente preta nos Estados Unidos. Escribíu tamén as verbas das cancións de moitas comedias musicáis e doutras que foran famosas. Entre as súas obras pubricadas, moi numerosas, hai *Fifty Years and Other Poems*, ("Cincuenta anos e outros poemas") no ano 1917; *God's Trombones* ("Os trombóns de Deus") no ano 1927, no que se acha unha sincera esposición de crencias e do modo de vivir. Ás veces xurde a figura grotesca do predicador popular.

Lávao botándolle espantademos por dentro e por fora
e pono no solleiro, pra que se lle escurran os pecados.

pero hai tamén un sentimento de amistosa ironía cando fala, por exempro, a un rapaz recén chegado á cidade tola e perversa e chea de bailes e bebidas,

¡Ei da puxa, rapaz!
Tes o brazo moi curto pra boxear con Deus.

Ás veces, coma en "A Crucifixión" i en "Deixade o meu pobo ceibe", lembra outras esperiencias dos pretos:

¡Escoitade! ¡Escoitade!
Todos vós, fillos do Faraón,
¿Quén pensades que pode deter o pobo de Deus
Cando o mesmo Deus ten dito
Deixade ceibe o meu pobo?

As calidades visionarias dos "espirituáis" vense allur, sobre todo no "Día do Xuicio":

O sol apagaráse como candea ao vento,
a lúa esbagoará pingas de sangue,
as estrelas caerán coma borralla
e o mar arderá coma alquitrán.

A mesma crase de imaxinación visionaria pódese ver en *Saint Peter Relates an Incident of the Resurrection Day*, 1950, ("San Pedro conta un incidente do día da Resurreición") na forma dunha sátira mordente: o Soldado Descoñecido chega ao ceo e áchase que é un preto; entón o G.A.R. (Grande Exército da República), as D.A.R. (Fillas da Revolución Americana), a Lexión, o Klan, é decir, tódolos conservadores do patriotismo da nación agláianse e queren soterrar o soldado outra vez.

Nos seus derradeiros poemas, tanto a interpretación como a protesta son menos retóricas e máis dramáticas que en "Cincuenta anos" e, polo tanto, máis convincentes. A tenrura e o sentimento son evidentes en *The Glory of the Day Was in her Face*, ("Tiña na cara a groria do día"),

Tiña na cara a groria do día,
A feitura da noite nos seus ollos
E, por sobor de todo o seu encantamento, a gracia
Da mañán, enrubescéndose no ceo do abrente.

E tiña na súa voce a melura da rula,
Coma música dunha doce, melodiosa parte,
E tiña na sorrisa a lus nacente do amor
E tódalas virtudes tenras no corazón.

E agora o día grorioso, a noite fermosa,
Os paxaros que chaman á parexa no abrente
Xunto aos meus ouvidos que non senten
E diante dos meus ollos pechados por un veo de bágoas,
Confúndense con todo o que é morto, desque ela se foi.

Un dos poetas máis precoces foi COUNTEE CULLEN, nado o ano 1903 en Nova Iorke. Foi primeiro alumno das escolas públicas daquela cidade e despois da New York University. Acadóu o tíduo da Licenciatura en Harvard e dedicóuse despois todo o resto da súa vida ao ensino, en Nova Iorke. Pubricóu o primeiro libro de poemas, *Color*, cando tiña vintedous anos e recibíu o premio Harmon Gold de literatura. Despois pubricóu moitos máis. Desde a súa prematura morte no ano 1936 a súa reputación coma poeta lírico ten ido medrando continuamente. Áchase no súa poesía unha grande habilidade téinica: é a lírica máis pulida de toda a literatura preta. Continúa a tradición do verso ingrés e os seus modelos principáis son KEATS i EDNA ST. VINCENT MILLAY, mais verque nova

vida sobor dos modelos recibidos e nos seus poemas hai un don mañífico de creación de imaxes que transmiten, ao mesmo tempo, emoción e profunda ironía. Pode espresar tenrura en *A Brown Girl Dead* ("Unha rapaza escura morta").

A súa nai peñoróuse o anelo de noiva
pra vestila de branco, despois da morte.
Si se puidera ver ela, esta noite,
bailaría e cantaría de ledicia.

ou a ironía epigramática en *For a Lady I Know* ("Pra unha muller a quen conozo")

Aínda cré que alí enriba, no ceo,
a xente que é coma ela dorme até tarde e ronca,
e que os anxos pretos, cativos, alpéiranse ás sete
pra facer os traballos celestiáis...

Cullen, como bó poeta, insiste en que non quere que "ningunha consideración racial" faga medrar a súa reputación e, cousa ben distinta, non se quere limitar a temas "raciáis" porque

¿A qué corazón de pastor abóndanlle
somente as ovellas escuras?

Noustante, ten razón James Weldon Johnson cando di que os seus mellores poemas son os que tratan destes temas raciáis, coma por exempro *Incident*.

Unha vez, nun tranvía do vello Baltimore,
cheos de ledicia cabeza e corazón,
vin un nativo da cidade
fitándome nos ollos.

Eu tiña oito anos i era pequeno,
el non era meirande,
i eu sorrínlle; el sacóume
a lengua e berróu: "¡Preto!"

Despois andiven por todo Baltimore
de maio até decembre,
e de tódalas cousas que entón vin
só me lembro daquela.

LANGSTON HUGHES pódese comparar con CULLEN tanto pola cantidade de produción coma pola fama e popularidade merecidas que aínda tén. Nacéu en Joplin, Missouri, no ano 1902. Foi á escola en Lawrence, Kansas i en Cleveland, Ohio. Foi

alumno da Universidade de Columbia, en Nova Iorke, pero deixóu os estudos un tempo pra se ocupar en traballos diversos, un deles, coma mariñeiro nun barco de cárrega cara Africa i Europa. Volvéu pra rematar os estudos na Universidade Lincoln, en Pensilvania. Recibíu numerosos premios e honores e viaxóu por todo o pais en moitas ocasións, dando leituras púbricas da súa poesía. Por máis de cuarenta anos foi un autor prolífico i escribíu novelas, libros de narracións breves, obras de teatro, artigos pra periódicos, libros pra rapaciños, libros de historia e volumes de poesía. Residíu en Nova Iorke e axudóu constantemente aos novos escritores coa súa amistade e os seus consellos.

Entre Hughes e Cullen hai, endebén, máis diferencias que semellanzas. Onde Cullen sigue a forma tradicional, Hughes é experimental; Cullen é subxetivo e Hughes é amiudo ouxetivo e dramático, preocupado polas masas pretas. Cullen traducíu, entre as súas derradeiras obras, a "Medea" de Eurípides; Hughes escribíu propaganda comunista. Os dous poetas teñen tendencias pesimistas, ás veces estoicas, pero Hughes loita pola xusticia social. Describe o Harlem tolo polo jazz, pero, introduce notas de tristura coma

> Deberíamos ter un país de sol...
> e non esta terra onde a vida é xeada.

El tamén canta atavísticamente encol de Africa, encol do rapaz que ten no sangue "tódolos tom-toms do pulso da xungla", mais decátase de que a xente preta está aferrollada no "circo da civilización" e daquí veñen as súas realistas e mañíficas descripcións da súa xente, tenras i estoicas ás veces, como as de *Mother to Son* ("Unha nai ao seu fillo")

> Ai rapaz, vouche decir,
> a vida non ten sido pra min escaleiras de vidro...

Outras veces ten unha especie de surrinte desenfado, coma en *Me and the Mule* ("A Mula i eu")

> A miña vella mula
> ten a cara surrinte.
> Ten sido mula tanto tempo
> que se esquecéu da raza.
>
> Eu son como a vella mula
> Son preto — ¡impórtame un nabo!
> Teredes que aceptarme
> Coma son.

ou ben dá instantáneas da vida da cidade coma en "Canción de amor do Juke-box"

Podería coller a noite de Harlem
i enrodelarte nela.
Coller as luces de neón e facer una coroa,
Coller os autobuses da Avenida Lenox,
os taxis, os metros,
e polo teu canto de amor adoarlles o estrondo.
Coller o pulso de Harlem
e facer del un repinico de tambor;
poñelo nun disco, deixalo xirar
e, namentras o escoitásemos,
bailar contigo até a mañanciña.
Bailar contigo, doce rapaza de Harlem, escura
e miña.

Achase tamén o lirismo malencónico de *Dream Variation* ("Variedade de soño")

Espalancar os brazos
nalgún lugar do sol,
Bailar e revirar
Até que se remate o día branco
Folgar entón no frescor do serán
Mentres a noite se achega docemente
Escura coma min...
¡Éste é o meu soño!

Espalancar os brazos
de cara ao sol.
¡Bailar! ¡Xirar! ¡Xirar!
Até que se remate o día fuxidío.
Folgar entón na pálida seriña...
Un albre alto, bringuelo...
A noite caíndo ben tenramente
Preta coma min.

ou a door profunda, acugulada de acedume, de *Son for a Dark Girl,* ("Canción pra unha rapaza preta").

Alá embaixo, ao sul de Dixie,
(esgázaseme o corazón)
Aforcaron o meu amor, preto e novo,
Nun albre, nunha encrucillada de vieiros.

Alá embaixo, ao sul de Dixie,
(corpo laceirado alto no vento)
Preguntéille ao Deus branco Xesús
De qué sirve pregar.

Alá embaixo, ao sul de Dixie,
(esgázaseme o corazón)
o amor é unha sombra núa
sobor dun albre rebiricado e nú.

Cross ("Axuntamento") é un comentario burlón encol do mergurado froito social do axuntamento de razas

O meu pai era branco
A miña nai foi preta;
Si ás veces arreneguéi do meu pai branco,
Retiro as miñas verbas.

Si ás veces arreneguéi da preta nai
Degorándolle o inferno,
Arrepíntome dos meus maos desexos
E quérolle ben.

O meu pai morréu nun gran casal,
A miña nai morréu nunha cafúa.
¿Onde teréi que ir morrer eu,
Que non son nin branco nin preto?

A interpretación xeralizada da raza áchase en *I, too, Sing America,* ("Eu, tamén, canto a América")

Eu tamén canto a América.

Eu son o irmán escuro.
Mándanme xantar na cociña
Cando veñen convidados.
Pero eu rio
E como ben,
E fágome forte.
Mañán
Sentaréime á mesa
Cando veñan convidados.
Ninguén se atreverá
a me decir
"Come na cociña"
Entón.

Ademáis,
Verán can fermoso son
E avergoñaránse.

Eu tamén, son América.

The Negro Speaks of Rivers ("O preto fala de ríos"), é un dos seus mellores poemas,

Teño conocido ríos.

Teño conocido ríos tan vellos coma o mundo e máis vellos que as correntes de sangue humán nas venas do home.
A miña alma fíxose profunda coma os ríos.

Bañéime no Eufrates cando as augas eran novas.
Costruínme unha cafúa perto do Congo, que me adormecéu arrolándome co seu canto.
Miréi o Nilo i erguín as pirámides por sobor del.
Escoitéi a canción do Mississippi cando Abe Lincoln baixóu a Nova Orleans e vin o seu fondo lamaguento volverse dourado ó sol poñente.
Teño conocidos ríos.
Ríos vellos, escuros.

A miña alma fíxose profunda coma os ríos.

Outro poeta interesante é SAMUEL ALLEN, nado en Columbus, Ohio, no ano 1917. Estudóu con James Weldon Johnson coma profesor na Universidade Fisk e acadóu despois o tíduo de Licenciado en Dereito da Universidade de Harvard. Estudióu máis tarde en París, na Sorbona, onde recibíu a axuda de Richard Wright pra pubricar as súas poesías na revista francesa "Presence Africaine". Pubricóu os seus libros co seudónimo de Paul Vesey; o primeiro, *El fenbeinzaehne* ("Colmillos de marfil"), nunha edición bilingüe en Alemania. As suas poesías teñen sido reeditadas moitas veces nos Estados Unidos e teñen aparecido en revistas e antoloxías. Allen recorréu Africa e América do Sul e ten sido abogado do Departamento Legal da Axencia de Información dos Estados Unidos, (USIA). Desde o ano 1964 traballa co Servicio de Relacións da Comunidade do Departamento de Xusticia, unha axencia federal dos dereitos civís que trata de facilitar unha integración racial pacífica. En tódolos seus poemas áchase a mesma forza vital que en *American Ghotic*

Paréceme ás veces que non pararéi nunca,
que sempre seguiréi igual
Até unha fermosa mañán
Cando ergueréi a man e arrincaréi pra min unha presa de estrelas,

Bambalearéi a perna, longa e podente,
E con tres fortes couces abriréi o firmamento
E fitaréi a Deus e direille
¿Qué che parece, eso?

Ía ser un traballo imposibel tratar de dividir os poetas pretos en escolas, porque son demasiado diversos pra aceptar

agrupacións, pero teñen tendencias xeráis que son evidentes; os poetas contemporáneos, aínda cando escriben lírica subxetiva son máis francamente persoáis e menos convencionáis que os seus predecesores. Teñen recibido, naturalmente, a infruencia da poesía moderna e unha das leicións cardináis desta poesía moderna, é que o poeta ten que espresar a súa propia idea da vida no seu propio xeito. O poeta preto contemporáneo ten máis seguridade e confía máis en si mesmo que os anteriores. O púbrico preto é, naturalmente, reducido e o púbrico preto aficionado á poesía é moito máis, cousa que por outra parte, sucede tamén entre os brancos. Pero os pretos, se cadra por esta razón, teñen deixado sin esplorar moitos campos que a poesía moderna ten abertos aos demáis poetas e moitos deles siguen aínda os modelos maestros que aprenderon na escola. É evidente que hoxe se espera unha interpretación da vida preta desde o punto de vista deles mesmos e os pretos de habilidade dramática teñen un traballo importante que facer. O mundo ten escoitado sempre ao poeta que descubre, *no seu* propio xeito, os seus sentimentos e pensamentos máis profundos, e o que siñifica ser preto no mundo moderno é unha revelación necesaria en poesía: o poeta preto ten que escribir de tal xeito que todo o que toque o seu libro, toque ao home que producíu a obra.

Este pequeno estudo é, máis que unha antoloxía breve, unha antoloxía brevísima. En realidade, a miña intención ten sido somente traer uns poucos exempros da mañífica obra dalguns dos numerosos poetas pretos de hoxe. Por outra parte, e relembrando que tamen hai prosistas, científicos e artistas, quixen axudar a desfacer un pouquiño a idea que achei sempre predominante na nosa terra, a idea de que o preto americán do século vinte é pouco máis que o escravo das plantacións do pasado; unha idea que, ao lembrar non somentes aos meus alumnos pretos na universidade senon aos meus colegas pretos do claustro de profesores, ten francamente unha incredibel e case cómica absurdidade.

MICAELA MISIEGO
New Brunswick



Ilustración del milagro de la Cantiga CLXXXIII según el Códice miniado existente en El Escorial

LA CIUDAD MOZARABE DE SANTA MARIA DE FARO Y EL MILAGRO DE LA CANTIGA CLXXXIII EN FUENTES ANTERIORES AL REY SABIO *

La antiquísima ciudad prerromana de Ossónoba, quizá de origen ibérico o fenicio, floreciente aún en la época cristiano-romana y visigótica, durante la dominación árabe pasó a llamarse comunmente Santa María de Occidente (Al-Gharb), para distinguirla de Santa María de Oriente (Al-Shark); esta última, conocida después por el nombre de la familia bereber de los Beni Razine, de cuyo patronímico se formó nuestra actual Santa María de Albarracín. Del mismo modo Santa María de Ossónoba o Santa María de Algarve, en el siglo XI, bajo el dominio de Ibn Harun, tomó el sobrenombre de este príncipe, origen del actual nombre de Faro. Esta derivación, explicada por David Lopes, está atestiguada también históricamente, como veremos, en fuentes inglesas y frisonas de finales del siglo XII y comienzos del XIII.

No es nuestro propósito entrar aquí en el tan debatido tema acerca de la exacta situación de Ossónoba. Las escasas y vagas noticias de los antiguos geógrafos e historiadores no nos permitirán nunca resolver los problemas de localización de manera contundente y satisfactoria. Schulten afirma que después de los hallazgos de las piedras grabadas con el nombre de Ossónoba realizados en las ruinas romanas de Milreu, junto a Estoi, a nueve kilómetros y medio de Faro, el emplazamiento de la ciudad romana en dicha localidad puede considerarse asegurado [1]. Kurth, basándose en la *Cosmographia* del anónimo de Ravena, escrita según ciertas características idiomáticas en los primeros decenios del siglo VIII, y en la que se recogen predominantemente materiales transmitidos en fuentes tardías de la antigüedad hoy desaparecidas, cree que "Statio Sacra", mencionada por el Ravenata a continuación de "Balsa" (Tavira) y antes de Ossónova, "es sin duda el puerto marítimo de la capital romana de Ossónoba, la cual estaba situada más al interior, a la orilla del mismo río [el río Seco], cerca de la actual Estoi". Y agrega: "Después de la destrucción de Ossónoba parece haber ganado en importancia Statio sacra = S. María = Faro" [2]. El P. Flórez, que conoció a su vez esta descripción de la Tierra, sacada en parte del ejemplo cartográfico del siglo IV, del que procede también la única copia llegada hasta nosotros, la llamada *Tabula Peutingeriana,* da otra localización: nos dice que el "Ravenate... no miró a la Topographia sino a la mención de los pueblos, cuyos

---

* El autor agradece a la *Deustsche Forschungsgemeinschaft* la ayuda económica recibida para realizar éste y otros estudios en preparación sobre relaciones y contactos recíprocos entre España y Alemania en el siglo XIII.

nombres constaban por los Escritores antiguos, a quienes epilogó siguiendo el orden que mejor le pareció, unas veces por inmediación, otras por territorio: y así lo vemos en el caso presente: pues la *Statio Sacra* no estaba entre Balsa y Ossónoba, sino al occidente de Ossónoba, entre ésta y el Sacro Promontorio. de quien le vino el nombre"[3]. Como se ve, el P. Flórez identifica "Statio sacra" con Sagres, lo cual es muy verosímil. Sin embargo, aun admitiendo que la "Stacio sacra" respondiera a un topónimo distinto de Sagres (la alquería de Xaqrix cerca del mar a 18 millas de Lagos, según el Edrisí, o el "Capud Sacis", del derrotero frisón de 1217), resulta muy aventurado indentificarla, como hace Kurth, con Santa María de Faro, quedando ésta, según la opinión más admitida, como equivalente o sustituto nominal de Ossónoba, aunque haya que reconocer, por otra parte, que con la denominación "sacra" podría pensarse en un santuario pagano de naturaleza marítima o litoral, que, una vez cristianizado, pudo motivar y favorecer más tarde el comienzo y desarrollo del culto mariánico en este lugar. Hemos traído aquí la mención del anónimo de Ravena, porque se trata de un postrer testimonio geográfico de la antigüedad, escrito por los mismos años en que se produjo la invasión árabe de la Península, hecho que originó profundos cambios y alteraciones en la toponimia de nuestro país[4]. De todas maneras, la aceptación de "Stacio sacra" en los alrededores de Ossónoba, ya fuera como puerto marítimo de esta ciudad (sobre el que se edificaría más tarde Santa María), ya fuera como estacionamiento romano, en otro lugar más o menos próximo, ello no significa, como cree Kurth, que Santa María suplantara totalmente a Ossónoba, ni antes ni después de la invasión árabe, pues en la época visigoda como sede episcopal se la conoce tan sólo por el nombre de Ossónoba, y con la invasión no fue destruida, sino ocupada; y su mención como distrito o como ciudad, o como ambas cosas indistintamente, se encuentra de sobra documentada en las fuentes árabes, desde el siglo IX hasta el siglo XVI o XVII, como ha demostrado cumplidamente el arabista lusitano Domingos Garcia Domingues en el último de sus trabajos sobre el Algarve, publicado en los "Anales del Municipio de Faro"[5].

Garcia Domingues, partidario de la tesis sustentada ya por Leite de Vasconcelos, Lyster Franco y Abel Viana, acerca de la plena identificación de Ossónoba y Santa María de Faro, aduce muchas citas de fuentes árabes en este sentido. He aquí algunas de las más contundentes. En el siglo XI Aludri, copiado por Iacute (siglo XII) y por Cazuini (siglo XIII), escribe: "Santa María es una ciudad antigua del Andalus. El sentido del término Santa María, en la lengua de los cristianos es el de la ciudad de María". Y comenta Garcia Domingues: "Notemos desde já, que o autor diz que Santa Maria é uma cidade antiga, o que convém perfeitamente, para a hipótese de ela ser o nome novo de Ossónoba. Se Santa María fosse una cidade surgida de novo, mesmo ao lado de Ossónova, não se podería dizer que ela era uma cidade antiga" (p. 191); en el siglo XIII, el historiador Ibne Idari, en su *Bayan Al-Mugrib*, cuando habla de la revuelta de los Becre, dice que tuvo lugar en Santa María, pero cuando se refiere a la campaña de Abderramán III Adáquil contra Cálafre ben Becre, dice que marchó contra la ciudad de Ossónoba y que acampó junto a ella. "Este facto revela que Ibne Idári tende a identificar Ossónoba com Santa María" (p. 225); en el siglo XIII

Ibne Alabar, en el libro *Al-Hullat al-Siyara,* hace la misma identificación diciendo que Santa María es el puerto de Ossónoba ("marsa Ukxunuba"). "Este 'o porto de Ossónoba' é interpretável como a zona portuária de Ossónoba ou a cidade portuária de Ossónoba... Interpretarmos a expressão como 'o porto que serve a cidade de Ossónoba' sería imaginar Ossónoba nos arredores da actual Faro o que só conviria para Estoi ou para a área da Faro actual exterior a velha cidade muralhada, o que a Arqueologia não confirma" (p. 225). Si bien había restringido poco antes (p. 223), desde el mismo punto de vista arqueológico, que aun cuando todo parece indicar que Faro es la sucesora de Ossónoba, a través de Santa María, las inscripciones y la referencia a un sacerdote de Ossónoba que figura en una lápida encontrada en Faro, "se o indicam não o provam de uma forma absolutamente segura". La traducción que hace Garcia Domingues del pasaje de Ibne Alabar es algo distinta de la que da David Lopes, que se inclina por la diferenciación de Ossónoba y Santa María: "Ossonoba não parece ser a mesma povoação a que os arabes chamaran Santa Maria, por quanto Ibne Alabar nos diz que esta era o porto d'aquela, mas as inscripções latinas que teem sido encontradas nas muralhas de Faro provam que não devia ser longe" (p. 73 de la obra cit. en la nota [10]).

La pervivencia de los dos nombres, Ossónoba y Santa María, para designar la misma ciudad, la explica Garcia Domingues partiendo de una doble tradición culta y popular. Mientras para el pueblo el nombre de Santa María era ya familiar desde el siglo IX, entre la clase culta, fiel a la tradición romano-cristiano-visigótica, sigue conservándose el de Ossónoba; pero a partir del siglo X la denominación popular se impuso para todos, aun cuando los eruditos siguieran empleando todavía hasta mucho más tarde el nombre antiguo. En el siglo XI la mayor parte de los escritores ya no hablan de Ossónoba, sino de Santa María. Pero el hecho insólito de que una ciudad tan importante y de tan antiguo abolengo como Ossónoba perdiera su nombre para adoptar el de Sta. María en plena dominación árabe, requiere una explicación, aun cuando sea muy difícil hoy para nosotros reconstruir la situación y circunstancias que hicieron posible tal acontecimiento. ¿Qué nos dicen los arabistas acerca del pasado árabe o mozárabe de Santa María? Oigamos a uno de los más representativos, a Lévi-Provençal:

"Al sur de Portugal, dos vasallos de Ibn Marwan el Gallego han podido crearse sendos e importantes feudos; Abd al-Malik ben Abi-l-Chavad, en Beja y Mértola, y Bakr ben Iahya ben Bakr, en Santa María de Algarve... El padre de este último principillo andaba sublevado desde finales del reinado de Muhammed I [852-886]. Era nieto de un cristiano del Algarve, llamado Zadulfo. Su sucesor Iahya, que se precia de imitar al "rey" de Sevilla, Ibrahim ben Hachchad, fortifica su ciudad, la rodea de murallas con puertas cuyas hojas están revestidas de placas de hierro, y tiene, como un verdadero potentado, secretarios, consejeros, generales y una verdadera administración de hacienda. Liberal y acogedor, obliga a sus súbditos a que den hospitalidad a los viajeros que pasan por sus tierras. Santa María, donde hay una iglesia famosa, toma aires

Zorréguelles nas pernas. Bulirán axiña. Mais... ¿Cómo estaba o bosco?...

A VELLA

¿E cómo había estare?

MAXIMINO

¿Había moitos arbres?...

A VELLA

¡Boh! ¿E logo qué había de habere?

MAXIMINO

¿Estaban as follas nos arbres?...

A VELLA

¡Boh! ¡Boh!¡As follas nos arbres!

MAXIMINO

¿Estaban logo polo chan?...

A VELLA

¿Pero qué é o que argalla? ¡Follas en xaneiro! Craro, ao pe do lume non se sinte a friaxe...

MAXIMINO

Eu somentes pergunto...

A VELLA

I eu retrúcolle.

MAXIMINO

O lume é pra mín o que a iauga pra os peixes.

A VELLA

¡Nin que fora un gato! E inda os gatos saen dar unha voltiña de cando en cando...

MAXIMINO

Non é ise o meu caso... ¿Entón, somentes hai ramallas no bosco polo chan?

A VELLA

E máis dista lama que traio nas zocas.

MAXIMINO

¿E..., un pouco máis aló..., tras dos arbres... veu algunha cousa nova?

A VELLA

¡Boh, boh, hom! ¡Unha cousa nova! O de sempre.

MAXIMINO

¿O de sempre?... ¿Qué é o de sempre?...

A VELLA

Unha parexa acoubada nos felgos.

MAXIMINO

¡Craro, iso é o de sempre! Mais... o que hoxe veu ¿seguro que era unha parexa?... ¿Non sería?... Mais... é o mesmo.

A VELLA

¡Pro home de Deus! ¿Qué é o que ha de haber no bosco?

MAXIMINO

Non sei, somentes... ¿Ollóu pra o balado?

A VELLA

Vostede cree que non hai outra cousa que ollar pra todas partes... Cada ún vai ao seu.

MAXIMINO

Sí, é certo. Cada ún vive gandido polo seu lindeiro, e non olla máis aló da súa gadaña rolante...

A VELLA

¿Qué é o que dí?

MAXIMINO

Si nos detemos un intre, i erguemos a cachola, ouvimos un reló que non esistía denantes.

A VELLA

¿Qué pasa co reló? ¿Non funciona?

MAXIMINO

¿Escóitao miña vella?

A VELLA

¿Paróuse?

MAXIMINO

Non, máis ben o que lle ocurre... é o contrario. ¡Eu nunca o vin deterse!

A VELLA

¿E cómo ha de parare? Diso encárgase o tío Xacinto, o reloxeiro.

MAXIMINO

Moi velliño vai. Xa non pode cos pes. Un día o reló pararáse e il non virá a darlle corda...

A vella érguese e fitao torva.

A VELLA

¡Entón daralle corda vostede, folgazán!

MAXIMINO

Coma nun arreguizo, bulreante

¿Eu?... ¿Eu?... ¿Por qué tiña de ser eu?...

A VELLA

Porque xa é tempo de que faga algo, lacazán.

MAXIMINO

¿Seique o estarse quedo sempre, non é un gran traballo?

A VELLA

Elle, ho. ¡Abofé!

MAXIMINO

Eu non lle teño tempo de vagar...

A VELLA

Pois o que é, dende que está eiquí, non lle vin mover unha palla.

MAXIMINO

Todo o tempo o preciso pra afiar a miña espada.

A VELLA

¡Boh, boh! ¿Seique ten ganas de contos? Vostede estaría millor no manicomio.

Entra Hortensia

HORTENSIA

¿Qué é o que dí miña nai? ¿Por qué aldraxa ao señorito? El é un turista... Mentras pague dispón de todo como de seu...

A VELLA

Rosmando

O que non sei é de onde lle veñen os cartos. ¡Recoiro!

Vaise a vella

HORTENSIA

Tratando de ganarse a simpatía de Maximino.

Miña nai non sabe o que dí...

MAXIMINO

Tampouco eu sei ben o que me digo... Ela ao menos camiña polo chan, vai e ven ao bosco. Alcende iste lume.

HORTENSIA

E vostede, ¿por quén non sai?

MAXIMINO

Non podo.

HORTENSIA

Pois lixeiro está dabondo que eu ben o vexo de mañanciña, cando ninguén o olla, brincar e dar zapatetas no ár.

MAXIMINO

Son figuracións.

HORTENSIA

¿Por qué acanea os pes no outo ca cachola no chan?
Loito contra o tempo. Afío a miña espada.

Hortensia fitao como a un tolo

HORTENSIA

Ás vegadas penso ca miña nai... Eu nunca lle vin a espada, ¿e por qué dí que afía nela? ¿Para loitar con alguén?

Pescudando.

¡Xa coido! A vostede persígueno.

MAXIMINO

Iso mesmo.

HORTENSIA

¿Quén é o que o persigue?

MAXIMINO

¡O Dragón!

HORTENSIA

¿O Dragón? Iso é cousa de contos. I eu, inda que lle son unha probe aldeá, non deixaréi que se ría de mín.

MAXIMINO

¿E por qué non? A risa é boa cousa.

Ri.

HORTENSIA

Somente pra engaiolar...

MAXIMINO

Sereo

Non estóu falando dun conto. Vai de veras.

HORTENSIA

Solermeira

¿Qué é o que vai de veras?

MAXIMINO

O do Dragón.

HORTENSIA

¡Dalle! ¿Vostede cree que eu non sei o que é un Dragón?

MAXIMINO

¿E qué é, pois?

HORTENSIA

Un animal fantástico que bota fogo pola boca.

MAXIMINO

Iso mesmo é.

HORTENSIA

Mais..., somentes nos contos hai dragós. Vostede dí unha cousa por outra...

MAXIMINO

Non digo tal.

HORTENSIA

Entón..., vostede tolea ou soña...

MAXIMINO

O estar en demasía desperto é coma un sono. O estar en demasía cordo éche un alevamento...

HORTENSIA

Non hai dragós, señor.

MAXIMINO

Hai tal.

HORTENSIA

¿Onde os hai? ¿A vere?

MAXIMINO

Xa cho diréi ao seu tempo. Pacencia.

HORTENSIA

¿Vostede víuno?

MAXIMINO

Aspro e nun arrepío

¡Vino!

HORTENSIA

Arteira

¿Na aldea?

MAXIMINO

Na aldea.

HORTENSIA

¿Cántos ollos tiña?

MAXIMINO

Tantos como podes contar en todos os veciños.

HORTENSIA

¿É máis grande que o lobo?

MAXIMINO

Pensatibre

Máis grande.

HORTENSIA

¿Máis grande que ista casa?

MAXIMINO

Idem

Máis grande.

HORTENSIA

Novamente arteira

¿Máis grande que o penedo de Seibo?

MAXIMINO

Maior.

HORTENSIA

¡Non pode sere!

MAXIMINO

¡Pois é!

HORTENSIA

¡Non pode sere! Veríamolo todos.

MAXIMINO

Verédelo cando se vos amose. Cando veña enriba de nós. ¿Viches tí a terra enteira?

HORTENSIA

¿E logo ónde se esconde?

MAXIMINO

En calqueira parte.

HORTENSIA

Con mofa

¿Ónde é iso?

MAXIMINO

En ningures.

HORTENSIA

Entón vostede mismo dí que non o hai.

MAXIMINO

Haino.

HORTENSIA

A non ser que sexa unha adiviñanza...

MAXIMINO

Non é tal, é unha realidade.

HORTENSIA

¿Cómo ten as unllas?

MAXIMINO

Afeitás a fremosa carne... Por elas decatámonos de que temos o corpo...

HORTENSIA

Garatuxeira.

¿Por qué dí fremosa?

MAXIMINO

Porque a teño de diante...

HORTENSIA

Bulreante

¡Vóume! ¡Non sexa vostede o Dragón!

MAXIMINO

¿Tes medo que bote lume pola boca? Mais... ¿cómo había de loitar conmigo mesmo?

HORTENSIA

Ao mellor sonlle os malos pensamentos os que lle adimitan ao Dragón...

MAXIMINO

Entón tí que os fas nacer, ¿quén eres? ¿A súa nai?

HORTENSIA

Alporizada

¡Qué cousas dí! ¡Vóume!...

MAXIMINO

¿Deixaríasme soio co Dragón?

HORTENSIA

Entón é certo que vostede fala dos seus pensamentos godalleiros. Vóume e morrerá o Dragón.

MAXIMINO

Non tal. Encabritaráse. Na soedade medra.

HORTENSIA

¿E quén lle manda estar sempre soio e quedo?

MAXIMINO

Teño de afiar na miña espada.

HORTENSIA

Pensa matalo.

MAXIMINO

Iso é.

HORTENSIA

¿E cómo fará pra iso? Si non é máis cun pensamento...

MAXIMINO

Coma un pensamento que se botara a camiñar... e saciara a sua fame engulindo concencias...

HORTENSIA

¡Ai, non sei o que dí! ¿E que há de facer?

MAXIMINO

O que faréi. Sair ao seu encontro.

HORTENSIA

Inxenuamente surprendida

¡Non fará tal!

MAXIMINO

Bulrón

A non ser..., a non ser... que podamos matalo entre os dous con un bico...

HORTENSIA

Decatándose da bulra.

¿Un bico?

Retranqueira

¡Ai iso sí que non, que din que os bicos fan resucitar os mortos!... Pola contra, podería despertar do seu sono...

MAXIMINO

Non penses. Estache sempre desperto. Nunca durme.

HORTENSIA

¡Quen non durme é vostede! ¡Si durmira mellor lle fora!...

MAXIMINO

Eu coma il tampouco podo durmir. Il atura axexando dende as tebras...

HORTENSIA

¡Na miña vida si vin un tolo semellante!

Sae Hortensia

Maximino soio, como falando co lume

MAXIMINO

Pensan que estó tolo. E o que pasa é que ún ten que pensar por todos. É moito o traballo que botei enriba dos meus lombos. E menos mal que non rompín o espiñazo...

Ri.

Cala e vólvese pensatibre mentras olla fixamente o fogo coma un visionario.
Pra sí, sin afastar a ollada do fogo.

Vexo ao Mestre vir falando co Crego polo campo da Feira. Tamén sigo vendo o cadavre no balado do bosco... Eiquí chegan. Vou á miña invisibilidade.

Métese na armadura. Iste artiluxio escénico pódese conquerir adoitando a mitade dunha armadura, ou situándoa encostada á parede nun torno xiratorio.

Entran o Crego e máis o Mestre.

O MESTRE

A terra que mercóu hoxe o Indalecio é a que ia arrendar Manoel, ¿Qué pensa disto?

O CREGO

Penso que é un oportunista.

O MESTRE

Sempre pisa forte alí onde o outro vai asomar a testa. Non o deixa alentar.

O CREGO

E ben o necesitaba, porque a súa situación non é nada boa.

O MESTRE

Teño entendido que dende que é seu o muíño, deixóu ao Manoel case sin auga prá o rego.

O CREGO

Sí, e íste, que non lle fala, non lle pide de prestado ren. É un home teimoso si os hai.

O MESTRE

Pois non sei o que ha de facere. Na súa casa entróu a fame, e íl non pode facerlle frente ao Indalecio, ten que se decatare, Vanno embargar.

O CREGO

Eu sempre o vexo encollido na súa xenreira.

O MESTRE

E non se pode facer ren. O Indalecio ten dereito a mercar aquelo que lle venden.

Iste home non ten boas intencións. O outro día botéille un responso. Pero pra min que é dos que escoitan, calan, e logo fan o que lles prace. ¿Sabe o que me respondéu o Indalecio do diaño? Que ía mandar facere un campanario novo. E de seguida foise.

O MESTRE

Será pra que se escoiten mellor as bateladas no enterro do probe Manoel.

O CREGO

Non sei si terá tempo de sentilas. Iste é dos que pensan que todo home ten un precio... E non lle nego a tentación de que as campás se escoiten de máis lonxe...; sempre tiven este sono... Iste sinvergonza é dos que poñen unha vela a Deus e outra ao diaño... Pro entre Deus e o Diaño, está o crego de Laredo pra escadrillalo.

O MESTRE

Xa o Alcalde, inda que é bon amigo seu, púxolle unha multa por botar as vacas a pastra no prado do probe Manoel. Facíao somentes pra amolalo.

O CREGO

Buscaréille as voltas xa... O que non comprendo é cómo pode estar sempre dentro da lei.

O MESTRE

Retranqueiro.

¿Non será máis ben que a lei está sempre da súa banda?...

O CREGO

Esmorrillado

Non sei... non sei. Non comprendo isto.

O MESTRE

¿E agora que fala do Alcalde, lembróulle o da máquina de escribire?

O CREGO

Sí, non tardará en chegar á escola. ¿E os rapaces, adeprenden? ¿Cómo vai o Xanciño de Castro?

O MESTRE

Coma sempre. É un dos primeiros.

O CREGO

Iste rapás é un raio. ¡Ten unha man pra os traballos! ¡Mire que aquela roca que fixo pequeniña!

O MESTRE

Foi a ademiración da inspeitora. Xa logo voulle mandar que me faga novos pupitres...

Rin.

O CREGO

Nove... ¿Dez anos ten?

O MESTRE

Dez.

O CREGO

Dende longo, o pobo está contento con vostede. Hai outros mestres que fora mellor que tiveran a escola clausurada. Eu ademiro a súa vocación.

O MESTRE

Gústame iste traballo.

O CREGO

¡Home! ¿E qué é do Maximino? ¿Sigue tan tolo como sempre?

O MESTRE

Eu xa non sei si é tolo ou é que se fai. A non ser que o facerse o tolo sexa xa unha certificación de alevamento. Ás vegadas dí unhas cousas que fan arrepiar... Son como verdades que estiveran aínda por descubrirse...

O CREGO

¿E non será o Don Quixote resucitado?

Rí.

O MESTRE

E quén sabe.

Rí.

Por certo... que ise Dragón de que sempre fala... Mais eu non lle coñezo ningunha Dulcinea...

Rí.

Por máis que... ao mellor non anda moi descamiñado. Agora lémbrome daquelas zapatetas de Don Quixote no bosco de Serra Morena... ¿Non sería a leitura diste libro o que o volvéu tolo?... Pois eu véxolle facer ás vegadas zapatetas... E non está manco de inxenio. O outro día ganóulle unha aposta a Ciprián decindo que íl podía como un Atlas co mundo nos seus lombos.

O CREGO

¡Qué parveirada!

O MESTRE

Pois ganóulle a aposta...

O CREGO

¿Qué me dí? Non entendo.

O MESTRE

Ganóulle a aposta porque decía verdade.

O CREGO

¿Tamén vostede troulea?

O MESTRE

Tumbóuse no chan tan longo é. Logo comenzóu pouquiño a

pouco a erguer os pes dereitiños axudándose cos brazos acodados no chan e sostivo o corpo enteiro enriba das costas somentes. *Diste xeito demostróu que íl podía "co mundo nos seus lombos"...*

O CREGO

¡Home, non deixa de ter inxenio a xolda!

O MESTRE

E máis... isa armadura...

O CREGO

Sí, poidera sere... Mais eu encontro eiquí certos simbolismos que non teñen que ver con ren do que nosoutros coñecemos... ¿Por qué dí que se mete na armadura?

O MESTRE

Somentes dí que é o seu estado larvario.

O CREGO

¡Recontra! ¿O seu estado larvario?... ¿Entón sei que pensa sufrir unha metamorfose?

O MESTRE

Retranqueiro.

Quizaves pensa que lle poden nacer azas como ás avelaiñas... Pero máis ben penso nesa aititude do neno que pecha os ollos pra non ser visto.

O CREGO

Sí, o alevemento din que é unha especie de recaída na infancia ...Por certo que de rapaz xa tiña as súas manías. Tudo o tempo matinaba en tesouros acochados.

O MESTRE

Pois foinos atopar na América.

O CREGO

¿É certo que descubréu petróleo nas terras que lle mercóu seu tío?

O MESTRE

Tan certo como os cartos que lle chegan dende aló.

O CREGO

¡Vaites, vaites co tolo!

O MESTRE

Il dí que coñece mellor que ninguén o que gardan as entranas da terra. Non sei si se trata dunha desas adiviñanzas súas ou é que de certo é un radiestesista.

O CREGO

Si fora así non estaría sempre ao pe do lume. Dende a mañan á noite andaría viaxando.

O MESTRE

Hoxe somentes matina nunha cousa: o Dragón.

O CREGO

Niso sí que se ve a tolería.

O MESTRE

Teño entendido que os paranoicos razoan agás cando se trata dun tema. Il créese perseguido, e como non sabe a quen botarlle a culpa... ¡velahí, bótalla a ise dragón fabuloso!... Vostede xa sabe...

O CREGO

...Máis vale así que non que lle dera por emprendela a paus con todos nós.

Rí.

O MESTRE

Endebén, craro que iste Dragón parece ter un senso encoberto... É o símbolo non sei de qué... ¿Vostede entende?

O CREGO

¿E será o Dragón quizaves o que non lle deixa vir a dar unha voltiña pola misa?...

O MESTRE

Eu non o vin saír da casa pra nada. Iste non é dos tolos que buscan o movimento perpetuo, senón a imovilidade contínua.

Rí.

O CREGO

Iso é porque matina o día enteiro. A armadura renacentista que trouxo con il debe ter algunha relación cos seus íntimos pensamentos...

O MESTRE

Métese nela, dí, pra se defender do mundo...

O CREGO

¿Non digo? ¿Pero qué é o que percura?

O MESTRE

Polo visto, defontrar ao mesmo Dragón.

Están a rir cando Maximino se lles aparece súpetamente.

MAXIMINO

Certamente, sí. Faréille frente ao Dragón.

O Mestre e o Crego fican surprendidos.

O MESTRE

Axuiciado.

Iso estábamos a xuzgar.

O CREGO

Xa... xa... temos ouvido. Sí, dise Dragón. ¿Cómo se chama?

MAXIMINO

O Pior.

O CREGO

¡Ah!... O Pior é tamén o Diaño.

MAXIMINO

Cada ún dalle un nome diferente. Pero somentes eu o coñezo ben. Sintoo arroutar á mesma hora en que vostede fai a súa pesada dixestión.

O MESTRE

Circunspeito

Entón non é un monstruo coma outros... craro...

MAXIMINO

Cada ún de nos préstalle realidade á sua figura medoñenta. Por exempro, enseñando verdades nas que nós mesmos non creemos.

O Crego e máis o Mestre fítanse de reollo.

Emporiso ninguén sabe ben onde ten o Dragón a súa cova.

O CREGO

Matreiro

Entón o Dragón representa as forzas do mal, ¿non é así?

MAXIMINO

Máis ben o Dragón é representado por nós... que somos enlevados no seu bafio. Eu non digo que o Dragón sexa esto ou

aquelo. Iso sería decir demasiado ou non decir ren. Eu digo somentes que o Dragón é.

Agora o Mestre e o Crego óllanse pasmados.

O CREGO

E sendo así. ¿Por qué señáis podería recoñecerse?

MAXIMINO

Por todos e por ningunha. Hainas que sabere interpretare. Unha pedra que cae, un vento súpeto, o reló que se para. Un asesinato, unhas verbas trucadas... Todo iso pode amostrar a súa prosimidade...

O MESTRE

Pero logo... nós non saberemos nunca cando chega...

MAXIMINO

Saberán. Coñecerán o seu terror, tremarán de pes a cabeza.

O CREGO

¿Vostede non estará falando de algunha figura do Apocalipsis?

MAXIMINO

Eu falo por min mesmo e non polos libros. Falo de feitos, de indicios, non de ditos.

O CREGO

¿E cál é a súa mantenza, si se pode saber?

MAXIMINO

É un devorador de homes. Engúleos. Ten sempre a sua ollada cravada no home.

O CREGO

¿E dende onde o fita?

MAXIMINO

Dende os ollos de todos.

Entra Hortensia e todos vólvense pra ollala aparvados.

HORTENSIA

Roxa

¿E logo qué é o que ollan en min? ¿Fixen algún mal acaso? ¿non se pode vir de recoller a roupa...?

O CREGO

¿ E quén lle pide contas, miña filla?

HORTENSIA

Non teño por qué dalas tampouco. ¿Qué estaban falando de min?

O MESTRE

¿Pero quén falaba de tí rapaza? ¿Por qué habíamos de falare, porque veñas de recoller a roupa?...

HORTENSIA

Sí... Xa... ¿Porque veño de recoller a roupa, non?... Señor Mestre eu non lle son das que recollen a roupa, ¿sabe?... Así que peche a boca, que non está ben a caloña en quen ten de enseñare aos inocentes.

O MESTRE

¿Pero rapaza..., quén dixo...? Eu quixen decire somentes...

HORTENSIA

Xa... Xa... Eu quixen decire... Eu quixen decire... E así se dí todo o que se quere decire...

O CREGO

¡Rapaza, estás alporizada!

HORTENSIA

¡Craro, como veño de recoller a roupa!... ¡De recachala que é o mesmo!...

O CREGO

¿Pero qué é o que tes? Contigo non se pode falar dende fai algún tempo...

HORTENSIA

Iso mesmo digo eu dos veciños. Todas son murmuracións... Mais si fora a falar ún dos demáis...

O CREGO

¡Quén che fai caso! Bueno, voume. ¡Queden todos na paz de Deus!

O MESTRE

Así sea, señor crego. Ate mañán. Eu tamén vou traballar un pouco.

Sae o Crego pola porta e o Mestre rube ao sobrado.

HORTENSIA

Pra sí.

¡Na paz de Deus!... ¡Eiquí xa non hai paz nin Deus! Somentes... unha rubideza nas meixelas cando falo con iles.

MAXIMINO

¡É unha amostra!

HORTENSIA

¿Vostede que ten que decir de min?

MAXIMINO

De tí non, digo dos outros... Na túa rubideza están as mans luxadas de todo o pobo...

HORTENSIA

Encruecida

¿Qué é o que dí?

MAXIMINO

E tras disas mans... está o Dragón.

HORTENSIA

¡Malfadado! Vostede non pensa máis que no dragón e o demáis tenlle sin coidado... ¡Eiquí acabamos todos tolos! ¡Malia ista vida perra!

A Vella, entrando.

A VELLA

Non, il ben se fai o tolo. Pro cando non se poida ocultar o que levas contigo, xa veremos...

HORTENSIA

¿Qué dí, miña nai?... ¡Il non ten nada que ver nisto!

A VELLA

Eu digo que os fillos non os trai a cigoña, iso é todo. ¿Queres facerme parva? ¿Crees que non oín cómo che pedía un bico?

HORTENSIA

¡Miña nai! ¿Tamén vostede? ¡Niste pobo non hai piedade! ¿Meu fillo o fillo dun tolo?

A VELLA

¡Non, que foi un vento!...

HORTENSIA

¡Teréi de calar!

A VELLA

¿Entón preñaches cos cheiros da primaveira?

HORTENSIA

¡Miña nai! ¡Miña nai! ¡Non llo podo decir! ¡Maldita sea!

A VELLA

Xa. Non me digas máis. ¿Quén non ten unha hora tola? O caso é que non teñas un fillo tolo tamén...

HORTENSIA

¡Miña nai, non pense así de mín, da súa filla! ¡Un día llo direi todo!

A VELLA

Craro, cando non se traballa algo hai que facere... Por iso non se move da casa... ¿E pra qué si eiquí ten... o que quere? ¡Corno co xívaro argalleiro! ¡Túzaro de home!

HORTENSIA

¡Cale, cale, miña nai! Iste home non me fixo mal. Ninguén forzóu a miña vountade. ¡Eu teño noivo...!

A VELLA

Aloleada

¡Pois non sei ónde!... ¡Ti dirás, que eu non cho vin!...

HORTENSIA

Nin o verá, miña nai, aínda...

A VELLA

¿Tí quéresme engadar a min?

HORTENSIA

¡Miña nai! ¡Xa eu lle sufro moito! ¡Somentes lle pido que teña fe en min!... Un día llo diréi todo!

A VELLA

Eu traballo duro, sabes. Non vivo de rentas nin teño un tío na Habana como ise que ahí tes...

HORTENSIA

Non sexa cruel ca sua filla...

A VELLA

O que sinto somentes é que o teu fillo teña por pai un tolo...

MAXIMINO

Que permanecéu impervio deica iste intre.

¡Tolo, pero con cartos!

A VELLA

¡Tolo, tolo de remate!

MAXIMINO

¡Pero con cartos!

A VELLA

¿Inda ten algo que decire?

MAXIMINO

¡Digo que os cartos sonlle a mellor mediciña para curar toda crase de desditas! Abren as portas e fan calar ás xentes!

HORTENSIA

¡Pero miña nai, eu non teño nada que ver con iste home!

MAXIMINO

¡Pro iste home sí ten que ver contigo! ¿Non é así miña vella?

HORTENSIA

¿Cómo?...

A VELLA

¡Vaites co cabaleiro! Recoiro, todos son godalleiros!

Sae a vella. Hortensia quédase ollando ao Maximino.

MAXIMINO

¡Pero que dí vostede! ¿Por qué fala dise xeito?

MAXIMINO

Non falo por falar, non. Sei o que me digo.

HORTENSIA

¡Agora sí que non dudo da súa tolería!...

MAXIMINO

¿E cómo podería ser cordo? De todos modos botaríanme a min a culpa...

Hortensia rompe a chorar escondendo o rosto nas mans.

Ate mañán Hortensia. Tí eres a noiva do vento, i eu son o noivo dunha estrela...

Maximino vaise rubindo a escaleira. De alí a un intre, chaman quedo na porta.

HORTENSIA

¿Quén é...?

Non contesta i entón escoita na mesma porta perguntando baixo.

¿Eres tí Guillermo?

GUILLERMO

Abre, son eu.

Hortensia abre con medo e pecha deseguida en canto entra Guillermo.

GUILLERMO

Baixo

¿Fóronse todos?

HORTENSIA

Estóu soia.

Danse unha aperta e un bico

Cada día teño máis medo. As xentes sospeitan. Non podemos seguir ocultando o noso amor.

GUILLERMO

Temos de facer algo. Hai que xustificalo sexa como sexa. Si non, o Mestre terá toda a razón. Prenderános a todos. E logo xa sabes. Todo se acabará.

HORTENSIA

Teño moito medo.

Apértase nil

GUILLERMO

Tiña razón o Mestre cando decía que o amor non é boa cousa pra un guerrilleiro.

HORTENSIA

Xa non poido máis. Paresce que todos falan de min.

GUILLERMO

¿De quén sospeitan?

HORTENSIA

Eu creo que do Maximino. Como sempre está na casa..., e ten cartos...

GUILLERMO

¿Do tolo? ¿Porque tí dixeches que estaba tolo, non?

HORTENSIA

Eu xa non sei... Ás vegadas paresce ter xuicio... Agora mismo, diante da miña nai que enculpaba, fixose pasar polo pai...

GUILLERMO

Celobre

¡Increíble! ¿Polo pai, dices?...

HORTENSIA

Pero eu non creo que sexa tan tolo como para creelo íl mesmo. ¿Por qué crees que pode pensar iso?

GUILLERMO

¿E pregúntasmo a min? ¿Fíxoche requerimentos?

HORTENSIA

¿Tí aldráxasme tamén?

GUILLERMO

¿Sei que todas as verbas te inritan? Eu perguntaba somentes pra sabere...

HORTENSIA

Chantada

¿Pra sabere qué?...

GUILLERMO

...Como está tolo...

HORTENSIA

Sí, pero tolo e todo respetóume sempre máis ca tí.

GUILLERMO

¿Cómo se lle metería isa idea na cabeza?

HORTENSIA

Xa che dixen que foi ao enculparme a miña nai diante dil...

GUILLERMO

...E dís que o pobo tamén fala...

HORTENSIA

Iso creo...

GUILLERMO

Dempois de o meditare

Entón, Hortensia, il pode salvar as nosas vidas...

HORTENSIA

Encoriscada

¿Qué dis?...

GUILLERMO

Ou nos matan a todos ou terás que decir que il é o seu pai... ¿Daste conta?

HORTENSIA

Embravexada

¡Meu fillo o fillo dun tolo! ¿E teréi que decilo eu mesma pra que todos os veciños sigan ríndose de min?... ¿E tí eres quen me pides iso? ¿Tí, o seu propio pai?...

GUILLERMO

Temos de sacrificarnos. ¿Tí queres que nos maten? ¡Dí!

HORTENSIA

¡Xa estóu farta de sacrificios! ¡Tí aborreces o noso amor!

GUILLERMO

Bravo, con carraxe

¡Cala xa!

HORTENSIA

Fora de sí

¡Non calaréi, non! ¡Oiránme todos!

GUILLERMO

Tapándolle a boca cas mans e loitando con ila.

Xúroche que te mato si non calas!...

Permanecen un intre diste xeito mentras Hortensia chora e, pouco a pouco vaise calmando. Logo sóltaa e quedan os dous calados e decaídos.

HORTENSIA

Pranxideira

Tí non me queres...

GUILLERMO

Pasándolle a man polos cabelos

Tí ben sabes que nunca te abandonaréi...

HORTENSIA

¿É preciso?... ¡Non podo! ¡Non podo decir iso!

GUILLERMO

Recoñece que non temos outra saída.

HORTENSIA

Ademáis ise home non ten culpa dos nosos estravíos.

GUILLERMO

Tampouco nós temos a culpa da situación na que nos encontramos. Haberá que seguir a loita hastra o fin. Si algún día rematáse, entón berraráslle a verdade a todo o mundo...

HORTENSIA

¿Despois de decir que íl é o seu pai?

GUILLERMO

Si non morro denantes, o pobo teráme por un héroi. Os meus compañeiros coñecen a verdade. Hoxe, Hortensia todos temos que vivir soterrados. Xa ves, eu, fuxindo dos cans como unha alimaña..., e son un home honrado. Cada día vexo caír a meu carón un compañeiro que deixóu o seu fogar, muller e fillos, por loitar pola mesma idea... Non podemos traicioalos. Hai que mintir.

HORTENSIA

Magoada

¿E si il o nega?

GUILLERMO

Non lle creerán. Creeránte a tí e máis á túa nai.

HORTENSIA

Chorando outra vez

¡Isto é o que fas de min! ¡Malditas sexan as túas ideas e a nai que te deu! ¡todos sodes unhos bandoleiros! ¡Ogallá nos maten a todos dunha vez!

MAXIMINO

¡Cala, cala, muller! ¡Ti ben ves a miña anguria! Tiñas de ter á morte seguíndoche decote as pegadas...

HORTENSIA

¡A morte téñoa xa na casa!

Vese baixar ao Mestre polas escaleiras, silandeiro

GUILLERMO

Xa chega o Mestre. Mañán falaremos, muller. Isto non ha durar sempre...

Fai intención de bicala pero ila fuxe chorosa e rube ao sobrado

O MESTRE

Sañudo

¿Qué lle pasa?

GUILLERMO

Nada.

O MESTRE

Ta chorando.

GUILLERMO

Xa sabes... Imos ter un fillo.

O MESTRE

¡Un fillo! ¿Sabes ben o que é iso, supoño?

GUILLERMO

É unha fatalidade.

O MESTRE

Non tardarán en decatarse de todo. ¿Qué pensas facer?

GUILLERMO

Primeiro penséi...

O MESTRE

¿Nun aborto? Iso sería case máis perigoso. Daría máis sospeitas...

GUILLERMO

Teremos que culpar ao Maximino de isto...

O MESTRE

¡Pero iso é tremendo!

GUILLERMO

¡Por forza ten que sere!

O MESTRE

¿E cómo van creelo?

GUILLERMO

Daranlle fe a ila e máis á súa nai. E como il é un tolo... inda que o negue...

O MESTRE

Iso é unha canallada.

GUILLERMO

¡Cala, non me fales tí tamén así! ¡Máis teño de sufrilo eu que ninguén!

O MESTRE

Falaremos disto. Teño noticias. Según me dixo o Crego, mañan darán unha batida ao monte Fusco.

Tira do seu peto un plano.

Vós concentrádesvos a atacades en Mier e nas eiras. Manda ao Néstor de correo. Martiño, Paulos, Xulián e Xorxe irán á Fonte Vella, é preciso que minen a ponte. Que non fallen.

GUILLERMO

Eu mesmo levaréi o parte ao Rabelo. De alí partiréi pra Uxal. O sábado pola noite estaréi de volta.

O MESTRE

¿Fixéchedes estalar o transformador de Boaco?

GUILLERMO

Quedóu desfeito.

O MESTRE

Non perdas tempo. Son as dúas. Ás seis da mañán partides pra Mier. ¿Cómo andades de munición?

GUILLERMO

Fixemos novas provisións.

O MESTRE

Parte logo. Ate o sábado.

Guillermo sae sin facer ruido pola porta. O Mestre quédase escoitando un intre tras dela, e logo rube canso as escaleiras mentras descende o pano mainamente.

CADRO SEGUNDO

A misma escea devanceira. Cando se ergue o pano, non hai ninguén na cociña. Entran de xolda, tres gamberros.

HOME 1.º

¡Ouh! Que soio che está todo esto. Máis que cociña paresce sacristía.

HOME 2.º

Sei que ti sabes distinguire unha cousa da outra.

HOME 3.º

Si inda fora unha adega de viño, entón sí que a recoñecería.

HOME 1.º

¡Cala tí, monaguillo! Eiquí hai gato pechado. ¿Por qué tanto silencio? O silencio dame ganas de berrar.

Berrando.

¡Ooooooo!...

HOME 3.º

Mesmo paresce unha besta.

HOME 2.º

Faslle un gran favor ca comparanza.

HOME 3.º

O silencio é bon pra meditare. Os astronautas precisan moito silencio.

HOME 2.º

E máis os namorados. ¿Ónde están, van de viaxe de mel?

HOME 3.º

¿Ónde ha de ire un aluarado senón de viaxe de lúa? Pra iso é ademáis astronauta. Eu fai tempo que a vin a ela xa de carto crecente...

HOME 2.º

Fisgando

Pais xa pasóu de lúa chea... que xa veu a cigoña a facer o seu niño na chimenea... Mirade pra dentro da chimenea...

HOME 1.º

Eu vexo o ceo, pero ningunha cigoña...

HOME 2.º

Se non digo..., tiña que cagarche na nariz e inda non a verías.

HOME 1.º

¡Ah! ¡Istes pañáis dis!... É que coma tí tes tan boa lingua pra os veciños...

HOME 2.º

¡Mirade onde viñemos dar co niño!

HOME 3.º

A probe non o podía desemular, inda que o desemulaba o que podía.

HOME 3.º

Eu creín que engordaba porque todos os días comía xamón.

HOME 2.º

Estóu vendo ao astronauta na boda botando un discurso.

HOME 1.º

E pra outra cousa non sirve.

HOME 2.º

Eso dís tí...

Ensina os pañáis.

¿E logo isto?

Escóitase un ruido na armadura, cáseque ao tempo que o reló dá unhas poucas bateladas.

HOME 1.º

¡Silencio! ¿Non ouvíchedes? O astronauta está no seu corpo de ferro.

HOME 2.º

¡Quererás decir no seu estuche!

HOME 3.º

Creín que se estroncaba cas campanadas. ¡Recoiro, xa empeza a poñerme medo! Paresce que non hai ninguén, e de súpeto ahí o tedes...

HOME 2.º

¡Asús, isto non é un home que é un langostiño!

HOME 1.º

Petando na armadura.

¡Ei, ei ¿Quén está ahí?

HOME 2.º

Iste é dos que dan a calada por resposta. Non lle teño moita fe.

HOME 1.º

Ten que estare ahí.

HOME 2.º

Mais é coma si non estivera.

HOME 3.º

Non, é que non lle fumos presentados.

HOME 1.º

Testán.

¡Ei, ei, ei!...

Petando

¡O de dentro!...

HOME 2.º

¿E vestirá ise traxe pra escorrentar as moscas?

HOME 3.º

Non señas chocalleiro. ¿Viches tí moscas tan lañas coma nós? O que pasa é que ten vocación de momio.

HOME 2.º

Ou é que non ten agallas pra contestare.

HOME 1.º

Petando inda na armadura

¡Ei, ei!... ¡O de dentro!...

MAXIMINO

O de dentro estavos falando dende fora.

Todos se volven pra a porta onde se oéu a súa voz, e chéganse

a ila con medo. Trátase dun efeito de ventriloquia que se pode lograr axeitando micrófonos nos lugares asinados.

Pero... ¿non falóu dende a porta?

HOME 2.º

Fisgando tras da porta

Ten que estar eiquí.

MAXIMINO

A curiosidade, pódese pagar ca morte que é a cousa máis curiosa do mundo.

Os tres, pasmados, fitan pra o ventano onde ista vegada se escoitóu a voz. Vanse ao ventano coma sonámbulos.

HOME 1.º

Sí, sí, foi no ventano.

MAXIMINO

Si queredes ver ao astronauta védeo baixar dende o ceo.

Agora achéganse medoñentos ao interior da chimenea de onde veu a voz. De súpeto cae unha pedra do outo que os fai tornar.

HOME 1.º

¡Recoiro, que nos está tomando o cabelo!

HOME 2.º

Si che cae na cachola non te vexo máis.

HOME 3.º

Pero... ¿cómo caéu?...

HOME 2.º

Do ceo non pudo ser.

HOME 3.º

¡Fuche tí ao encostarte no pau do forno!

HOME 1.º

¿Eu?... Pois si fun eu non me din de conta...

HOME 3.º

¡Pois vaste dar de conta pola conta que che ten! ¡Non me gustan estas chanzas!

HOME 1.º

¡Oe, oe..., que a mín tí non me amolas!

HOME 2.º

¡Móllalle a orella que iste é un caguiñas!

HOME 1.º

¡Sóltame as solapas que vas levar un sopapo!

HOME 3.º

¡Si me cae na cachola esnáfrote! ¡Mátote como a un can!

HOME 1.º

¡Tí que has de matar, si inda non matas unha chinche sin o permiso da túa muller!

HOME 3.º

Acaneando ao outro.

¿Qué dixeches da miña dona?

MAXIMINO

¡Non vos peleedes por tan pouca cousa ho! ¡Non val a pena!

Os tres fican pasmados ollando pra a armadura onde ista vegada sonóu a voz.

HOME 2.º

Estase rindo de nós.

MAXIMINO

Falade máis perto que non vos oio ben.

HOME 1.º *Volvendo á xolda*

¡E logo sei que queres pedirnos conta dos nosos pecados!

Póñense os tres arredor da armadura

MAXIMINO

Hai moitas maneiras de pecar.

HOME 1.º

Rindo e asinando os pañáis.

Xa, xa... non digas máis.

HOME 2.º

¿Oídes? ¿Quererá decir que se pode pecar tamén ca armadura posta?

MAXIMINO

O que é livián pra uns, pra outros é un pesado fardo.

HOME 2.º

¿Vedes? Quere decir que sí se pode.

Rin

HOME 3.º

Polo visto non hai ferro pra se defender do amor.

MAXIMINO

Niso dices verdade. O amor, a morte e a espada son unha mesma cousa.

Os tres miranse medoñentos.

HOME 3.º

Bueno, bueno, ¡hom!... Eu non quixen decir tanto...

HOME 1.º

Matinando unha nova bulra.

¿Oes? Din que os namorados teñen o paso lixeiro... Amóstranos a túa andadura...

MAXIMINO

Non teño gana.

HOME 1.º

¡Vaites! ¡Vaites! Eu o que creo é que te equivocaches de xastre... Iste traxe non o tes mui amañado...

HOME 2.º

Fixéronllo un día en que soñóu que estaba loitando co dragón...

HOME 1.º

¡Uns pasiños somentes, ho! Xa non che pedimos que bailes a muiñeira.

MAXIMINO

¡Dixen que non andaréi, e non daréi unha soa pegada!

HOME 1.º

Axudado polos outros.

¡Entón nos te poñeremos a andare!

HOME 2.º

¡Uf! ¡Isto non hai quen o mova!

HOME 3.º

Está cravado no chan.

HOME 2.º

Éche que as antiguallas sonche moi pesadas.

Fan un novo intento.

MAXIMINO

Digovos que me deixedes en paz.

HOME 1.º

¡Camiña, ho, camiña!

HOME 2.º

¡Nin que fóramos a levalo ao patíbulo!

Todos arrempuxan. Nun intre, a armadura cae enriba de un. Os outros dous fuxen espavoridos, mentras o caído baixo a armadura, berra de dor. Os fuxitivos amóstranse novamente pola porta abraiados, e vese baixar polas escaleiras a Maximino, sereo.

MAXIMINO

¿Non vos dixen que andábades mal de ouvido?

Chégase á armadura e érguea sin esforzo. O preso fuxe correndo tras dos outros, mentras o Maximino, chantado i esculcando algunha cousa invisibre dí pra sí.

O medo fai gravecer as cousas...

Séntase na lareira a xogar co lume. Canta ou recita pra sí distraído.

Niste lume hai una velliña vella
que vai e ven ao bosco,
que vai e ven, que ven e vai ao bosco.
¿Están as follas nos carballos?
¡Non tal! ¿Por qué han de estare?
E pois xa ten o neno dos seus ollos,
¿qué o que olla polo bosco?
E vai e ven, e ven e vai, e ven, e ven e ven e vai...

Mentras recita, caen de cando en cando do outo da chimenea pedras ao seu carón, sin que il se decate. Escóitase unha voz dende fora que dí .

VOZ DE FORA

¡Ah da casa! ¿Pódese?

Maximino sigue recitando distraído.

O poder éche unha cousa extrana,
éche unha extrana cousa.
Pecha unha vida unha verba
como unha pesada lousa
Unha bágoa, una tixela
brilan no fondo da Historia.

O Crego aparesce pola porta.

O CREGO

¿Pódese ou non se pode?

MAXIMINO

Acordando

Según do que se trate, señor Crego. Eu non son ningún césar.

O CREGO

Entrando

Decía si se podía pasare. Preguntaba si había alguén...

MAXIMINO

Os mortos e os ausentes non se contan. Si lle chega ca miña presencia en troques...

O CREGO

Precísamente viña a falare contigo...

MAXIMINO

Pois séntese.

O CREGO

Non. Somentes veño a decirche que... Boeno... ¿Por ónde hei de empezare?...

MAXIMINO

Por onde máis lle pete.

Entra Hortensia co rosto compunxido e teimosa.

O CREGO

Precisamente dela se trata...

MAXIMINO

De súpeto, o pobo espantóu o seu fastío, xa ten de qué falare.

O CREGO

Por iso veño...

MAXIMINO

Pois diga, logo...

O CREGO

Eu... a verdade... Teño que velar pola decencia dos veciños... É a miña misión... Cada quen ten a súa misión niste mundo...

MAXIMINO

Conveñamos niso.

O CREGO

A Hortensia, con pulo.

Tí xa sabes..., muller... As xentes son marmuladoras... A verdade é que eu non entendo moito distas cousas... Non sei ben o que pasa... ¿Por qué falan? Pro dalles por falare e falare.

MAXIMINO

¡E mala cousa é que empecen!...

O CREGO

I eu non son dos que sempre recomenda resiñación.

HORTENSIA

Arroutadamente

Señor cura, ¡As xentes din que eu teño un fillo, i eu voulle a mostralo!

O CREGO

Indiñado

¡Ignominia! ¡Baixeza! Isto sí que era o que me faltaba por ver nista terra! Malfadada muller! Mirade a xuiña!...¡Godalleira lipiosa! ¿Tí qué fixeche?... ¿Por qué non falaches denantes?... ¡Desaxeixada! ¿Qué o que tes no miolo? ¿Vas facer disto un bordel? ¡Estache ben o que che pasa! ¡Aldraxar ao ceo éche un gran pecado!

MAXIMINO

Pois o froito do pecado, señor Crego, non pode ser máis pequeniño. ¡Pequeniño si os hai!

Móstralle o neno que trae Hortensia

O CREGO

Trocando o carraxe pola tenrura

¡Nembargantes!... É un pequeniño ben feitiño, abofé! ...

Arteiro

¡Malpocado!... Si ao menos tivera pai...

MAXIMINO

¿E como non ha de telo?...

O CREGO

Por ahí dise... fálase... Boeno, Hortensia... ¿tí que dis, coitadiña?...

MAXIMINO

¿Non lle alcontra un parecido?...

O CREGO

¿Un parecido?... ¿Pero, entón..., é certo?...

MAXIMINO

Os fillos son fillos do deseio... ¿Non é así, meu crego?...

Pra sí.

Niso ao menos todos temos un parecido.

O CREGO

Entestecendo novamente o rosto

Entón...

MAXIMINO

A vida ten a raís no deseio... I eu sentín na miña carne o deseio, un intre, coma si fora un raio polo corpo. Velahí tedes...

O CREGO

De novo encoraxinado.

¡Fillos do pecado! ¡Noxentos! ¡Todos fillos do pecado!

MAXIMINO

Tamén os pais somos fillos... non o esquenza.

O CREGO

¡Sí, máis denantes somos fillos de Deus! Iso sí que é o primeiro.

Arteiro e tenro.

¡Boeno! ¡Ao menos iste neno bonitiño ten un pai!

Hortensia e Maximino fítanse sorridentes. Hortensia vai falare pro Maximino adiántaselle.

HORTENSIA

Pero...

MAXIMINO

É coma un deus pequeniño. ¡Síntome como o pai da vida!

O CREGO

¡Herexe! ¡Archiherexe!... Arrenégote, demo! ¿Tí queres darme a morte nista casa?

MAXIMINO

Non, eu non quero tratos ca morte. Iso déixoo pra outros.

O CREGO

¡Pois entón bautízao! ¡Arrenegado! ¡Tolo do diaño! Bautízao si non queres que a morte se meta na ialma diste inocente!

MAXIMINO

¿Quén se nega? ¡Craro, que o bauticen! Pagaréi o viño, as tortas e máis os pratos rotos... Que sexa festa pra todos...

O CREGO

Xa calmo

Non... si tí non estás tolo... ¡A tí vou a ter que botarche un sermón ben feitiño calquer día!...

MAXIMINO

Co neno no colo.

¡Aaaah!... ¡Ajú!! Ajujú!... ¿Ve meu crego? A min enténdeme por que eu sei falarlle no seu idioma...

Hortensia e máis o Crego rinse.

O CREGO

Está tolo de remate!

HORTENSIA

Colléndolle o neno a Maximino.

¡Aaaajú! ¡Ajú! ¡Olla pra o teu pai, meu filliño!...

Hortensia e Maximino fítanse e bótanse a rir.

O CREGO

Entón non esperedes máis. Hai que facer calar as língoas. Ista mesma serán levádelo ao rexistro. Mañán pola mañán o bautizo... E..., queda dito todo... Boas tardes.

Sae o Crego.

HORTENSIA

¿Por qué o fixeches?

MAXIMINO

Rindo.

¿O qué? ¿O neno?... ¡Qué pregunta!

HORTENSIA

¡Tí sabes que non eres o seu pai! ¡Que non podes selo!

MAXIMINO

¿E cómo hei de sabelo? Seu pai non pode ser outro máis que eu...

HORTENSIA

Mais... ¡eu creín que ti finxías coma min!... Entón é certo que estás tolo!... ¡Ai de min! ¿Cándo me tocaches?

MAXIMINO

Foi coma en soños...

HORTENSIA

Dos soños non nacen os fillos. ¡Cándo, cándo, di!

MAXIMINO

Nacen, nacen tal... Xa o estás vendo...

Ri.

HORTENSIA

Eu creín que sabías algo... Que o facías por axudarnos a calar o nome que non poido decire...

MAXIMINO

Todas as sospeitas caen enriba de min. As de túa nai, as do Crego, as do pobo..., a miña propia...

HORTENSIA

¡Deus meu! ¿Pro qué dis?

MAXIMINO

¿E cómo non hei de sospeitar de min mesmo, cando todos sospeitan de min? Si é certo que estóu tolo, non pode ser que todos me leven a contra sin ter razón...

HORTENSIA

Espavorida.

¡Deus meu! ¡Sinto no corazón a friaxe da morte!

MAXIMINO

Eu tiven o deseio de ter un fillo... De que a vida perdurase... A vida non é outra cousa que ista vountade... Os fillos son sempre fillos do deseo...

HORTENSIA

Mentras, sae chorando.

¡Ai meu fillo malpocado, ten un pai tolo! Pobre filliño meu!...

MAXIMINO

Sí, a vida atura ¡Atura aínda que che pese!... ¡Alcéndete lume!

O lume medra de súpeto. Continúa a falar con un invisible.

¡É unha boa xogada! ¡Velaí, eu non sei o que é iso, o medo! ¡Sairéi ao teu encontro e fendereiche o corazón! ¡Xa sei que tí tamén agardas acochado nas tebras!

Decotío caen pedras do interior da chimenea mentras Maximino quenta as mans no fogo e sigue falando pra sí.

¡Qué lume máis feiticeiro fai ista vella!

Ollando pra o interior da chimenea agora.

¡Ruxe! ¡Ruxe!... ¡Ameaza!...

Entra a vella cas mans nos cabelos berrando.

A VELLA

¡Un home morto no balado! ¡Válame Deus! ¡Vino eu mesma cos meus propios ollos!

MAXIMINO

¿De certo?... ¿No balado, dis? ¡¿Fíxáte ben?! ¿Había moitos arbres, moitos ao seu redor?

A VELLA

¡Non podía afastar os ollos dil! ¡Un morto alí soio, antre os arbres! ¡Parescía cousa doutro mundo! ¡Non lle daba creto aos meus ollos!

MAXIMINO

¿Tiña unha fenda no pescozo? ¿Estaban as follas nos arbres?

A VELLA

¡Ai meu dor! ¡Estaba branco coma a cera baixo as follas do verde noviño!

MAXIMINO

¡Logo tí ollaches dista vez pra o balado!... E... ¿máis aló dos arbres?... ¿Non ollaches máis aló dos arbres?...

A VELLA

¡Nin quixen ver xa máis! ¡Á cor do sangue fuxín espavorida!

MAXIMINO

¿Mais tí sabes quén era, non? Tí sábelo... sabes tamén que ise cor do sangue...

A VELLA

¡Malpocado! ¡Era o dono do muiño, Indalecio! ¡Tantas terras como ía mercando! ¡O que son as envexas!...

MAXIMINO

¡E detrás dos arbres, dí! ¿Qué viches detrás dos arbres?...

A VELLA

Eu non vin nada! ¡Eu non sei nada! ¡Non quero que me tomen de testigo!...

MAXIMINO

¡Todos somos testigos! ¡Non escurras o bulto! ¡Testigos a pesar noso!

A VELLA

Somentes, en chegando eiquí, vin que levaban preso a Manuel. Din que cegóu ca carraxe da fame... fa como un desleixado antre os guardias.

MAXIMINO

¿Coma resprandores de sangue, dis?...

A VELLA

A fame non é boa conselleira... Ise home non o deixaba vivire... ¡Ai, ía tremando antre os guardias!

MAXIMINO

¡Un inocente! ... ¡Entre as follas o resprandor do sangue!... ¡Xa está perto de nós!...

Entra un veciño abraiado.

VECIÑO 1.º

¡Hortensia! ¡Hortensia!

Á vella.

¿Ónde está Hortensia?

A VELLA

¿Por qué berras diste xeito? ¿Qué lle queres?

VECIÑO 1.º

¡Ten que vir axiña!

Berrando

¡Hortensia!

Baixa Hortensia polas escaleiras aterrecida

HORTENSIA

¿Qué pasa?

VECIÑO 1.º

¡Hortensia! Prenderon ao Mestre e tamén ao teu home! ¡Fuxe! ¡Fuxe axiña pra o monte! ¡Eu te levo!

HORTENSIA

¿Que os prenderon, dis? ¡Ai, quén foi o canalla que falóu? ¡Ha de morrer ás miñas mans! ¿Ónde están?

VECIÑO 1.º

¡Hortensia, fuxamos! ¡Inda te podes salvar tí!

HORTENSIA

¿Quén foi? ¿Quén foi, che digo?

VECIÑO 1.º

Xa non importa. Non falará máis. Matouno Manuel ista tarde.

HORTENSIA

¿Foi entón o Indalecio?

VECIÑO 1.º

Matóuno no bosco.

HORTENSIA

Tiña que ser il... ¿Ónde os teñen?

VECIÑO 1.º

Non hai perda de tempo... ¡Fuxe! ¡Fuxe, axiña!

HORTENSIA

¿Non sabes ónde os teñen?

VECIÑO 1.º

¡Non me fagas falar, non hai tempo! ¡Xa non poden tardar en vir eiquí tamén!

HORTENSIA

Con carraxe.

¿Ónde os teñen, che digo?

VECIÑO 1.º

Esvecido.

Lévanos presos.

HORTENSIA

¿Pra ónde? ¿Qué lles van facer?

VECIÑO 1.º

Con esvío

Creo... que lles van tomar declaración...

HORTENSIA

¡Estás mentindo; ¿Por qué hei de fuxir?...

VECIÑO 1.º

Lévanos a carón do muro do cimenterio... Logo lembraránse de tí... Virán por tí...

HORTENSIA

¡Van a matalo!

VECIÑO 1.º

O pobo está enfervorecido...

Hortensia bótase fora berrando seguida polo veciño e a Vella. Escóitanse somentes as voces distes chamando por ila. Fica soio Maximino. O vento medra. O ritmo da caída das pedras acrecéntase pouco a pouco. Maximino érguese sin deixar de fitar o lume e logo olla pra o ceo da chimenea De seguida bótase dun salto estranamente áxil de enriba da lareira ao chan. Prántase fitando pra a porta i encomenza de súpeto unha frenética e fantástica loita que semella unha estrana danza, adimita unha liza cun poder invisibre. De novo párase de súpeto, e chégase ao muro do que tira unha espada agachada. Despóis vagorosamente vaise vistindo a armadura e queda chantado, perto do muro do fondo, rexo, cas mans afincadas na espada, fitando pra a porta. Ista ábrese de súpeto pola forza do vento e bátese soia un intre hastra que van chegando os veciños aterrecidos pola treboada.

Entran veciños 2.º e 3.º,

VECIÑO 2.º

¡É arrepiante!

VECIÑO 3.º

¡O ceo ten a cór do sangue!

VECIÑO 2.º

¡O trebón está enriba de nós! ¡Iste raio debéu de cair moi perto!

VECIÑO 3.º

¡É o asaño de Deus!

Socédense lóstregos i estrondos.

VECIÑO 2.º

¡É estrano que non se escoiten as campás!

VECIÑO 3.º

¡Xa o pobo está espavorido!

Forte estrondo e lixeiro tremor de terra.

VECIÑO 2.º

Repoñéndose

¿Qué foi iso?

VECIÑO 3.º

Non sei...

Ollando polo ventanó.

¡Todos fuxen e non saben pra ónde! Debéu ser un raio que caéu no campo.

Novo estrondo máis forte e novo tremor de terra.

VECIÑO 2.º

¡Caen pedras do teito!

Refúxanse os dous nun recuncho.

VECIÑO 4.º

Entrando alporizado.

¡A guerra! ¡Estalóu a guerra!

VECIÑO 2.º

¿Qué pasa?

VECIÑO 3.º

¿É un bombardeo?

VECIÑO 4.º

¡O bosco está en chamas! ¡O lume semella unha besta furiosa!

VECIÑO 3.º

¿Dixeches a guerra?

VECIÑO 4.º

Vin algunhas casas derrubadas polas bombas.

VECIÑO 3.º

¿De ónde ves tí?

VECIÑO 4.º

Do monte. Alí non hai quen pare.

VECIÑO 2.º

¿Pero non vedes que é unha forte treboada?

VECIÑO 4.º

¡A guerra! ¡Digovos que é a guerra! ¡Bombardean a aldea!

VECIÑO 3.º

Estamos atrapados! ¿Qué facemos?

VECIÑO 4.º

Non temos saída. Estamos collidos no fragor das bombas. ¡Preguemos a Deus!

VECIÑO 5.º

Entrando abraiado.

¡Fuxamos! ¡A terra abriráse baixo nós!

VECIÑO 3.º

¡É un terremoto!

VECIÑO 5.º

¡Non quedará pedra sobre pedra!

VECIÑO 2.º

¡Fuxamos pra o mare!

VECIÑO 5.º

¡Os barcos están afondados, desfeitos nas rochas! ¡As ondas semellan a gadoupa dun monstruo!

VECIÑO 3.º

¡Piedade!

Novo estrondo e tremor de terra máis forte.

VECIÑO 4.º

¡A guerra! ¡Dígovos que é a guerra!

VECIÑO 5.º

¡A terra! ¡É a terra que tembra! ¡Fuxamos denantes que se esfonde a casa!

Escóitase moi perto un fortísimo estrondo. Enlevados como por unha onda espansiva, caen todos ao chan cubertos de pedras e madeiros. Faise un súpeto silencio estrano e calmo. Somentes se escoitan laios queixosos e flebes.

MAXIMINO

Adiantando solene cara á porta aberta.

¡Eiquí estóu! Xa vou ao teu encontro.

O resprandor dos lóstregos dende a porta aberta fai tremelucir a armadura no fusco da estancia.

Pano lento

TOMAS BARROS
A Coruña

APUNTES PRA UN ESTUDIO DA POÉTICA DE LAMAS CARVAJAL *

O feito de que algúns poetas galegos do século XIX (Rosalía, Curros, Lamas Carvajal...) teñan atinguido unha audiencia popular amplia nun medio cultural conflictivo (outo índice de analfabetismo, reducción do galego a lingua coloquial, etc.), plantexa algúns problemas importantes non só á socioloxía da literatura, senón tamén, e de modo especial, á crítica literaria. Esto ten sido xa advertido, entre outros, por R. Carballo Calero, A. Iglesia Alvariño e Xesús Alonso Montero. Pra os dous primeiros, esta vulgarización, polo que se refire a Curros, esplicaríase dunha maneira formal: pola abundancia de procedimentos retóricos tales como a anáfora, a similicadencia e o retruécano, que forman parte da retórica popular, ou polo que Iglesia Alvariño califica de *simbolismo inverso* e *sublimación por humillamiento,* e Carballo Calero chama *imaxe hiperidealista* e *imaxe diminutiva,* é decir, ennoblecimento da realidade perante a súa idealización ou viceversa, o que achegaría a lingua poética de Curros ás formas da linguaxe familiar [1].

Xesús Alonso Montero [2], referíndose tamén a Curros, trata de esplicar o mesmo fenómeno ideolóxicamente, tomando pra elo o concepto sartreano do compromiso, pero sin precisar a súa estensión semántica, o cal o convirte en inoperante. Por outra parte, os estudios literarios que en certo xeito se poden considerar herdeiros da teoría sartrián van hoxe tan noutra direición (pénsese no concepto de "escritura" elaborado por

* Traballo premiado no concurso convocado pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela con motivo do "Día das Letras Galegas" de 1972.

[1] AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO: *Curros, poeta,* prólogo a *Curros Enríquez. Biografía,* de Celso Emilio Ferreiro, La Coruña, 1954. RICARDO CARBALLO CALERO: *Historia da literatura galega,* I, Vigo, 1963, pp. 384-387.

[2] JESÚS ALONSO MONTERO: *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega,* Madrid, 1968.

Jacques Derrida e logo desenrolado por Philippe Sollers e os membros da revista *Tel Quel*, que aplican o análisis marxista da economía política á literatura mediante a analoxía producto=obra literaria / capitalista=autor) que o só feito de seguir utilizando o que foi escrito en función dun tempo (a Francia da postguerra) e un espacio (as letras francesas) pra esplicar os problemas da literatura galega, semella, ademáis de anacrónico, *despistado*.

Pero si a crítica se ten ocupado ampliamente de Rosalía e Curros, non o ten feito ca mesma xenerosidade con Valentín Lamas Carvajal. Agás o prólogo que Eduardo Blanco Amor puxo ao frente da antoloxía que fixo da obra do poeta ourensán [3], un longo traballo publicado por Benito Varela Jácome en "Cuadernos de Estudios Gallegos" [4] e as páxinas que Carballo Calero lle adicóu na súa "Historia da Literatura Galega" [5], o resto de canto se leva escrito sobre il, incluso os artigos circunstanciáis da Pardo Bazán [6], carece de outro interés que non sexa o anecdótico ou biográfico. E salvo no caso de Carballo Calero, que alude á vulgarización de Lamas con estas palabras: "...polo que ten de humilde e de común (a visión da aldea que nos dá o poeta), axeitada pra espresar o sentir de moitas xentes que teñen matinado moitas veces e dito outras tantas, nos mesmos termos, agás o metro e a rima, o que Lamas escribíu. É mester ter isto en conta pra comprender a popularidade de que Lamas disfroitóu" [7], naide ten buscado unha esplicación específicamente literaria a un feito que ten máis relación cos problemas que se refiren á natureza e á función da obra poética, que á súa socioloxía.

A POESÍA COMO DESVÍO

Unha teoría literaria que nacéu vencellada á vangarda futurista das primeiras décadas do século e que máis tarde foi desenrolada e sistematizada polos formalistas rusos, define o estilo como un *desvío* ou *distanciamento* da linguaxe cotián. A iste respeito, un distes teóricos, Roman Jakobson, di que o lector móvese sempre nunha liña de espectación lóxica cuia ruptura orixina o que il chama *a defeated expectancy*, unha

---

[3] EDUARDO BLANCO AMOR: *Lamas Carvajal. Antoloxía*. B. Aires, 1950. 1950.

[4] BENITO VARELA JÁCOME: *La poesía de Lamas Carvajal*. "Cuadernos de Estudios Gallegos", XII, pp. 279-324.

[5] CARBALLO CALERO: ob. cit., pp. 396-405. Vid. tamén do mesmo autor *Valentín Lamas Carvajal*, en "Escolma de Poesías", Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña, 1972, pp. 65-68, sin duda as palabras máis asidadas dedicadas ao tema.

[6] EMILIA PARDO BAZÁN: *El olor de la tierra (Valentín Lamas Carvajal)*, en "De mi tierra", La Coruña, 1888, pp. 51-71; *Polémicas y estudios literarios*, "Obras completas", tomo IV.

[7] *Ob. cit.*, p. 403.

espera decepcioada ou sorpresa, na que consiste o estilo. Desta maneira ráchase o que os sicólogos denominan "automatismo da percepción" (ise automatismo que nos impide ver as paredes do cuarto que habitamos cada día, ou que torna escorregadizas as letras nas probas que correximos para a imprenta) pra ordear dunha maneira orixinal os elementos lingüísticos que forman a mensaxe. Esta orixinalidade, ou esta desviación, son as que convirten unha obra literaria en poesía, é decir, en linguaxe en función poética, como veremos máis adiante.

A FUNCIÓN POÉTICA NA OBRA DE LAMAS

Baixo iste punto de vista, a obra poética de Lamas está moito máis preto do que Roland Barthes [8] califica de "siño de trivialidade" que desa orixinalidade a que nos referimos nós. A distancia entre lingua cotián e lingua poética é mínima. Hai un achegamento costante ao mundo rural galego. Lamas constrúe a súa obra con material [9] de orixe esencialmente popular, o que esplica, ao noso modo de ver, tanto a súa popularidade como a natureza da súa poesía.

Nunha primeira lectura sorprende a ausencia de adxetivos (sexan predicativos ou atributivos), e nas mostras que atopamos, istes empréganse a un nivel de todo en todo normal: ou son adxetivos nos que a predicación pertece ás cualidás ou atributos do sustantivo, ou son adxetivos usuáis. Un estudio feito tanto a nivel fónico como semántico, ofrece os seguintes rasgos [10]:

1.º Nivel fónico.

a) Emprego abondante de formas dialectáis: *zuruxano, satenta, promeira, hespital, sacreto, nagocio, romaría, legría, marmullos, condanado, celebros, estauta, garabanzos, padricar, pormeto, somanas, porparada, mordomo, descurtesía, diutar, compremisos, roparar, imbo, soceder, crónecas, moustros, poéseco, sirvir.*

b) Preferencia polas rimas categoriáis.

Calquera que sexa o punto de vista que elixamos para a definición da frase, teremos que aceptar que no plano semántico caracterízase por ter un sentido completo, e no fónico por atoparse entre duas pausas. Iste paralelismo fono-semántico

---

[8] ROLAND BARTHES: *Ensayos críticos*, Barcelona, 1967, p. 15.

[9] Emprego o concepto de "material" no senso que o entenden René Wellek e Austin Warren: "Materials include elements formerly considered part of the content, and parts formerly considered formal". *Theory of Literature*, London, 1963 p. 141.

[10] Centramos o noso estudio sobre a obra *A musa das aldeas* (Orense, Imprenta de El Eco, 1909), que pensamos cumple co principio metodolóxico que aconsella que o *corpus* elexido pra o análisis sexa estenso e representativo

é propio da prosa, pero non da poesía que non só non o respeta (pénsese no encabalgamento, por exemplo) senón que trata de destruir o principio de compensación empregado por aquéla, que refuga a xuntanza de homónimos e homófonos dentro da mesma frase pra loitar contra a tendencia que leva a pensar nun parentesco de sentido sempre que se dá unha semellanza sonora. Agora ben, hai un tipo de rima que conserva iste paralelismo propio da prosa: é a rima categorial ou gramatical, que vencella a semellanza do sonido á semellanza do sentido [11].

Ésta é a forma preferida por Lamas. E dentro diste eido, outa pola máis doada: a de verbo con verbo, que pola súa riqueza morfolóxica convírtese no que os tratadistas de métrica chaman unha rima fácil. Así, no poema "Ei, boi, ei! [12] temos as seguintes rimas, algunhas das cales se repiten hasta tres e catro veces: *facer / saber / vender / levéi / sei / traguer / colleréi / manter / faréi / ten / morrer / remexer querer / ven / ser / temer / renxer / acabéi / meter / cheguéi.*

En "De corpo presente" [13]: *perde / pregue / queren / facerlle / leve / facéndose / berren / molesten / morredes / dispensen / contesten / poñerlle / erguerme / leve.*

No tiduado "Rezadeiro de rosarios [14]: *deitar / rezar / berraban / maliciaban, acabar / parolar, decía / debía, perguntar / rifar / rezar, viña / tiña, rezaba / paraba / cobizaba.*

E finalmente, no poema "¿El é leria, ou renxe a porta?" [15], atopamos: *amparar / casar, facer / toser / renxer, andar / estralar, finxir / dicir / dormir, prender / renxer, falar / pasar.*

2.º Nivel semántico.

a) Abundancia de subtantivos referentes a pe[illegible]s, animáis, cousas, procesos... presentes no mundo rural: *xugada, gando, bois, vacas, xubenca, toura, res, cortello, bácoros, porco, cerdo, cocho, matanza, xamós, perniles, lacón, cachucha, touciño, fígado, uñas, chourizos, rabo, unto, ovellas, cabras, cabirtos, años, cordeiro, galgo, cadelos, cas, cadelas, carranca, pitas, galiñas, galo, puleiro, albarda, ronzal, burro, macho, bestas, cobras, serpente, sapo, coello, lebres, grilo, zorro, ourizos, abesouros, paxaros, miñatos, reiseñol, pombas, gabilán,*

[11] Vid. JEAN COHEN: *Estructura del lenguaje poético*, Madrid, 1970 pp. 51-65.
[12] *A musa das aldeas*, Orense, 1909, p. 5.
[13] *Ob. cit.*, p. 37.
[14] *Ob. cit.*, p. 51.
[15] *Ob. cit.*, p. 69.

regueiro, lameiro, grau, espigas, centeo, millo, sega, malla, tulla, muiño, farelos, forno, pan, carballo, carballeira, ameneiros, leña, garabatos, foupas, ortigas, carqueixas, carpazos, toxos, vendima, mollos, viño, pipas, cepas, parral, uvas, vides, mosto, cubas, náparos, lagar, vica, leite, lambitas, rosquillas, fabas, garabanzos, manteiga, cebola, berzas, magosto, castiñeiro, castañas, romaría, feira, mordomos, aturuxos, gaita, punteiro, ronco, pote, sacho, queipo, coleiro, pendello, pía, lareira, solaina, corpiño, dengue, muradana, trasnos, bruxas, meigas, chuchonas, fadas, etcétera.

b) Emprego de formas verbáis en terceira persoa, o que é típico dos textos onde se dá un prodominio xerárquico da función referencial da linguaxe, tal como esplicamos a continuación:

Como é sabido, a función comunicativa, ou a ideación, como a chama Sapir, é a fundamental da linguaxe, pero ao lado desta función primaria, os lingüistas, dende Bühler pra aiquí, teñen sinalado unha serie de outras funcións, as secundarias, que derivan de outros tantos factores inalienables no proceso da comunicación verbal. Según o conocido esquema de Jakobson [16], temos o seguintes factores:

	Contexto	
	Mensaxe	
Emisor	Contacto	Destinatario
	Código	

e as súas correspondentes funcións:

	Referencial	
	Poética	
Emotiva	Fática	Conotativa
	Metalingüística	

O propio Jakobson di que "si nous distinguons ainsi six aspects fondamentaux dans le langage, il serait difficil de trouver des messages que rempliraient seulement une seule fonction. La diversité des messages réside non dans le monopole de l'une ou l'autre fonction, mais dans les différences de hiérarchie entre celles-ci". Según il, a poesía lírica, orientada cara a primeira persoa, vai xunguida á función emotiva, e o predominio da terceira persoa, característico da poesía épica, ten relación ca función referencial, é decir, coloca en primeiro plano o contexto (ou *referente*, na terminoloxía de outros lingüistas) e remite dun xeito imediato ao mundo circundante.

Esta primacía xerárquica do referencial era xa clara na abondancia de substantivos que denunciamos anteriormente,

[16] ROMAN JAKOBSON: *Essais de linguistique générale*, París 1970, pp. 214-220.

pero si a esto engadimos os resultados dun estudio estadístico feito sobre as formas verbáis, atopámonos diante da evidencia do fenómeno. De un total de 595 formas persoáis empregadas, 576 pertecen á terceira persoa.

Este vencellamento á realidade imediata que vimos advertindo, aparece tamén nas comparacións, onde o segundo termo está cáseque sempre tomado do mundo rural. O tangaraño anda a gatas *como as cobras no monte* [17]; os rapaces pasaban rindo *cal leda bandada de páxaros* [18]; o poeta foi noutrora forte *como un castiñeiro* [19]; as mozas van ao magosto *como cabirtos brincando* [20] e corrían *como os coellos* [21], mentras os mozos marchaban pousós *como bois* [22]; os traballos medran *como as ortigas nas leiras* [23].

CABO

Como vemos, a obra poética de Lamas Carvajal, tan pouco desviada, tan escasamente marcada por rasgos de impertinencia, ofrece ben poucas sorpresas. Máis que do distanciamento ao que aluden os formalistas rusos, teríamos que falar aiquí de prosimidade, de *achegamento* á comunidade cultural á que se dirixe. De ahí o segredo da súa vulgarización. I en íntima relación coil, o seu escaso interés literario. Nesta ausencia de sorpresa non hai demasiados elementos que podan decepcioar (decepcioar favorablemente, por suposto) a nosa espera, esa *defeated expectancy* de que falábamos no comenzo, senón que a única decepción que se produce é a oposta: a que nos coloca ante un enunciado estereotipado no que se multiplican mostras como esta: *daba noxo velo* [24], *berraba como un condanado* [25], *deitóuse tan longo como era* [26], *andar ás musarañas* [27], *estar en Babia* [28], *falando entre dentes* [29], *facéndose o bobo* [30], *atar mui ben os cabos* [31], *quedóuse sin branca* [32], *íbaselle o santo ó ceo* [33].

CARLOS CASARES
Ourense

---

17 *Ob. cit.*, p.4.
18 *Ob. cit.*, p. 3.
19 *Ob. cit.*, p. 19.
20 *Ob. cit.*, p. 33.
21 *Ob. cit.*, p. 33.
22 *Ob. cit.*, p. 33
23 *Ob. cit.*, p. 44
24 *Ob. cit.*, p. 3
25 *Ob. cit.*, p. 24.
26 *Ob. cit.*, p. 23.
27 *Ob. cit.*, p. 31.
28 *Ob. cit.*, p. 34.
29 *Ob. cit.*, p. 37.
30 *Ob. cit.*, p. 38.
31 *Ob. cit.*, p. 42.
32 *Ob. cit.*, p. 49.
33 *Ob. cit.*, p. 53.

LERIA CON DOMINGO GARCÍA-SABELL

Recentemente tiven ocasión de convivir varias horas con Domingo García-Sabell na Coruña. No decorrer destas horas, o diálogo foi tocando varios temas da realidade galega, especialmente da nosa realidade cultural. Nun certo intre xurdíu o tema do poeta Manoel-Antonio e, á vista da súa sorprendente obra inédita que García-Sabell nos vai dar a conocer, xurdiron tamén diversas preguntas relativas ao poeta e máis á obra. As respostas, por xuzgalas de interés para todos, dámolas a conocer en GRIAL.

—Para sorpresa de todolos amantes da poesía galega, a aparición do primeiro tomo da Obra Completa de Manoel Antonio inclúe, ademáis do "De catro a catro", xa conocido, catro libros inéditos. ¿A qué se debe esta súpeta regalía poética non sospeitada?

—Ista recuperación de un material poético tan abundante e tan valioso débese á miña condición de curador. Eu coñecín a Manoel-Antonio e sempre me parecéu un home de gran poder creador. Un home de forte, enérxico pulo poético que espallaba a cotío na conversa e na relación espritoal cos demáis. Coidaba en que seguramente tería escrito moito máis do que nós léramos no "De catro a catro" e en algúns poemas soltos. Entón, xa hai anos abondo, a nai do poeta, D.ª Purificación —D.ª Pura pra todos nós— adoeceu da vista e tivo necesidade de vir a Santiago a operarse. Quixo que eu a estudase e a preparase pra a intervención quirúrxica. Nos días que ela pasóu eiquí, en Santiago, nun Sanatorio, tiven vagar e sazón pra fallarlle do fillo, da entrañabel lembranza que os amigos conservábamos dele, da súa nobre figura humá e da estrañeza que sempre me producira a parvedade da obra. D.ª Pura díxome que Manoel-Antonio tiña escrito moitísimos poemas e que ela gardaba, na súa casa de Rianxo, un baúl ateigado de papeles con toda a producción do fillo. E que si eu os quería, non tiña incomenente algún en donarmos pra que os pubricase si merecían sere pubricados ou, en todo caso, pra que quedaran no meu poder. Entregóume a chave da casa, e alá me fun, un domingo, á vila rianxeira. Efeitivamente, alí estaba o baúl cheo de escritos, cartas, fotografías, libros, cadernos e notas. Arrampléi con todo pra Santiago. Cando me dispuxen a ordear aquele mundo de textos e documentos quedéi abraiado.

Alí estaban os catro libros de que fala V., en manuscritos coidadosamente redaitados, cos seus índices, as suas portadas e as súas redaicións definitivas. Tamén aparecéu o manuscrito orixinal do "De catro a catro" coa data esaita da súa elaboración. E os retrincos das prosas, as traduccións e, o máis sorprendente de todo, as cartas a ele dirixidas polos galeguistas de entón, por todos, dende Castelao a Risco, e dende Quintanilla aos Villar Ponte. E máis aínda: as copias das cartas dele mesmo a todos ises homes. Convén ter en conta que Manoel-Antonio foi un incansable e asíduo corresponsal que se escribía con todo o mundo. Imaxínese a miña ledicia e a miña eisaltación. Todo o que eu sabía por esperencia direita, e mesmo o que eu sospeitara sobor do poeta, todas as razóns polas que eu ademiraba radicalmente ao rianxeiro, aínda máis alá do "De catro a catro", alí estaban patentes, ouxetivadas, feitas realidade gozosa nuns papeles de homilde aparencia pro de esgrevio siñificado cultural.

Era, pois, certo. Manoel-Antonio tiña escrito con fartura —non esquezamos que morreu moi novo, aos vintenove anos— e que a súa obra estaba perfeitamente planeada deica os máis pequerrechos detalles.

Despóis o curmán do poeta, o xeneroso "Roxerius", tamén grande amigo meu ao que atendín na súa derradeira doenza, me suministróu novos datos i escritos. Pro, repito, a fartura viu daquela donación de D.ª Pura.

—¿A qué se debe que só fose conocida unha mínima parte da súa obra? ¿Quizáis a criterio selectivo do propio poeta?

Non foi o criterio seleitivo do poeta o que provocóu que non entregase ao púbrico máis que unha mínima parte da súa obra. Evidentemente, Manoel-Antonio tiña un criterio seleitivo moi riguroso, verdadeiramente terrible. Un criterio que Rafael Dieste nunha carta non dubida en calificar de "nihilista". Isto é certo. Pro tamén o é que sempre que puido dou ao prelo os poemas que xuzgaba viables. E mesmo tentóu de pubricar outro libro e non o conseguíu. (Xa se verá todo isto no volume da "Correspondencia"). O "De catro a catro" saíu gracias á boa vontade e á amplitude de criterio do editor Anxel Casal. Sempre, por aquelas datas, o problema era económico. A Editorial "Nós" —a de maior prestixio cultural— era moi probe. Imprentar 500 exemplares —as máisimas tiradas de entón— custaba máis de mil pesetas. Moitos cartos pra calisquer persoa de aqueles tempos, máisime pra un poeta que ganaba o pan traballando de mariñeiro. E logo se non vendían nin douscentos.

Que ele houbera pubricado máis, tamén o demostra o feito de conservar os manuscritos xa dispostos pra o prelo. O seu rigor "nihilista" consistía en destruir o que non lle parecía bó.

Un rigor que eu suscribo e que sería ben aconsellable a tantos versificadores masivos de hoxe en día.

Eisí, pois, o tomo que agora aparez editado por "Galaxia" pode decirse, sin o máis mínimo reparo, que abrangue todo o que o propio Manoel-Antonio desexaba ver en volume cando chegóu ao final da súa vida. ¿Houbera cambeado ista intención de vivir moitos máis anos? ¿Quén pode repostar con certeza a o que é, sinxelamente, un mero futurible? O feito é que se recuperóu toda unha obra de un rapaz que é unha das máisimas figuras líricas da Galicia moderna.

—Estes libros novos que agora se publican ¿alteran a imaxe poética de Manoel-Antonio que tiñamos ao traveso de "De catro a catro"?

—O Manoel-Antonio do "De catro a catro" é un poeta-mariñeiro que nos gasalla con unha creación lírica orixinal encol do mar vivido dende un barco de longa navegación. Xa sabemos, polas cartas, que iste libro non é o resultado de unha escolma previa sobor de poemas escritos ao longo dos anos. Ren diso. O "De catro a catro" foi escrito, esaitamente, entre 1926 e 1927, a bordo do pailebote "Constantino Candeira" e forma en sí mesmo unha unidade pecha. É, pois, o resultado dunha determinada situación vital. As variacións entre o texto orixinal e a edición primitiva —que ele chegóu a ver— son insiñificantes. Apenas un tídoo. E unha ben curiosa: o orde de colocación dos poemas. No manuscrito ten un, no libro, outro. Pro de ahí se non pasa.

Ora, os novos libros do poeta e os poemas soltos, que son moitos, van completando a figura do poeta no senso de facela máis complexa e máis fonda. Naturalmente que hai, no conxunto, unha unidade. Pro isa unidade non ven dada pola monotonía do tema, senon pola autenticidade da vibración emocional do autor. Trátase dunha autenticidade moi forte, moi radical. Trátase, nunha palabra, de obra poética dun lirismo total. Ateigado de orixinalidade e de intuicións xeniáis. O "De catro a catro" é un aspeito da faciana poética de Manoel-Antonio. O mar aparez e volta a aparecer noutros poemas. Pro, o bó xusgador verá que neles o seu protagonismo é de caste distinta. Por iso o volume aitual constituie a faciana completa —ca aldea, a vella cidade e a grande urbe— do poeta. Compre, coido eu, ver no noso Manoel-Antonio algo máis que o poeta do mar que é a imaxen tradicional e tópica do rianxeiro.

—A persoalidade poética de Manoel-Antonio é, en certo modo, un produto literario do seu tempo, mais, ¿ten forza interna para sobrepasar o seu tempo e acadar unha vixencia de perenne actualidade?

Domingo García-Sabell, visto por *Siro*

—Penso que a forza interna da obra de Manoel-Antonio acadará vixencia nistes tempos e aínda nos vindeiros. Polo mesmo que xa a acadóu o seu único libro deica agora coñecido. Poemas hai que hoxe fan tremecer á sensibilidade aitual, a calisquer sensibilidade non estragada polos programas estéticos ao uso. E, sobor de todo, hai acertos parciáis, achádegos literarios, valoracións da linguaxe poética —mesmo nas infruencias propias da época— que teñen asegurada a pervivencia. Endemáis, e sin cair na vulgaridade nin no prosaísmo, apálpase a traveso dista producción lírica, a súa radical participación nas angueiras profundas do home, nos dramas do próximo, no asoballo da eisistencia. "Camiño d'o Campo-Santo", ou "Responso", son hoxe tan vivos e tan nosos como o foron nos tempos de Manoel-Antonio. E iles nos dín cousas máis dramáticas e máis tremendas encol dos amantes ou dos mariñeiros que todalas soflamas imaxinables. Xusto porque ises poemas non son soflamas é polo que acadan forza e permanencia. A dinidade ética de Manoel-Antonio velahí está, rebuldeira e moza, nos inéditos. Nos bós e nos menos bós. A "forza interna" como V. dí, xurde da obra a favor da autenticidade, do rigor, da pureza e da modernidade —mesmo a pesares do modernismo.

—*Anúnciase un tomo de* Prosas e Traducións. *¿Quer esto decir que Manoel-Antonio, ademáis da poesía tamén cultivóu a prosa?*

—Manoel-Antonio cultivóu a prosa, ou mellor sería decir que escomenzóu a cultivar a prosa. Non é farturenta ista parte da súa producción. En troques é moi siñificativa. Siñificativa do seu pulo creador que o levaba a ensaiar todalas formas de espresión literaria. Siñificativa da súa arela por diñificar o idioma. Siñificativa da súa aititude curiosa dediante das novas formas creacionáis do seu tempo. Por iso fixo algunhas traduccións ao galego de textos europeos. E por iso esbozóu algún vocabulario —por exemplo, un de termos marítimos, moi interesante— e incruso fixo anotacións musicáis de alalás e muiñeiras por ele escoitadas.

—*Tamén se anuncia un tomo, o terceiro, de* Correspondencia *¿Qué importancia ten a correspondencia para definir a persoalidade humá de Manoel-Antonio?*

—A "Correspondencia" de Manoel-Antonio seméllame capital pra entender cabalmente o que foi *a humanidade* do poeta. Imaxínese que é un rapaz que dende a adolescencia xa se cartea con todas as figuras de importancia cultural de Galicia. Que con elas se aconsella, afirma, refuga, suxire, pide apoio a cotío. A traveso disa "Correspondencia" vamos vendo cómo un esprito noble e limpo vai cobrando concencia dos problemas de Galicia e vai logo suscitando solucións. Cómo reaiciona

frente a determinadas situacións conflictivas. Cómo se alporiza. Cómo turra dos indecisos. Cómo fai patriotismo de boa calidade, de honesta calidade. Cómo loita contra os tépedos e os aproveitados. Cómo da direicións realistas e ben matinadas. Cómo non dubida en perguntar cando é perciso perguntar —cando algo se iñora de todo— e cómo sabe colocarse na aititude do discipre frente ao escolante que pode aprenderlle cousas, etc., etc. E todo isto é levado a cabo con unha axilidade mental, con unha finura valorativa asombrosas. Nunha palabra, vemos a un home adicado a soerguer a súa terra con desinterés e con outura. Con un idealismo ausolutamente práitico e ren utópico. O que non deixa de sorprender nun poeta tan esquisito como ele. Iso por unha banda.

Pola outra, a "Correspondencia" constituie un testemuño esceicional e detallado de toda unha etapa da cultura galega e do movimento galeguista, sin cuio coñecimento o rexurdir aitual carece de dimensión histórica. Pensemos que no proceso de toma de concencia do pobo galego non abundan, nin moito menos, os datos de primeira man, direitos e sin adobos, do que os nosos devanceiros fixeron. E menos, se ises datos son elaborados por unha forte, enérxica, moral persoalidade. A "Correspondencia" de Manoel-Antonio é historia viva e revivida. A nosa historia.

Despois de escoitar istas precisións e de contemplar os manuscritos, as fotos e os dibuxos do noso gran poeta, o meu regreso ao Ferrol estivo dominado polo desexo de que Galaxia saque axiña o tomo de POESÍAS *de Manoel-Antonio.*

S I R O
Ferrol

EVOLUCIÓN Y REVOLUCIÓN EN ROMANCE, DE C. P. OTERO *

Pra darlle a coñecer ó autor coido que non podería facer millor que transcribirlles eiquí a presentación que sai na cuberta do libro do que imos falar: "Gallego de nación vino al mundo en 1930. Su enseñanza secundaria corrió parejas con la guerra y cuarentena de España, y sus cursos en *ciencias* político-económicas y derecho en la Universidad de Madrid no pudieron menos de nutrirse de guerra fría y caliente (Corea) y de sinrazón y propaganda al azul vivo. La era Espacial lo sorprendió en Berkeley, dándole vueltas a la Lingüística (entre otras cosas). Desde 1959 forma parte del Claustro de la Universidad de California en Los Angeles (UCLA). Es traductor y exégeta del gran lingüista y filósofo Noam Chomsky (*Aspectos de la teoría de la sintaxis*, Madrid: Aguilar 1970), y autor de ensayos de crítica histórica, literaria y de arte [...] y de una *Introducción a la*

Mais prós leitores de "Grial" Otero non é un descoñecido, pois no N.º 35 Xavier Carro fíxonos a presentación do seu libro *Introducción a la lingüística transformacional* publicado no 1970 —"que por unha chea de circunstancias tan alleas á Editorial como ao Autor" chegóu soamente neses intres a España— na que nos lembra que no número 5 de "Grial" xa se publicara un artículo dil (cf. "Grial" 35, 114, 1972).

A obra componse, *grosso modo*, dunha "Introducción" (que porpasa con moito as marxes dunha simple introducción), e da propia "Evolución y revolución en romance" con tres capítulos coma se dixéramos: 1: "Estadios evolucionales: sucesión y escisión", 2: "Consecuencias heurísticas", 3: "Conclusión". Ven logo un conxunto de mapas que nos amosan dunha maneira moi crara a situación cultural e histórica da Península dende a Edá do Bronce ios Castros galaicos. Pecha a obra o "Apéndice" cunha lista de *procesos* fonolóxicos.

O libro é no conxunto unha canteira xenial de documentos que poderán prestar moita axuda ós que se interesan pola lingüística histórica e en xeneral polos estudos do romance hispano ou polas linguas románicas.

Pero non apoñamos antes de xunguir, e vaiamos a modo e por partes. No primeiro apartado da "Introducción" (0.1 Letras y sonidos, 24-35) o autor danos o consello máis elemental e comprido que se pode dar a quen se tope cun libro de lingüística nas maus, ou seia de distinguir entre *letra* e *sonido*. De contado aproveita pra nos falar da "inconsecuencia" da ortografía con que ún se topa, *¡hélas!* a miudo.

Co tíduo de "Sonidos y fonones" (O.2, 33-44) Otero estudia as unidás mínimas da cadea da fala, os *fonós* ou *riscos distintivos fonolóxicos*, ios *sonidos* ou *fonemas* prós que están afeitos á ter-

* SEIX BARRAL. Barcelona, 1971.

minoloxía que se ven empregando nos derradeiros tempos. Craro que lendo *El estructuralismo prechomskiano* (Otero 1970, 17-21) podemos pensar que Otero topóu quizáis no "sonido" o sustituto ideal do "tan traído e levado fonema" polo que neste caso non habería que confundilos, inda que temo que o cambio afecte máis ben á forma có contido.

Sendo tanto o mexuxe non se deixará de remexelo pra darse conta que contra a conceución que erixíu a fonética en raíña veu outra que lle quitóu a coroa pra porlla á fonoloxía, e pra facer as paces entre as dúas veu unha terceira que bota man dunha ou da outra asegún lle conveña millor.

Cando o lingüista quer establecer a lista dos *fonós* ou riscos distintivos fonolóxicos apóiase que queira ou non na fonética [1] (fisiolóxica ou acústica), pero pra xuntalos e pólos en feixes ou gavelas ten que ter coñecimentos do funcionamento da estrutura desa lingua; ou seia, que ten que saber de antemán o papel que vai xogar ou o lugar que vai ocupar ese feixe na lingua. Se os feixes de fonós ten unha función na lingua, os *fonós* ou *riscos fonolóxicos* tamén terán unha función aínda que seian unha pura sustancia e que esa función estea condicionada pola esistencia da gavela ou *fonema* coma dende agora podemos nomealas.

Ora que toda esta teoría non se poderá levar á práctica mentras non se teña conta das neutralizaciós, xa veñan condicionadas polo seu aspecto sustancial (vocal/consona) ou estrictamente formal formal (continuo/discont. como é o caso pró Galego e Castelán entre outras). O problema quedará resolto, coido, dende que nos convenzamos que ademáis dos siños (+) e (—) que se empregan pra asiñar os valores correspondientes ós *fonós,* tamén o cero ten o seu a decir, pois se "descubrir el símbolo numeral cero requirió extraordinarios ejercicios de abstracción y rindió, una vez descubierto, importantísimos servicios..." (Otero 1970, p. 77), ¿por qué non aplicalo tamén eiquí pra que nos preste os mesmos servicios? Quizáis Otero se convencería así de non rexeitar o *fonema,* "el caballo de batalla de nuestro siglo", por se aínda lle queda algunha batalla por ganar.

Despóis de establecer algunhas convenciós dos procesos fonolóxicos, aproveitando a sua aplicación en derivaciós que nos dan "unha vislumbre de lo ocurrido realmente en la historia de los dialectos indo-europeos", fálanos agora (0.3, 45-66) da *lei* e do *orde* que rixen ou deben rexir estes procesos. Coido de interés transcribirlles eiquí o primeiro exemplo de *derivación* que ilustra, ben o que vimos de decir:

Faméliku > *faméleko* > *famélego* > *famelgo* (galego) > *hamelgo* (cast.). Se antepomos a síncope á "lenización" os resultados serían incorrectos xa que "a sonorización non ten lugar se a obstruente (neste caso [k]) non vai precedida de vocal" e teríamos: *faméleko* < *famelko*.

Sin tempo pra pararnos a considerar outras derivaciós de non menos importancia encol do romance, fiquemos alá onde Otero nos define as *reglas parcialmente ordenadas, conyuntivamente ordena-*

[1] Cando falo de *fonética* non me refiro ós múltiples cambios ou variaciós que cada sonido adota na camiñata da fala, senón ás "Zonas fonéticas" que equivalen ós riscos fonéticos que levan o seu nome.

das e *disyuntivamente ordenadas*, póndonos como exemplo das derradeiras a regla acentual do Latín no tempo de Cicerón "que aínda semella ser aplicable ós nomes e adxetivos españoles", e lembrándonos que "tendo en conta o proceso de *apócope* o corolario deste principio sería esta norma: "Escríbense con acento gráfico todas as verbas que non son llanas no plural pero non son monosílabos". Deste xeito "os escribentes i escritores hispanos aforrarán moitos quebradeiros de testa que lles plantexan as normas acentuás da Real Academia Española" (p. 67).

Non de menos importancia son as "Conjeturas e fantasmagorías" (cf. 0.4, 67-91) onde Otero fai dar a pinchacarballa a moitas autoridades "das máis autorizadas e campanudas" da tan remexida *filoloxía*. Comparando ésta á *lingüística histórica* dícenos que disteran unha da outra en que a *filoloxía* "tende a seguir os textos ó pé da letra (en todas as variantes sin rexeitar tan siquera as absurdas) ia lingüística trata (ou debe tratar) de "reconstruir" o sistema dunha lingua nun ou en varios momentos do pasado e relacionar sistemáticamente distintos estadios na evolución dese sistema" (Cf. p. 68). Dacordo coeste principio continúa matinando encol de derivaciós —nas que outros (as "autoridades...") xa furgaran non con moito tino— pondo cuidado en "evitar fantasmagorías y espejismos" pois como il mesmo dí "cando nin os datos internos (os dun solo dialecto) nin os comparativos (de varios dialectos) permiten certidumes, as nosas conxeturas deben ser o máis razonadas que se poida aproveitando dos rarouchos datos ou indicios todo o zume que poidan dar.

Quizáis seia no eido paradigmático no que a fonoloxía xenerativa nos promete máis colleitas. Os filólogos, aínda que non sempre con rigor *científico* furníronos unha canteira non esquecida de datos e procesos encol da evolución fonética, pero moi poucos encol das relaciós paradigmáticas. Eiquí (Vocablos y paradignas, 0.5, 91-98) o autor sin entrar moi a fondo no problema ("o tema é demasiado reperelludo pra ser encapsulado nunhas páxinas" coma il mesmo recoñece), e non sin antes nos lembrar o principio de Humboldt de que "os paradigmas (conxugaciós, declinaciós, etc.) tenden á unificación, coma en xeneral a linguaxe", amósanos algunhas irregularidades paradigmáticas que se topan no galego e no portugués.

Pra rematar a *Introducción* (0.6 Procesos y gramáticas, 98-117) Otero intenta situar a fonoloxía ou os procesos fonolóxicos na gramática presentandoios coma unha parte integrante désta, polo que "a noción de cambio lingüístico é idéntica á de cambio gramatical, e todo cambio na gramática é un cambio no conocimento (ou competencia) que os falantes teñen da súa lingua".

Tendo en conta que a gramática do adulto foi internalizada sendo moi cativo, non poderemos contradecir ó autor en que "en materia de cambios lingüísticos todos os adultos sin excepción son rémoras carcas, e todos os rapaces revolucionarios e poetas de creatividá non rexeitada polo lastre dos apegos mundás" (cf. p. 99). Ou tamén se pensamos que no carreiro polo que vai a evolución da lingua a principal etapa é o intre no que o rapaz asimila a fala dos adultos, teremos que consentir en que o lingüista pra construir unha gramática sincrónica debe seguir os vieiros do rapaz que comenza a deprender esa lingua. As últimas páxinas están adicadas

Carlos P. Otero

ás derradeiras aportaciós á *Gramática transformacional* cas tesis doutorás de Joseph Emonds (Sintaxis) e de Ray Jackendoff (semántica), pero como inda nos quedan moitos devaneos por dar pasamos direitamente á propia "Evolución y revolución en romance".

Estes dous capítulos van sacar o máximo de partido das *derivaciós* fonolóxicas amosándonos as súas consecuencias sostidas pola "historia externa que lles sirve de fondo".

A primeira destas consecuencias (1.1 Derivaciones diacrónicas hispano-romances, 132-141) é que "o estadio que eiquí chamamos romance *galaico* (estadio derradeiro, ou cáseque derradeiro en moitos casos pra algunha variedá do galego e do portugués de hoxe) sole ser un estadio intermedio na evolución histórica do Castelán" (Cf. p. 134) como se poderá ollar na derivación de *trucha* (que transcribo eiquí á maneira clásica pra ganar tempo i espacio):

trukta > truxta > troxta > troita > truita > truiĉa > truĉa

De todos modos "o que parez estar fora de duda é que se o castelán non se deriva do galaico, o pre-castelán io galaico ten inevitablemente un devanceiro común". Pero se todo esto non chegara pra convencernos, continuemos escoitando ó autor que un paso máis adiante dinos que "máis asombroso aínda é o feito que un análisis puramente sincrónico levara a Harris (1967/69, 83-86) a "reconstruir" formas verbás subxacentes pró castelán que se topan a un paso (tres ou máis) dalgunhas formas non moi subxacentes do galego de hoxe".

Apoyándose en datos históricos dos que as fontes non faltan ó canto, Otero chega á conclusión (1.2 Prioridad del galaico, primacía del gallego, 114-146) de que sendo o galaico o romance hispano dominante na Gallaecia dos sigros III e IV que asegún parez abarcaba tamén a Cantabria, éste daría por unha banda o *galaico lucense* e pola outra o *galaico astúrico*. O *galaico lucense* arredaríase en *galego e portugués* io *astúrico* en *leonés* e *castelán*.

Despois de pasar de presa os dous primeiros apartados do segundo capítulo (2.1 ¿Analogía o fonología?, 146-152 e 2.2 El punto oscuro, 152-156) que siguen matinando cos problemas da *derivación*, e o terceiro (2.3 Subclases lexicales, 157-165) que nos fala da necesidá de distinción entre o vocabulario patrimonial ou vernáculo io vocabulario non vernáculo ou importado coma condición indispensable pra rexeitar os quebradeiros de cabeza de algús filólogos que quixeron xenerar os derradeiros cos mesmos procesos fonolóxicos cós primeiros, topámonos agora nas "Regiones y épocas" (2.4, 165-174) onde o autor considera o que il chama "influencias alleas ó sistema lingüístico". Estas *influencias alleas ó sisma lingüístico* que axudarían a provocar "la emergencia y escisión" do dialecto castelán son, nin máis nin menos os acontecimentos históricos deses tempos que postos moitas veces na boca doutras autoridades ("para que no se piense que arrimo el ascua a mi sardina") permítenos de comprender moi ben a rápida ascensión de Castela (¡quién te ha visto y quien te ve, "pequeño rincón" de los siglos antes!) que empeza a aparecer na historia dende que Fernando I vinculando Navarra a Castela "triunfa da tradición leonesa" (Pidal, 1929, 643). Este "pobo de sangre vasca e cantábrica" fai entón de Castela o "Estado máis poderoso de España", polo que non nos extraña-

rá que o castelán "de tan modestos principios se haya levantado a la postre con el santo y la limosna" (cf. p. 167).

Pescudando as causas ia maneira na que se provocóu o cambio do sistema castelán medieval ó moderno (2.5 La revolución castellana, 174-190), sin esquecer de lembrarnos, apoyándose nos poucos documentos que existen, as diferencias fonéticas entre o que era o *español* io *castelán* de entón cas respectivas definiciós, o autor vainos demostrar que se "*Castela fixo a España*", o castelán (sempre pola lei do máis forte) tamén fixo o español. Nefecto, despóis da revolución castelán, consistindo entre outros no enxordecimento das fricativas, estes cambios ou innovaciós fóronse esparexendo pouco a pouco, —aínda que non todos ca mesma difusión— "a partir do foco de irradiación". Pero se recordámos que Castela era "un pobo de sangre vasca e cantábrica", non nos extrañaremos que Otero nos diga que a revolución do castelán ten moito que agradecer ós falantes de vascuence pois "alén do fondo histórico son demasiadas as concidencias fonolóxicas [entre estas dúas linguas]: vocás, dificultá ca labiodentalidá, dificultá cas silibantes sonoros, apicalidá das fricativas dentás e semellanza dos sistemas das estridentes resultantes".

Evolución e revolución en romance é sin duda ningunha o millor *conchego* científico de fonoloxía diacrónica do romance hispano. A lista dos *procesos* fonolóxicos do "Apéndice" representan unha contribución que non ten parella, e un guía non esquecido pra estudios ulteriores non somente encol do romance, senón tamén de calquer lingua hispana que proceda dil.

Eu particularmente teño unha deuda dende hoxe co Profesor Otero, pois esta obra axudóume a perder o prexuicio que viña sentindo pola lingüística diacrónica —influenciado quizáis pola tradición fonolóxica europea que de tanto ruxir chegóu a abouxar demostrándome que a *lingüística histórica* non fai soio ouxeto de simples exercicios de *derivaciós fonéticas* senón que nos permite tamén facer *hipótesis* a partir dun conxunto de *procesos fonolóxicos ordenados*.

Se polo seu estilo ó mesmo tempo sinxelo, enxebre, direito e cando compre aguilloante, o autor nos fai proba dunha grande capacidá literaria, pola documentación que il manexa e pola profundidá da súa investigación danos a impresión do home polivalente.

Otero é oxe cáseque o único *español* representante da nova conceución lingüística que ó nome da escola americá o co Chomsky á cabeza andan esborrallando unhas teorías e construíndo outras.

DOMINGO PRIETO
Lille

CARTA ABIERTA A "ALIANZA EDITORIAL"

Muy señores míos:

Les escribo esta carta en castellano y no en gallego, como sería normal en esta revista, por razones que espero les parezcan obvias: pocas veces nuestra cultura y con ella su idioma— han sido tan injustamente maltratados por nadie como lo ha sido recientemente por ustedes. O no tan recientemente, pues hace ya unos años, cuando dedicaron el número 70 de la "Biblioteca de Bolsillo" a Castelao, cometieron el error de identificar la palabra castellana "cosas" con la gallega "cousas" (que en ese título no son sinónimos) y no advirtieron que en la obra del escritor de Rianxo es tan importante la belleza de las ilustraciones como el texto. Pero esto, con ser feo, no lo es tanto como lo que han hecho con la antología *Ocho siglos de poesía gallega,* de cuyas andanzas por nuestra tierra supongo les habrán llegado noticias. La que ahora les envío es una más entre tantas y no pretende otra cosa que dar difusión (llegará a algunas universidades extranjeras, donde espero que caiga en manos de quien sepa sacarle provecho) a un suceso que la merece y del que, hasta ahora, algún semanario de gran tirada y en el que ustedes acostumbran a anunciarse, se ha negado, por razones que ignoro, pero sospecho, a incluirlo sin tapujos en sus páginas. De ahí que espero sepan comprender mi afán voceador. Después de todo, pienso que entre gente de calidad el reconocer el propio error es mérito y aún sabiduría. Y de la calidad de ustedes, nadie con buena crianza, puede dudar. La empresa cultural que están realizando es un aval que lo acredita en cualquier parte. Por eso resulta doblemente incomprensible la equivocación —cuya gravedad no quiero empequeñecer, pues no sería leal ni para con ustedes ni para con mi tierra— que ha supuesto la antología hecha por Carmen Martín Gaite y Andrés Ruiz Tarazona. Y más difícil de entender todavía si pensamos en el volumen que en 1969 dedicaron a la poesía catalana. En aquella ocasión encargaron ustedes la tarea a dos intelectuales catalanes tan solventes como José María Castellet y Joaquín Molas. El resultado fue el que estaba asegurado desde el momento mismo de la elección: una obra bien hecha, digna e inteligente. En este sentido, la cultura catalana y cuantos leemos también en castellano, les quedamos agradecidos. Agradecimiento que valorarán ustedes mejor si viene de una tierra que por razones que no son adivinanza sabe por dramática experiencia lo que valen gestos como éste. Por las mismas razones, además de otras, resulta doloroso, injusto y discriminatorio (con el dolor, la injusticia y la discriminación que se dan en la arbitrariedad de toda actuación colonial) el trato que han reservado ustedes para Galicia. Cualquiera de los muchos intelectuales honestos que han puesto su honestidad y sabiduría al servicio de la cultura gallega hubiera realizado este trabajo con perfección pareja a la de sus colegas catalanes. De esta manera, ni Galicia tendría que

sufrir lo que ha sufrido, ni "Alianza Editorial" hubiera tenido que encajar en su hasta ahora bien merecido prestigio el hachazo que acaba de recibir. En fin, la índole del desatino es tal, que bien merece la pena recordarlo una vez más, no por regusto masoquista de ningún tipo, sino para que cuanto hasta aquí he dicho quede probado por razones.

Por un sentimiento que se acerca a eso que llaman vergüenza ajena omito un buen número de detalles que por sí solos serían suficientes para descalificar la labor de los antólogos: ni Colocci-Brancuti es un lugar ni Xavier Prado y Lameiro son dos personas. Tampoco voy a enjuiciar el criterio seguido en la elección de poetas y poemas, que en este caso pasa con holgura la frontera de lo discutible. Por razones semejantes pasaré por alto la utilización de una ortografía ya desusada, que dado el carácter de la obra debió ser sustituida por la actual. Sólo voy a hablarles de la traducción, seguramente una de las más disparatadas de cuantas se han hecho en lo que va de siglo, para mostrarles, entre otras cosas, qué mentirosas son estas palabras que figuran en el prólogo: "...hemos procurado, sin salirnos de una absoluta fidelidad al texto, que el lector que prefiera leerlo únicamente en castellano encuentre los menos escollos y asperezas posibles." El lector que les crea —y no hay razón para que el lector dude ni de la honestidad ni de la competencia de personas que han sido elegidas por los responsables de una editorial hasta ahora tan solvente como la que ustedes dirigen— se encontrará, además de otras muchas, con las siguientes barbaridades:

Los versos de Pero Meogo

o cervo do monte
a auga volvía.

se traducen (p. 64) así:

el ciervo del monte
al agua volvía.

confundiendo el gallego "volvía" con su homófono castellano, cuando ambas palabras tienen aquí significado diferente: "volver" es en esta cantiga "enturbiar", "revolver", como lo es también en el poema "Digades filla, mia filla belida", cuyo verso

cervos do monte a auga volvían

traducen (p. 66) por:

los ciervos del monte al agua volvían

con lo que igual que en el caso anterior, no sólo ignoran el significado de "volvían" (y para el que podían haber encontrado información en el estudio *O cancioneiro de Pero Meogo,* de X. L. Méndez Ferrín, Galaxia, Vigo, 1966) sino que desconocen que "a" es la forma femenina del artículo en gallego, lo que no deja de ser sorprendente.

Pero esta es la tónica general. El desconocimiento del idioma que traducen les lleva a cometer errores que entran ya dentro del cam-

po de lo jocoso. Así, por ejemplo, cuando en el villancico anónimo que se incluye en la página 167, se traduce "peroliñas", diminutivo de "pérolas" (que significa "perlas") por "cazuelitas", pasando entonces el original (p. 166):

Se me chora de amor peroliñas

a algo tan chusco como

Si me llora de amor cazuelitas.

O aquella estrofa del poema anónimo del siglo XIX que aparece en la página 176 como

Fui a la montaña a casarme
de mauregatos guarida.

(Funme a casar á montaña
qu'é terra de maragatos.)

identificando a los habitantes de la La Maragatería con no sé qué extraños "mauregatos" encuevados.

Pero para mayor brevedad voy a indicarles de una manera esquemática y a modo de fe de erratas, algunos, sólo algunos de los más claros disparates:

Pág.	*Dice*	*Se traduce*	*Debiera traducirse*
275	loucos *rebuldos*	locos *revoltosos*	locos *jugueteos*
281	Eran *dondas* as tardes	Las tardes eran *locas*	Eran *apacibles* las tartardes.
293	escura y *afumada*	oscura y *húmeda*	oscura y *ahumada*
335	*rachadores*	*racheados*	*rompedores*
337	o bó cariño é unha pomba que sempre volve ó pombal.	que bien quiere una paloma si vuelve a su palomar.	el buen cariño es una paloma que siempre vuelve al palomar
341	*berce* honrado	*brote* honrado	*cuna* honrada
343	*vexigas* estopóu	*verrugas* reventó	*vejigas* reventó
347	*carretos*	*carretas*	*acarreos*
347	Surpresa dos lugares que se achegan saudándose cos fumes familiares	Sorpresa de los sitios que se amparan enviándose sus humos familiares	Sorpresa de los lugares que se acercan, saludándose con los humos familiares
367	brila *entebrecida* ó sol	brilla *quemada* al sol	brilla *entenebrecida*
379	*desacougo*	*desahogo*	*inquietud*
383	A choiva entróu *na* noite	La lluvia entró *de* noche	La lluvia entró *en la* noche
385	*remorso*	*añoranza*	*remordimiento*
391	*arroaces*	*atunes*	*delfines*
399	escachando con *estrondo*	destrozando con *fuerzo*	rompiendo con *estruendo*
405	*trema*	*templa*	*tiembla*
411	*aloumiñare*	*alumbrar*	*acariciar*
413	*ulia a néveda*	*oía a néboda* (?)	*olía a nébeda*
415	*abalan* tristes *bercios*	*golpean* tristes *nanas*	*mecen* tristes *cunas*

En fin, como muestra, creo que es significativa. Significa exactamente eso: zafiedad intelectual. Todo ello agravado por el hecho de que dicha antología siga en el mercado después de haber sido denunciada públicamente y en distintas ocasiones por su carencia absoluta de seriedad. En este sentido, cualquier intento de disculpa por parte de ustedes no merece la menor ateción, pues aun aceptando que hubieran sido sorprendidos en su buena fe, dicha disculpa parecería cinismo o desvergüenza mientras un solo ejemplar de *Ocho siglos de poesía gallega* pueda seguir mintiendo descaradamente a sus posibles lectores.

Atentamente,

CARLOS CASARES
Orense

LIBROS GALEGOS NO MUSEU BRITANICO

Na biblioteca do "British Museum", no seitor de Linguas románicas, hai unha seición de libros galegos, ao frente da cal está o gran amigo de Galicia David Mackenzie, que aínda atopa tempo pra traballar na súa tese encol dun cronicón medieval galego. O Museu ten un presuposto anual para a adquisición de libros e a cota galega gástana entre Barcelona, Santiago e Bos Aires. A seición está ben surtida de libros galegos, especialmente os de despóis de 1950, o que demostra o interés que concede ao rexurdimento galego unha institución cultural desta categoría. De xeito que calquera estudante estranxeiro que quera facer traballos de investigación encol do noso herdo cultural (e no Museu sei de varios que están a facer teses nestes intres) atopa unha seición representativa da aitividade editorial de Galicia e da emigración.

A lista total de libros é, naturalmente, demasiado longa pra podela incluir nun artigo, pero unha escolma pódese facer entre o balume de libros e publicacións diversas. Nela quedan representados todos os nomes de sinificación no noso idioma. É forzado deixar fora a serie de traballos sobre Galicia noutras linguas (por exempro traducións de poesía galega ao inglés, de datas xa serodias) pra nos cinguirmos ao tema.

Botando unha ollada ás datas de publicación dos libros adquiridos decátase ún da data máis siñificativa do rexurdimento (1863). Ata entón os libros teñen caráiter xeográfico ou histórico-descriptivo. A partir de entón nótase o rexurdir literario na abundancia de tiduos, tanto de creación como de investigación das raizames do noso pobo.

Poño outra data (1950) pra dividir a lista, que amosa ao mesmo tempo o aumento da produción editorial contemporánea. Repito que escolméi moito pra non alongar o espacio ocupado, pero aquí ven representado o que o Museu Británico ten de nós, e por tanto a idea que se pode formar de nós un estudante que se achegue ao noso eido por este camiño. Poño o apelido do autor, as iniciáis, o tiduo, lugar e data de publicación do exemplar no Museu, a máis de algún outro detalle cando compre.

Por orde cronolóxico os máis relevantes ata 1863 son:

Molina (L.), *Descripción del Reyno de Galizia,* 1551.

Huerta y Vega (F. X. M.), *Anales del Reyno de Galicia,* 2 vols. 1733-6.

Feijóo (B. J.), *Cartas eruditas y curiosas,* 3 ts., Madrid, 1748-51.

Feijóo (B. J.), *Theatro Crítico Universal,* 9 ts., Madrid, 1733-30-40.

Feijóo (B. J.), *Obras escogidas,* Madrid, 1863.

Sarmiento (M.), *Demostración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal,* Madrid, 1739.

Labrada (J. L.), *Descripción económica del Reyno de Galicia,* 1804.
Villarroel (J.), *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caseríos, cotos, ventas, castillos y prioratos de todo el Reyno de Galicia,* 1810.
Verea y Aguiar (J.), *Historia de Galicia,* 1838.
Martínez de Padín (L.), *Historia política, religiosa y descriptiva de Galicia,* vol. 1, 1840.
Anta (M.), *Reseña geográfica de Galicia,* 1858.

En orde alfabético de 1863 a 1950, unha escolma posíbel:

Aguilera y Arjona (A.), *Galicia, Derecho Consuetudinario.* Madrid, 1916.
Alvarez de la Braña (R.), *Galicia,* 1894, Biblioteca gallega, n.° 37.
André (E. L.), *Galleguismo. Lucha por la personalidad nacional y la cultura,* Madrid, 1931.
Añón (F.), *Poesías,* A Cruña, 1889, Biblioteca gallega, n.° 19.
Arenal (C.), *La instrucción del obrero. La educación de la mujer,* Madrid, 1929.
Arenal (C.), *La cuestión social,* Madrid, 1924.

Barros Pena (J. G.), *Los foros en Galicia,* Santiago, 1897.
Brañas (A.), *El regionalismo en Galicia.* Estudio. Barcelona, 1889.

Cabanillas (R.), *Da terra asoballada,* A Cruña, 1926.
Camba (J.), *Londres.* Impresiones de un español. Madrid, 1926.
Carré Aldao (E.), *La literatura gallega en el siglo XIX,* La Coruña, 1903.
Carré Aldao (E.), *Influencias de la literatura gallega en la castellana,* Madrid, 1915.
Carré Alvarellos (L.), *Diccionario galego-castelán.* A Cruña, 1903.
Carreras Candi (F.), *Geografía general del Reino de Galicia.* Barcelona, 1929.
Casais y Santaló (J.), *Emigración española, y particularmente gallega a ultramar,* Madrid, 1915.
Castilla (M.), *Historia de la Junta de Defensa de Galicia,* La Coruña, 1894.
Castro (R.), *Cantares Gallegos, Madrid,* 1872.
Cotarelo Valledor (A.), *El castellano en Galicia,* Madrid, 1914 (Boletín RAE, t. 14).
Couceiro Freijomil (A.), *El idioma gallego.* Historia, Gramática, Literatura. Barcelona, 1935.
Couselo Bouzas (J.), *La Guerra de Sucesión en Galicia.* Santiago, 1935.
Couselo Bouzas (J.), *La Guerra Irmandina, siglo XV,* Santiago, 1936.

Dantín Cereceda (J.), *Distribución geográfica de la población en Galicia,* Madrid, 1925.

Elías de Tejada (F.), *La tradición gallega,* Madrid, 1944.
Estrada Catoyra (F.), *Historia de los ejércitos gallegos durante la Guerra de la Independencia,* Santiago, 1916.

García de Diego (V.), *Elementos de gramática histórica gallega,* Burgos, 1909.

García Martí (V.), *De la zona atlántica.* Galicia y Portugal. Madrid, 1934.
García Rey (V.), *Vocabulario del Bierzo,* Madrid, 1934.

Lamas Carvajal (V.), *Espiñas, follas e frores,* Ourense, 1875-6 (2.ª ed).
Lamas Carvajal (V.), *A musa das aldeas,* Ourense, 1909 (4.ª ed.).
López (A. A.), *Estudios Crítico-Históricos de Galicia.* Santiago, 1916.
López Aydillo (E.), *Galicia ante la Solidaridad,* Madrid, 1909.
López Ferreiro (A.), *Galicia en el siglo XV,* Santiago, 1883.
López Peláez (A.), *El señorío temporal de los obispos de Lugo,* La Coruña, 1897.

Macías y García (M.), *Galicia y el Reino de los Suevos.* Versión castellana de las noticias contenidas en el cronicón del obispo Idacio. Orense, 1921.
Macías y García (M.), *Aportaciones a la Historia de Galicia,* Madrid, 1929.
Martínez Salazar (A.), *Documentos gallegos de los siglos XIII a XVI.* La Coruña, 1911.
Martínez Sueiro (M.), *La cuestión agraria en Galicia,* Orense, 1912.
Montero Lois (M.), *La compañía familiar gallega,* La Coruña, 1898.
Murguía (M.), *Historia de Galicia,* 2 vols., 1865-6.

Otero Pedrayo (R.), *Guía de Galicia,* Madrid, 1926.
Otero Pedrayo (R.), *Historia de la cultura gallega.* Buenos Aires, 1939.

Pardo Bazán (E.), *Obras completas,* Madrid, 1891-1926 (43 ts.).
Pérez Costanti (P.), *Notas viejas galicianas,* 3 ts., Vigo, 1925-7.
Pondal (E.), *Queixumes dos Pinos,* Buenos Aires, 1940.

Ramón y Fernández-Oxea (J.), *A eirexa de Santa María de Mixós e as suas aras romanas* (con Bouza Brey), 1928.
Ribera y Rovira (I. L.), *Portugal y Galicia. Nación. Identidad étnica, Histórica, etc.,* Barcelona, 1911.
Risco (V.), *El problema político de Galicia,* Madrid, 1930.
Risco (V.), *Geografía general del Reino de Galicia* (prov. de Orense), 1929.
Ruiz Almansa (J.), *La población de Galicia,* 1500-1945, 1948.

Saco y Breig (E.), *La emigración de Galicia,* Madrid, 1800-81.
Saralegui (L.), *Estudios sobre Galicia,* 1888, Biblioteca gallega, t. 17.
Sarmiento (D., conde de Gondomar), *Correspondencia Oficial,* Madrid, 1936. (Documentos inéditos para la historia de España, t. 1).
Sarmiento (M.), *Estudios sobre el origen y formación de la lengua gallega,* Buenos Aires, 1943.
Silva Ferreiro (M.), *Galicia, voto en Cortes.* Ensayo de investigación histórica. Santiago, 1925.
Silva Ferreiro (M.), *Galicia y el Movimiento Nacional.* Páginas históricas. Santiago, 1938.

Vaamonde (F.), *Resume da historia de Galicia*, A Cruña, 1898.
Valladares (M.), *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago, 1884.
Valle-Inclán (R.), *Opera Omnia* (26 vols.). Madrid, 1913-25-30.
Vicetto (B.), *Historia de Galicia*, 7 vols., 1865-73.
Villa-Amil (J.), *Origen de los Foros en Galicia*, Madrid, 1883.
Villar Ponte (A.), *O Mariscal* (con Cabanillas), A Cruña, 1926.
Villar Ponte (R.), *Historia sintética de Galicia*, La Coruña, 1927.

A lista é abondosa de 1950 endiante:

Alonso Montero (X.), *Constitución del gallego en lengua literaria*, Lugo, 1970.
Alonso Montero (X.), *O galego na escola* (con Marcos Abajo), Salamanca, 1970.
Alonso Montero (X.), *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Lugo, 1970.
Amado Carballo (L.), *Obras en prosa e verso*, Vigo, 1970.
Armesto (V.), *Dos gallegos: Feijóo y Sarmiento*, La Coruña, 1964.

Beiras (X. M.), *Estructura y problemas de la población gallega*, La Coruña, 1970.
Blanco Amor (E.), *Os Biosbardos*, Vigo, 1970, 2.ª ed.
Blanco Amor (E.), *A Esmorga*, Vigo. 1970, 2.ª ed.

Cabanillas (R.), *Obra completa*, Buenos Aires, 1959.
Carballo Calero (R.), *Salterio de Fingoy*, Vigo, 1961.
Carballo Calero (R.), *Sete poetas galegos*, Vigo, 1955.
Carballo Calero (R.), *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, Madrid, 1955.
Carré Alvarellos (L.), *Gramática gallega*, La Coruña, 1967.
Carré Alvarellos (L.), *Contos populares da Galiza*, Porto, 1968.
Casares (C.), *Cambio en tres*, Vigo, 1969.
Casas (A.), *Servidume na Treva*, Vigo, 1965.
Castelao (A. R.), *Dous contos, 5 "Cousas" e un dibuxo inédito*, 1970 (pról. de Alonso M.).
Castroviejo (X. M.), *Rías Bajas of Galicia*, Barcelona, 1959 (trad. McDermott).
Cela (C. J.), *La familia de Pascual Duarte*, Barcelona, 1967.
Cela (C. J.), *A familia de Pascual Duarte* (trad. de Risco), 1962.
Cortés y Váquez (L. L.), *El dialecto galaicoportugués hablado en Lubián, Zamora*, Salamanca, 1954.
Cortezón (D.), *As covas do Rei Cintolo*, Vigo, 1956.
Cortezón (D.), *Prisciliano*, Vigo, 1970.
Costa Clavel (X.), *Santiago y Rías Bajas*, Barcelona, 1966.
Couceiro Freijomil (A.), *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 3 vols., Santiago, 1951-4.
Cuevillas (F. L.), *Bibliografía da prehistoria galega* (con Bouza Brey), A Cruña, 1927.
Cuevillas (F. L.) *Galicia sempre*, Vigo, 1968.
Cuevillas (F. L.), *Prosas galegas*, Vigo, 1971 (2.ª edic.).
Cunqueiro (A.), *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*, Vigo, 1961.
Cunqueiro (A.), *Escola de menciñeiros*, Vigo, 1960.
Cunqueiro (A.), *Un hombre que se parecía a Orestes*, Barcelona, 1969.

Curros Enríquez (M.), *A Virxe do Cristal,* Vigo, 1969.
Curros Enríquez (M.), *Poesías,* Madrid, 1951.

Dieste (R.), *Dos Arquivos do Trasno,* Vigo, 1962.

Fernández del Riego (F.), *Galicia no espello,* Buenos Aires, 1954.
Fernández del Riego (F.), *Escolma de poesía galega,* ts. 3 e 4, Vigo, 1953 (ts. 1 e 2 Alvarez Blázquez).
Fernández Flórez (W.), *El secreto de Barba Azul,* Barcelona, 1954.
Ferreiro (C. E.), *Longa noite de pedra,* Barcelona, 1969.
Filgueira Valverde (X.), *Cancioneiriño novo de Compostela,* Vigo, 1969.
Fole (A.), *Terra brava,* Vigo, 1960.
Franco Grande (X. L.), *Vieiro choído,* Vigo, 1957.
Franco Grande (X. L.), *Diccionario Galego-Castelán,* Vigo, 1968.

García Bodaño (S.), *Ao pé de cada hora,* Vigo, 1967.
García-Sabell (D.), *Ensaios,* Vigo, 1963.
González López (E.), *Galicia, su alma y su cultura,* Buenos Aires, 1954.
Guerra Dacal (E.), *Río de sonho e tempo,* Vigo, 1963.

Isla Couto (X.), *Introducción á economía galega de hoxe* (con Abad, Beiras, Martínez Risco, Orjales, Otero e Quiroga), Vigo, 1969.

Labarta Pose (E.), *O Tío Miseria e outros contos,* Vigo, 1968.
Lanza Alvarez (F.), *Dos mil nombres gallegos,* B. Aires, 1953.
Leiras Pulpeiro (M.), *Obra completa,* Vigo 1970 (estudo de Franco Grande).
Lugrís (R.), *Vicente Risco na cultura galega,* Vigo, 1963.

María (M.), *Mar Maior,* Vigo, 1963.
Mariñas del Valle (X.), *A Revolta,* Vigo, 1965.
Martínez Morás (M.), *Síntesis económica de Galicia,* Vigo, 1958
Martínez Salazar (A.), *De la Guerra de la Independencia en Galicia,* Buenos Aires, 1953.
Méndez Ferrín (X. L.), *Arrabaldo do Norte,* Vigo, 1964.
Moure Mariño (L.), *Sempre matinando,* Vigo, 1971.

Neira Vilas (X.), *Memorias dun neno labrego,* A Cruña, 1969.

Paz-Andrade (V.), *La marginación de Galicia,* Madrid, 1970.
Pimentel (L.), *Sombra do aire na herba,* Vigo, 1959.
Piñeiro López (R.), *Cancioeiro da poesía céltiga,* 1952 (trad. con Celestino de la Vega de "Altkeltische Dichtungen", de Pokorny).
Pondal (E.), *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal,* 1961 (ed. de Carballo Calero).
Portela Pazos (S.), *Galicia en tiempo de los Fonsecas,* Madrid, 1957.

Quiroga (D.), *La pesca de arrastre en Galicia y sus problemas,* Vigo, 1961.
Quiroga (E.), *Viento del Norte,* Barcelona, 1960 (6.ª ed.).
Quiroga (E.), *La sangre,* Barcelona, 1952.

Risco (V.), *Manual de historia de Galicia,* Vigo, 1952.
Rodríguez González (E.), *Diccionario enciclopédico Gallego-Castellano,* Vigo, 1958.

Rof Carballo (J.), *Medicina y actividad creadora,* Madrid, 1964.

Sevillano (A.), *As dornas da preguiza,* Vigo, 1963.

Torres (X.), *A outra banda do Iberr,* Vigo, 1965.

Varela (J. L.), *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX,* Madrid, 1958.

A lista é moi escolmada, pero representativa. Quedan fora, por exemplo, os libros de miscelánea, etc., e ás veces puxen un libro por autor pra non ocupar máis espacio.

O Museu ten tamén, nun anexo, unha colección de xornáis e publicacións en xeral, que han ser útiles ao estudante do galego. Ademáis compre ter en conta que os libros máis recentes non figuran aínda no ficheiro, inda que estean xa adequiridos e agardan a sua clasificación.

CARLOS DURAN
Londres

O PRINCIPIÑO, por Antoine de Saint-Exupéry. [1]

Veleiquí un libro xa clásico do francés que ven encher un lugar na crecente literatura escolar galega. O seu formato e impresión (en letra grande) son impecábeis. A linguaxe de St.-Exupéry é olara, e gaña se cadra en lixeireza na tradución de Carlos Casares a un galego perfeitamente apto pra o uso na escola. Os dibuxos do autor son unha regalía pra os ollos, e forman unha parte importante do libro, interrumpindo o discurso da letra impresa con gracia e fornecendo intres reveladores ao volver dunha páxina.

Son os graciosos dibuxos "números 1 e 2" os que, con humor, amosan a modulación infinda do medio libérrimo que é a maxinación nos nenos, e o aferrollamento rutinario a que se presta no adulto típico, ata non ollar máis que estritamente un tipo de realidade útil. Coido que a ningún leitor novo ou vello escapará a ironía choqueira da anécdota do año: o Principiño pídelle de favor ao aviador (que está a botar chispas e centellas de impacencia co avión averiado no medio do deserto) que lle dibuxe un año. O aviador, por tirar ao neno de diante, dibúxalle ún atrás de outro varios años, ningún dos cales lle gustan ao rapaz, que tén unha fantasía esixente. O aviador, amolado, finda por lle dibuxar unha caixa cuns buraquiños e dille:

"—Esta é a caixa. O año que ti queres está dentro". Ningún año do mundo, dibuxado ou non, pode ser talmente coma ese año dentro dunha caixa, que cobra vida pola arbitrariedade do dibuxo, e tén independencia unha vez creado que mesmo "queda durmido" aos poucos.

St.-Exupéry fíxose neno pra recobrar o poder de maxinar con independencia de vencellos e afogos no planeta "dos baobabs". A súa profesión de aviador serviulle pra considerar a Terra planetariamente e pra deixar no seu lugar os diversos persoaxes que mandan en planetas distintos: o rei, o vaidoso, o negociante, o borracho. Nembargantes é clemente co faroleiro ("non hai nada que entender") porque a súa vida absurda de acender e apagar o farol do diminuto planeta a cada posta de sol, tén ao menos un senso heroico de fidelidade á consiña pola consiña mesma. "O malo é que o planeta foi xirando máis de presa de ano en ano e a consiña non cambeóu". O Principiño dóese del e ofrécelle un consello pra saír do seu absurdo: "Non tés máis que camiñar moi paseniño pra estar sempre ao sol. Cando queiras descansar, camiñas e así o día durará o tempo que ti queiras". Este persoaxe é ben recoñocíbel no mundo dos anos 40, cando escribía St.-Exupéry.

Outro persoaxe que case se fai simpático pola súa teima é o xeógrafo, que non pode saber nada porque non tén esploradores, e a súa dinidade de científico non lle permite botarse a esplorar pola súa conta. Teñen que vir ao seu despacho os esploradores a informalo e traguerlle as probas necesarías pra que el faga debidamente o inventario dos planetas. Este home vivía nun planeta grande en comparanza cos demáis.

Chegando á Terra o Principiño atopa unha raposa que lle dí:

"¡Se queres un amigo, domestícame!" O Principiño fica abraiado. Pero faino así.

---

[1] *Editorial Galaxia. Vigo, 1972.*

A historia do año, a vinda á Terra do Principiño, a auga do pozo que lle pide ao aviador, a promesa déste de que non o deixará nos derradeiros intres, e o feito do principado do Principiño non ser deste mundo... Todo isto ha resoar na mente do leitor adulto, e suxerirálle unha vella historia que sen dúbida estaba no maxín do autor ao escreber este fermoso libriño. Mesmo, no dibuxo final, queda aberta a espranza de que o Principiño ha voltar algún día ao ponto que deixóu no deserto, e o leitor queda avisado de dar parte do asunto se ven en coñecimento del...

CARLOS DURÁN

OBRAS COMPLETAS, I, ESTUDIOS LINGÜÍSTICOS PENINSULARES, de Dámaso Alonso.

Non nos cumpre facer unha recensión crítica deste libro, que reúne traballos pubricados con anterioridade, e que no seu día foron ouxeto de atenta consideración polos especialistas. Tan só queremos saudar a edición como un acontecimento de grande importancia para a cultura romanística, en canto que agora o estudioso e o estudante dispoñen cómodamente, nun so volume, de fundamentáis ou moi interesantes aportacións á lingüística hispánica; e ao mesmo tempo chamar a atención dos galegos sobre a trascendencia do libro no que se refire á nosa fala.

Efectivamente, Dámaso Alonso ten consagrado ao galego sustanciáis leiras da súa actividade investigadora; e neste volume recóllense os seus estudos de Galeguística, que constitúen parte esencial do conxunto.

En cabeza do tomo figuran as monografías sobre temas e problemas da fragmentación fonética peninsular coleccionadas no libro pubricado en 1962 como suplemento ao primeiro volume da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. É moito o que nestas monografías se refire ao galego-portugués. Xa na primeira delas, que versa sobre o vocalismo portugués e castelán, con motivo da teoría de H. Lüdtke, Dámaso Alonso rexistra e sistematiza o fenómeno da metafonía vocálica nos verbos galegos, servíndose do testemuño das falas actuáis para escrarecer as cuestións que se prantean sobre a historia do vocalismo peninsular. Asimesmo o testemuño do galego é aportado ao comentar a teoría de Schürr sobre a disptongación románica cando se aprica ao portugués, e tamén no estudo sobre a fortuna do -S final de sílaba no mundo hispánico. Os artigos sobre as solucións peninsulares dos esdrúxulos latinos, sobre as vocáis fináis e sobre os resultados de —KT— conteñen igualmente, como é natural, referencias constantes ao galego-portugués. O mesmo podemos decir verbo do estudo relativo aos resultados de —LJ—, —KL— e —GL—.

Moi importantes son os dados e as ideas que o autor aporta sobre o enxordecimento temperán no galego de alveolares e palatáis fricativas, sobre a metafonía nominal e sobre a confusión de B e V latinos.

A segunda parte deste primeiro volume de *Obras completas* refírese todo el a temas do occidente peninsular, de xeito que o galego está sempre presente, no centro ou na beira do cadro. Figuran neste apartado os fundamentáis estudos sobre as formas administrativamente esteriores do galego oriental, o galego-asturián e o galego-leonés, estudos ben conocidos dos dialectólogos.

Aínda habería que mencionar outras ocasionáis referencias ao galego que se conteñen ao longo das páxinas deste tesouro de sabiduría hispanística, que é ao mesmo tempo imprescindíbel para o estudioso do galego.

R. C. C.

---

[1] *Editorial Gredos, Madrid, 1972.*

GRAMATICA PORTUGUESA, por Pilar Vázquez Cuesta y María Albertina Mendes da Luz [1].

Hai meses aparecéu a 3.ª edición da "Gramática Portuguesa" de Pilar Vázquez Cuesta e María Albertina Mendes da Luz. Esta obra, que goza de notable prestixio no mundo cultural luso-brasileiro, xa que se considera unha das millores entre as que hoxe están en uso, ven aparecendo arriquecida en cada nova edición. Nesta terceira —cuio incremento se materializóu pasando de un volume que tiña nas edicións anteriores a dous volumes ben nutridos—, incorpora un capítulo totalmente novo adicado ao galego. Alén desta novedade, amplía as fontes bibliográficas coa recolleita dos estudos lusófilos aparecidos na Europa oriental, presta demorada atención á lingua familiar brasileira e máis á lingua popular portuguesa e, ao mesmo tempo, tamén leva a cabo unha profunda revisión do capítulo adicado aos periodos na evolución da lingua portuguesa.

O conxunto da obra constitúe un instrumento precioso —e, hoxe por hoxe, seguramente o máis completo que esiste— para un estudo global da área lingüística galego-luso-brasileira nos seus rasgos característicos máis xeneráis. Con razón a autora sinala que esta área lingüísica é, dentro das linguas románicas, a de meirante extensión despóis da castellana. Compre non esquecer que, sumados todolos núcleos de falantes luso-galego-brasileiros, andan xa polos 120 millóns, que ademáis están en rápido crecemento polo grande dinamismo demográfico do Brasil.

Na presente edición, a profesora Vázquez Cuesta completa o panorama xeral da área lingüística ao incluir nel a lingua galega, que en rigor non se pode excluir desa área. Si habitualmente se inclúe só históricamente, ou sexa, ao tratar do periodo medieval, débese ao descoñecemento que aínda esiste encol da vitalidade do galego actual como lingua falada e como lingua de cultura. Non podemos deixar de resaltar como un dos méritos notorios desta edición o correxir esa imaxe incompleta dándolle a debida presencia á lingua galega. Empresa, de certo, doblemente grata para a autora, polo que ten de obxetividade científica e pola resoancia entrañable que para ela ten o galego, que lle foi familiar de nena, cando vivíu na súa terra nativa de Chantada. Anos máis tarde, radicada definitivamente en Madrid e estudante naquela Universidade, foi mesmamente a lembranza e o amor á lingua galega da súa infancia o que a determinóu a estudar o portugués como medio de se achegar ao estudo do galego, que entón non se ensinaba naquela Universidade nin tampouco na de Compostela. E estudóu o portugués con tanto entusiasmo que chegóu a escribir esta espléndida e celebrada *Gramática*. Hoxendía Pilar Vázquez Cuesta ensina a lingua galega na Universidade de Madrid e, ao mesmo tempo, dállela tamén a coñecer aos estudosos da lingua portuguesa ao traveso do sustancioso capítulo que lle adica nesta nova edición da súa *Gramática Portuguesa.*

Tanto pola variedade dos seus capítulos como pola riqueza informativa que en cada un deles inclúe, trátase dunha obra utilísima para cantos sintan interés por penetrar no mundo lingüístico galego-luso-brasileiro na súa totalidade. Difícilmente poderán dispór de mellor instrumento introductorio a eses estudos.

R. PIÑEIRO

"VOLTAR, SEIS PERSOAXES E UN FADO", por Xavier Alcalá *

Xavier Alcalá xúnguese á longa e prestixiosa tradición dos cultivadores do galego que foron asimilados polo poder achegador da nosa fala. O seu caso é propiamente escepcional, pois asimilóu o galego de neno, i está a demostrar

[1] *Editorial Gredos,* Madrid, 1971.

* *Editorial Galaxia.* Vigo, 1972.

na súa carne que as influencias ambientáis poden máis que as étnicas. Isto convírteo en testemuña o suficientemente marxinada pra xulgar con ouxetividade, e dabondo integrada no país pra sentir os problemas de Galicia como seus propios. Así, a pluma de Xavier Alcalá é incisiva e descobridora de móveis solagados baixo capas xeolóxicas da persoalidade. Con dialéctica correcta i esmagadora, os persoaxes de "*Voltar*" van atopando da propia carne o gurgullar de algo que estaba soterrado, iñorado, pero que con teima irresistíbel faise ouvir e desbarata tódolos pláns vitáis que o individuo se tiña artellado ata entón pra a súa vida.

En "*Voltar*" analízanse seis xeitos de se encarar coa realidade da terra, suscitados polo contacto case brutal da metrópole engulidora. A imaxe da terra lonxá, suxeridora co seu silencio secular, está mergullada en cada ún dos seis persoaxes do libro, e agroma pouco a pouco á atención imediata cando as estroituras postizas, adequiridas de prestado na cidade, se arruñan amosando a súa inautenticidade. É curioso o equilibrio a que chega, por exemplo, o Xelo, na percura de realización de súa arte. A metrópole amósalle que está a vivir da súa arte, talmente como podía vivir de vender chourizos. Entón reflesiona:

"Debía conseguir outro traballo, alleo totalmente á súa vocación que lle dera pra unha mantenza digna; traballo sen preocupacións transcendentes, secundario, —despreciábel se se quixer, para poder saborear o gosto pola arte que por gosto facía, nunca coartado pola necesidade de vivir".

O que estaba a perder o Xelo, e os outros persoaxes do libro (homes e mulleres que botan tacos un tanto arbitrariamente), era a dinidade de se sentir libre pra realizar unha laboura de selo persoal, inspirada pola terra nai, cuia imaxe ía iñorada dentro de cada ún deles.

O estilo de Xavier Alcalá é solto e transparente, dunha lóxica contundente na análise do problema vital dos persoaxes. Bótanse de ver os lusismos que tonifican a súa linguaxe sen por iso a desgaleguizar, senón facendo unha síntese apta pra escrita.

En resume, no libro de Xavier Alcalá prantéxase de varios xeitos o "voltar" absoluto, esistencial, que cada ún tén que resolver por sí mesmo. O centro de gravedade ao que as persoas voltan é a imaxe, case a querencia, dunha realidade meirande e abranguedora; e o revulsivo que fai atopar desesperadamente esta realidade, é a metrópole, co seu poder esmagador, engulidor.

O final é solprendente, case gratuito, se cadra un pouco fácil e improbábel. Non queda claro se o autor nos quere comunicar deste xeito a imposibilidade práctica dese voltar que dá tíduo ao libro.

Semella que o tema apocalíptico, escolleito pra o limiar de cada historia e ilustrado doadamente por Siro, é o fervello que está a rabuñar detrás das ouxetivacións do autor.

CARLOS DURÁN

ESTUDIOS DE CULTURA MEDIEVAL. Volume II, por Mario Martin S. P. [1]

O P. Mario Martins goza de merecida sona como medievalista polos seus valiosos traballos adicados a aquela época, que van desde a filosofía relixiosa ate a literatura ou a historia. A eles ven sumarse o presente volume, segundo dunha serie que leva xustamente o título xenérico de "Estudos de Cultura Medieval". Neste volume trata de temas diversos, non só portugueses senon tamén españóis.

Así, por exemplo, dous tercios do libro —desde o capítulo XIII ao XXVI—, están consagrados a estudar a obra de Bernardo de Brihuega —colaborador de

[1] *Edições Magnificat*. Braga, 1972.

Alfonso o Sabio—, da que na Biblioteca da Universidade de Salamanca se conservan cinco códices latinos (ns. 2537 a 2541). Para o seu estudo, o P. Mario Martins parte dos excelentes traballos do profesor M. C. Díaz y Díaz publicados en "Hispania Sacra" (t. 4, pp. 133-146) e máis en "Acta Salmanticensia" (t. 16, pp. 145-161), e, entre outras cousas, establece que un dos libros perdidos de Brihuega consérvase en traducción portuguesa editada en Lisboa en 1505. Trátase de "Os Autos dos Apóstolos", que debe corresponder ao segundo libro —perdido— da obra manuscrita de Bernardo de Brihuega. Por certo que nestes "Autos dos Apóstolos" figuran "Os miragres de S. Tiago" do Pseudo Calixto.

Na versión de "Os miragres de S. Tiago" feita por Brihuega, e tal como aparece nesta versión portuguesa, áchanse algunhas variantes que o P. Martins non deixa de puntualizar. Así, na viaxe de Hafa a Galicia co corpo morto de Apóstolo aparece unha primeira parada na costa portuguesa —en Bouças, hoxe Matosinhos—, onde sitúa o miragre das vieiras, para continuar logo direitamente a Iria. Ademáis desta novedade itineraria, cóntase que a raíña Loba eludíu, de primeiras, tomar decisión algunha sobre os pedidos do cortexo fúnebre do Apóstolo, decíndolles que fosen falar co rei pois a ela por ser muller non lle acaía resolver. O rei escoitóu os relatos maravillosos que lle fixeron os peticionarios e resolvéu metelos na cadea; mais, cando estaba a xantar, un anxo libertóu aos presos, que só foron avistados cando tiñan atravesado a ponte, que se veu abaixo cando eles tiñan pasado. Voltaron novamente cabo de Dona *Loba,* contáronlle o sucedido, e xa sigue o relato tradicional.

Ao tratar de "Os miragres de S. Tiago", o P. Mario Matins adica un capítulo a estudar o tema de "As vieiras dos peregrinos a Compostela", facendo referencias históricas ao uso da cuncha polos peregrinos xacobeos desde tempos moi recuados sin que se teña establecido, de maneira inequívoca, a verdadeira orixe e significado desta tradición. Tomando por base o relato que nos "Autos dos Apóstolos" de Brihuega se fai do miragre das vieiras —o cabaleiro que guindado no mar polo cabalo desbocado se sentía afogar e implora salvación a S. Tiago, e sálvase envolto en vieiras— o P. Martíns apunta que tal vez se tiña a vieira como selo de privilexio dos peregrinos a Compostela, polo que agardaban seren reconocidos por Deus no Gran Xuicio e premiados co ceu, crencia esta que podería xustificar, polo menos en parte, o feito de apareceren vieiras en antigos sepulcros de peregrinos.

Ademáis destes capítulos, tan interesantes, adicados ao estudo da obra de Brihuega —nos que os temas galegos aparecen tratados con toda atención—, o libro do P. Mario Martins contén outros capítulos adicados ao estudo de moi diversos temas: Fernão Lopes, Fábulas perdidas en portugués, Frei Alvaro Pais —un galego do Salnés, parente do poeta Paio Gómez Chariño, que foi bispo de Silves, en Portugal, e que se distinguíu pola sua furia ortodoxa e antiherética— a Poesía goliardesca en España, etc. etc.. Temas todos tratados con amplia información e craridade e rigor de xuicio.

G.

OPERATIVO PATAGONIA, por Juan Alejandro Apolant [1]

Hai uns anos na serie "Padrones olvidados de Montevideo del siglo XVIII" —publicados no Boletín Histórico del Estado Mayor del Ejército núms. 116-119 e logo en separata— Apolant inxeríu a relación de poboadores que sairon de A Cruña con destino á costa patagónica, antecedente imediato da publicación que hoxe comentamos.

Denantes de sair a lume "Operativo Patagonia", ocupáronse da chamada "Espedición das familias": Tettamancy nun artigo publicado en "El Eco

[1] *Montevideo, Imprenta Letras, 1970.*

de Galicia de Bós Aires; Luisa Cuesta en "La emigración gallega a América" (separata de Arquivos, tomo V); Alberto Vilanova no capítulo "La emigración gallega a la Patagonia" do seu libro "Los gallegos en la Argentina" e Isabel Martínez Barbeito nunha serie de 6 artigos publicados en "La Voz de Galicia" baixo o título "Emigración gallega a ultramar en el siglo XVIII", nos que transcribe e comenta documentos esistentes no Arquivo Municipal de A Cruña. Referencias parciáis atópanse nas historias das vilas e cidades onde se estableceran ises poboadores.

A documentación usada por Apolant provén dos mazos de documentos esistentes no Arquivo Xeral das Indias de Sevilla, no Arquivo Xeral da Nación Arxentina de Bós Aires e máis no Arquivo Xeral da Nación de Montevidéu. Non foi consultada a documentación esistente no Arquivo Municipal de A Cruña que contén papéis referidos aos inicios da espedición, e no Arquivo Histórico Nacional de Madrí, mazo n.º 2316 — Secc. de Estado que reúne, en especial, a correspondencia entre o comisario dos estabelecementos patagónicos e das autoridades vice-reináis co Segredario Gálvez. Mais, sen dúbidas, a maioría dos documentos atópanse en Sevilla e nalgúns casos hai copia dos que se gardan na Cruña e Madrí.

O traballo en cuestión divídese en duas partes. Na primeira delas estúdase a orixen do proieto, o seu desenrolo e máis as caraterísticas e destinos dos poboadores. Na segunda ven o padrón de poboadores cos datos de filiación correspondentes.

En 1774 aparecía en Londres unha descrición da Patagonia do xesuita Tomás Falkner que residira cuase 40 anos nisa rexión; no mesmo ano tradúcese ao castelán. O seu texto causa alarma na Corte e Carlos III manda que non se publique e a 24 de marzo do 1778 por real orden dispón a formación dun poboado en San Xulián "con el fin de impedir que los ingleses o sus colonos insurgentes piensen establecerse en la Bahía de San Julián o sobre la misma costa...".

O proieto, na opinión de Apolant, estaba desde os comenzos condenado ao fracaso. En apoio do que afirma, revista as esploracións e os informes delas feitos nisas terras denantes da espedición das familias. Coida que a causa imediata da devandita real orden é un informe interno pra o Consello das Indias que atopóu sen firma nen data, sendo imposible determinar se o mesmo tivo orixen nun feito concreto ou apenas espresaba as reflesións algún ministro encol da situación internacional nise intre. O mesmo documento, con iguáis caraterísticas atópase no Arquivo Histórico Nacional de Madrí.

A empresa levóuse adiante por causas militares, que Apolant non xulga valedeiras apesares de citar as palabras do Primeiro Lord do Almirantazgo que en 1765 dicía sobre as Illas Malvinas: "Iste estabelecemento é sen discusión a chave de todo o océano Pacífico. Ista illa pode controlar os portos e o comercio do Chile, o Perú, Panamá, Acapulco e, nunha verba, todos os territorios españoles sobre o mar". Que os ingleses retiráranse voluntariamente —como dí— e non voltaran en seis décadas, non modifica a cousa; o caso é que había consciencia do valor estratéxico da rexión, ademáis de que eles voltaron e as illas continúan aínda hoxe nas súas mans.

Unha segunda real orden dirixida ao intendente de Galicia pon en movimento o aparello adeministrativo pra recoller as familias probes dise reino que terían como destino as costas patagónicas. Encarregándose as autoridades dos gastos de mantimento, transporte e outros proveitos oferecidos aos colonos.

As primeiras familias foron recrutadas en Galicia, como proba a relación dos primeiros embarques. Mais a seguir percúranse xentes noutros reinos. León e as Asturias principalmente. Iste fracaso en Galicia debeuse á resistencia oposta polas mulleres, detrás das cales estaban os cregos, asegún testemuño sinalado por Apolant e tamén por Isabel Martínez Barbeito.

Do porto coruñés saíron once espedicións que deixaron nas terras do Prata 432 familias e 81 solteiros sen familia, nun total de 1921 persoas. As instrucións reales cumpríronse en parte, por mor de que as autoridades do Río da Prata

estaban en desacordo con elas. Algunhas familias foron enviadas aos estabelecimentos a seren fundados, mais a maioría delas foron fixadas provisoriamente na raia de Bós Aires (fronteira co indio) e na Banda Oriental (actual Uruguai).

Agás o "Fuerte del Carmen" (hoxe Carmen de Patagones) os outros estabelecimentos foron abandonados e os seus habitantes recibiron novos destinos. Por iniciativa do vice-rei Vértiz e con isas familias fundáronse 6 pobos na Provincia de Bós Aires e outros 5 na Banda Oriental, incrementándose tamén a poboación de outros xa esistentes. Non rematan con isto as vicisitudes dos colonos, elas continuaron deica o comenzo do derruimento do poder español en América.

Amáis dos feitos que resumimos Apolant estuda algunhas caraterísticas dos poboadores patagónicos comezando pola orixen. Pra isto considera sómentes os 992 que chama independentes. Deles un 44'5 % son de Castela a Vella, 29'5 % das Asturias, un 23'5 % de Galicia e un 4'5 % de Murcia, o resto pertence a outros reinos. Temos de facer algunhas observacións. A non consideración da totalidade dos individuos déixanos sen saber a orixen de perto da metade deles. Impúñase tamén unha análise da orixen dos grupos familiares, cecáis levando en conta máis que os lugares de nascimento dos seus integrantes, a sua residencia real. Por outra banda aparecen como de orixen castelá vella xente que son leonesas e pra pior en muitos casos da raia adeministrativa con Galicia e que culturalmente son galegos. Isto mesmo val pra os asturianos do ocidente do Navia. Ademáis non sabemos de qué orixen foron considerados os individuos de terras adeministrativamente galegas, mais pertenecentes a bispados non galegos (terras de Ourense do bispado de Astorga). Todo isto ten importancia nunha análise que non se esgote na cuantificación senón que vaia alén dela penetrando na área cultural.

Coidamos que en moitos casos era necesaria unha análise dobre das caraterísticas sociáis, a nivel individual e grupal.

A edade é analizada pra cuase a totalidade da poboación; carecéndose dalgunhas medidas de posición, como a media de edades —que non se pode facer polo agrupamento feito, pois hai intervalos de clase abertos— entroques é posible ter valores modáis.

Bótase de menos un capítulo no que se estude a sinificación disas familias canto ao volume de poboación total da rexión en xeral de Bós Aires e a Banda Oriental en particular. O leitor que non coñeza as estimacións de poboación feitas nos fins do XVIII non se pode decatar do peso real que tiveron.

Na nosa opinión a maior carencia diste traballo está referida aos aspectos culturáis, á influencia que isas xentes puideron ter na configuración da cultura das duas áreas, en especial porque sobre delas, décadas depois, vai cair a enxurrada de emigrantes. Importa máis isto que o feito de que algunhas familias patagónicas sexan os antergos de homes de bulto en ambas as beiras do Prata.

Apesares do que dixemos, o estudo ten un gran rigor espositivo. El representa o maior esforzo que se fixo deica hoxe, encol da "Espedición das familias" e ten particular importancia para a historia da migración galega tanto á Arxentina como ao Uruguai.

RICARDO PALMÁS

A REFORMA DA COMPILACION DO DEREITO CIVIL DE GALICIA, por Eduardo Menéndez-Valdés Golpe [1].

Enceta a Editorial SEPT a súa coleción "O Home e a Sociedade" con un volume de bolso intitulado *A reforma da Compilación do Dereito Civil de Galicia,* da autoría de Eduardo Menéndez-Valdés Golpe, quen con anterioridade tiña oferecido en língua castelá en outro libro encol do mesmo tema: *Las par-*

[1] Coleción "O Home e a Sociedade". Editorial Sept., 1972.

ticularidades de Derecho Patrimonial en el Noroeste de España, ante la Compilación Gallega y el Código Civil, onde fai un detido esame das fallas e deficiencias da vixente Compilación do Dereito Civil Especial de Galicia que, como é ben sabido, terá de ser revisada no vindeiro ano 1973 en cumplimento do disposto na súa Disposición adicional.

O libro *A reforma da Compilación do Dereito Civil de Galicia* ven ser, en certo sentido, continuación do castelán, polo que a leitura de ambos os dous conxuntamente resulta ben proveitosa. Porén, este libriño galego, que constitúe a Ponencia remesada polo autor ao I Congreso de Dereito Galego, tal vez pola súa finalidade, é altamente suxeridor de solucións concretas para o melloramento da Compilación do noso Dereito Civil peculiar.

Mais que a análise detallada de diferentes aspectos xurídicos e incluso gramaticáis, como facía no anterior "Las particularidades...", o autor neste libriño galego fai formulacións concretas de posíbeis regulamentos de diferentes institucións xurídicas do noso específico dereito privado, tan distante en moitos sentidos, do Código Civil. Regula Menéndez-Valdés, con grande sentido prático e non menor rigor xurídico, seguindo a sistemática da lexislación civil común, como Título preliminar os principios xeráis relativos á vixencia territorial, vecindade foral e problemas de dereito interespacial e orden de prelación de fontes; no Dereito da familia, a Compañía familiar e a dote galega; nos Dereitos reáis, os foros e subforos, a Comunidade de Montes, a de Augas, o agro, agra ou vilar, os muiños de herdeiros e as servidumes; nas Sucesións, as mellorás, a delegación de facultade de mellorar, o usufruto total a favor de viudo e o testamento mancomunado e, finalmente, nas Obrigacións e contratos, a parcería, as donacións ou vendas con reserva de usufruto, as compras de usufruto con dereito de acrecer, as apartacións e cesións de dereitos hereditarios, a mellora por contrato entre herdeiros e os retractos legáis..

Nos eidos en que ten adequirido coñecimentos Menéndez-Valdés —que ademáis de Notario, e primeiro Abogado, é Licenciado en Historia— ten manifestado nidiamente a súa personalidade, tanto nos seus libros xurídicos canto no seu libro histórico: *Separatismo e unidade: unha mitificación histórica.* En todos eles, procura a virtude desa seiva que lle ven de raiz dese seu esprito inadaptado, crítico e independente por tanto, penetrar directamente na realidade das cousas, amosándoas en intelixentes interpretacións, e percurando solucións aos problemas plantexados, aínda que por veces semelle que desiste cando en puridade o que pasa é que se sinte escéptico, non participante.

Ese mesmo sentir de colindar contínuamente co posíbel fracaso vital, ao non conseguir unha mellor sociedade nen a consumación do proprio proxecto vital no transcurso do tempo, obriga necesariamente a se manter pegado á realidade; noutras palabras, a fuxir do idealismo teórico, e a vivir a realidade deseenmascarándoa, con un grande sentido pragmático, práctico e desmitificador, incluso mesmamente no eido profesional e másimamente nel. Daí a insistencia de Menéndez-Valdés en percurar interpretacións e solucións aos problemas non teóricas, ideáis, senón prácticas, valedeiras para a realidade concreta que se analiza. Daí a falla de luxo e de evasión dos nosos ensaístas desta xeneración, que van directamente ao *fondo* das cousas. Menéndez-Valdés como el mesmo dí, neste seu libro, *A reforma da Compilación do Dereito Civil de Galicia,* se propón estudar o dereito privado galego "para poder censurar e criticar o que me pareza coa tranquilidade de concencia de no ter contribuido por omisión, ao que se censura o se critica como ocurre moitas veces; se ben sinala "nós os xuristas práticos, temos unha visión do Dereito un tanto diferente da que teñen os xuristas teóricos", para rematar "todo testo legal debe ser redactado sen perder de vista a súa finalidade de rexir situacións da vida real" (Introducción), párrafos todos eles que veñen confirmar a análise anteriormente feita.

Ese presuposto intencional do autor, estreitamente vencellado ao seu xeito de ser, vai ser perturbado nalgunha ocasión pola propria ferramenta instrumental dos coñecimentos adequiridos na vida universitaria, e non precisamente ao que moitas veces se ten chamado inxustamente "deformación profesional". Trátase esactamente da deformación da realidade que supón o estudo universitario, decote teórico e idealizante e pouco ou nada científico, ao menos deica o pre-

sente e no que é ben patente o divorcio entre "o que se ensina" e tal como se ensina, e a realidade auténtica.

Con efeito, Menéndez-Valdés acerta na maior parte das súas formulacións encol da reforma do noso dereito civil especial, mais algunha vez falla e iso debido, non á esperiencia profesional, primeiro como Abogado e logo como Notario, que o levóu precisamente á mesma realidade auténtica, senón ao bagaxe de coñecimentos adequiridos na Universidade teóricamente, que fan "deformación profesional previa" desa realidade verdadeira. O ter estudado poño por caso, o Dereito Civil desde a perspectiva positivista e do dereito "común", iñorando a realidade do dereito civil proprio do país galego, que vai ser detectado precisamente "a posteriori" na vida profesional, fai que a visión xurídica dos xuristas galegos estexa en certos aspectos condicionada por esa perspectiva.

Menéndez-Valdés, como todos os xuristas galegos, sofreu ese condicionamento e malia o seu esforzo por evitalo rexístao nalgunha opinión no seu libro; así, no relativo á orde de prelación de fontes e, en xeral, á vecindade foral e vixencia territorial da Compilación, que inclúe como Título preliminar, ao releigar o costume, alicerce másimo do noso dereito civil galego, a un posto secundario inaxeitado, sen dúbida por respeto aos coñecimentos universitarios adequiridos en tempos de notabel influencia positivista, que se ben compre ter en conta permanentemente hai que reducir aos seus verdadeiros líimites.

Parece indubidabel que o dereito galego, de orixe consuetudinaria, esixe o respeto do costume, que comporta importantes práticas xurídicas, de xeito integral, incluso "contra legem" do dereito común, xa que mesmamente semella ser o seu alonxamento do Código "común", o seu motivo recopilatorio foral; noutras palabras, que é a súa característica diferenciadora a que fai que non sexa integrado no "común" e sí considerado "foral". Menéndez-Valdés non tivo presente ese principio de diferenciación ou de foralidade do noso dereito, en relación ao "título preliminar", o que pode ser altamente perxudicial para o dereito en sí, ao se adulterar o seu verdadeiro rosto e sentido precisamente por un criterio teórico, fenómeno que hai que evitar en todo labor revisor ou compilatorio e maiormente no Congreso de Dereito Galego, se quer resultar eficaz.

Estuda no Dereito da familia, neste libriño, Menéndez-Valdés a compañía familiar, propondo unha axustada e asisada regulación da mesma, en base á realidade económico-social que a sustenta, e a dote galega como institución autónoma dese Dereito. Nos Dereitos reáis analiza a problemática dos foros e subforos, a dos Montes galegos veciñáis, para os que coida non hai solución de momento, se ben non especifica máis que a falta de coperación dos nosos labregos, auténticos poseedores multiseculares dos montes, sen concretar a impronta "administrativa" da cuestión, que se non pode iñorar precisamente pola súa influencia e repercusión no eido do entrañabel dereito privado da nosa xente traballadora. Considera a Comunidade de Sugas, interesando se esceptúen da inscripción rexistral os aproveitamentos de pouca entidade, o agro, agra ou vilar da Compilación vixente,os muiños de herdeiros e as servidumes, que como costumes "propter legem" —calificación discutíbel nalgún caso—, condiciona á proba do uso local, criterio que semella acertado.

En Sucesións, sen dúbida o de máis releve nos dereitos foráis frente ao "común", é onde máis abonda o rigor xurídico e a esperiencia de Menéndez-Valdés, seica pola súa condición de Notario que exercéu en dúas notarías galegas durante tempo; Becerreá (foral) e A Guardia. Estuda nesta Seción o rexime de melloras e propón solucións de indubidábel valencie, emerxidas da realidade socio-económica galega, como o pacto sucesorio e normas para o regulamento das adxudicacións de bens nas melloras. Compre suliñar a boa normativa que especifica, despóis de escelentes análises de grande rigor xurídico e sentido práctico, que o acrditan como o bon xurista que é, en relación non só á normativa das adxudicacións de bens nas melloras, senon especialmente en referencia a institucións tan importantes como a delegación da facultade de mellorar, en que olla sistemáticamente os diferentes supostos de reximes patrimoniáis matrimoniáis, o usufruto total a favor de viudo e o testamento mancomunado (cuia

normativa debe se revisar na redación que propón), pezas cardináis todas elas do noso dereito sucesorio.

Finalmente, en Obrigacións e contratos considera Menéndez-Valdés, a parcería, diferentes contratos relativos a dereitos hereditarios e os retractos legáis, propoñendo, especialmente, no regulamento das "apartacións" fórmulas moi asisadas.

En definitiva, un bon libriño, seica o primeiro xurídico en galego despóis de que a nosa língoa escrita esmorecera hai cinco séculos, que compre ler detidamente, se se quer chegar a unha revisión decenal cabal do noso dereito civil galego. Somente falta agora que Menéndez-Valdés nos agasalle con un "Manual do Dereito Civil de Galicia", que sirva para cubrir o valeiro que existe na nosa Universidade ao respeito e proiba que os xuristas galegos sufran "deformacións profesionáis previas" para co seu proprio dereito que, como dixo Castelao, "o povo coñece e pratica como xusto", sen dúbida porque, ao menos polo momento, así é.

X. L. F. R.

H U M O R 1971, por Siro [1]

É cousa reconocida que en Galicia contamos con unha importante tradición de bós dibuxantes e de excelentes humoristas, cualidades que ás veces danse xuntas na mesma persoa. Así, Castelao, Cebreiro, Maside, Torres —entre outros—, teñen cultivado con grande acerto o dibuxo humorístico.

Este arte difícil, no que a síntese significativa da liña e da palabra é capaz de abalar e iluminar o noso esprito como unha lizgaira e súpeta onda centilante, non esmorece entre nós. Novos humoristas prosiguen e renovan esta prestixiosa manifestación da nosa cultura. Entre eles, e de modo sobranceiro, o mozo ferrolán Siro.

Siro —como anteriormente Castelao, ou Maside, ou Cebreiro—, é un espléndido dibuxante que, ademáis, posée esa rara e sutil sabedoría espritoal que chamamos humor. Porque ¿qué é en realidade o humor senón unha rara e sutil sabedoría espritoal? O humorista tráenos á luz a cara oculta das cousas, amósanos os rasgos que a aparencia logra encobrir; ou sexa, fai contrastar a face aparente da realidade coa súa face *verdadeira.* Mas ao confrontar a fisonomía verdadeira —e oculta— da relidade coa súa fisonomía aparente e conocida, o que nesta hai de falso queda ao descoberto. E ollada dende esa zona oculta, a fisonomía aparente da realidade pódenos resultar risible polo que ten de falsa. A sabencia do humorista está mesmamente en nos facer patente esa falsedade, e ao mesmo tempo, librar dela o noso esprito coas áas íntimas da sürrisa.

Siro é un humorista mozo que vai exercendo o maxisterio desa sabencia nas páxinas do xornal. Con máxico dominio da liña e con aguda e lúcida intelixencia vai revelando a fasquía verdadeira das realidades humanas oculta pola súa cara aparente. Neste pequeno libro, HUMOR 1971, recolle o seu labor humorístico do ano pasado. Non todo o seu labor de dibuxante, xa que ademáis das viñetas con pé, cultiva outras formas de dibuxo non incluidas no presente tomiño. Podería facer outro album non menor coas caricaturas, xénero no que as súas indudables dotes artísticas acadan notable esplendor.

R. PIÑEIRO

[1] El Ferrol, 1972.

XENTE AO LONXE, por Eduardo Blanco-Amor [1]

Estamos dediante dunha novela longa, de orixinal feitío, á que antecede un limiar esplicativo do pensamento do autor. No haber déste figuran outros dous libros narrativos na nosa língua: *A esmorga* e *Os biosbardos*, ben conocidos dos leitores galegos de arestora.

En *Xente ao lonxe* veñen definidos os caracteres que singularizan a arte de Blanco-Amor: visión ensombrecida e un algo deformante dunha cidade —Ourense— e dos seres vivos que poboan as súas casas e as súas rúas; escolla de protagonistas no mundo popular e artesán; alternancia dun naturalismo crú co contracanto dos soños e das alucinacións, ás veces non menos terríbeles que a realidade; estrutura aberta no tratamento do tempo e do espacio, movidos dende os interesados puntos de vista do "narrador"; reflesións que apostillan, ou mesmo tronzan o desenvolvemento do relato, abrindo coincidentes conatos de teoría literaria; dominio cheo dun idioma no que a precisión ouxetivista alterna co suxetivismo estremo, e os tonos locáis dos diálogos coas saídas poéticas das digresións. Toda a novela desenvolta como un a xeito de monólogo sin presa, no que ás veces o narrador semella querer esquecérese dos leitores, mentras que outras solicita aburadamente a súa comunicación e asentimento.

A cidade redescoberta por Blanco-Amor é unha cidade que, ás veces, se afunde na cotra e no desleixo, pra amosar dende as súas derrotas as criaturas apreixadas por cárceres de costumes e de angurias. O protagonista da novela —o Suso da Severa e do Aser— é un rapaz que custiona os datos da súa vida familiar e os aviscos do seu presente. A carón del, a Evanxelina, a Señora Andrea, o Perfeutiño... cobran forza de seu, en feitos e ambentes agudamente deseñados. Polo máis, as cousas que o Suso lembra ou conoce, como as persoas que trata, son postas impiedosamente no nivel da caricatura sarcástica.

Toda recepción naturalista da narrativa, concrétase na acentuación dos rasgos que amostran un mundo no que se conxugan as chagas, a miseria e a doenza. Tal intención móvese no novelista cara dúas modalidades típicas: a animación das cousas, carregadas de defeitos humáns, e a cosificación das xentes, trocadas en ouxetos asafallados. Tanto un coma outro procedimento inciden con regularidade na caricatura barroca, máis inclemente que de rexouba. Blanco-Amor semella achegárase así ao humor chirriscante de Quevedo, mesmo na prodigalidade de palabras lixadas e no regodeo con que as destaca.

Porén, esta característica é na primeira parte do libro onde acada maior dimensión. Na segunda e na terceira, en troques, o acento encarréirase máis por outros camiños: o que marca a escola laica representada por Don Xaume e dona Monserrate, o que corresponde ás loitas da época protagonizadas polas sociedades obreiras, e mesmo feitos tan espresivos como o daquel mitin dado na Praza dos Coiros pola Evanxelina da Severa...

A traveso das incitadoras páxinas do relato vanse amoreando episodios narrativos, en ocasións deconectados do fío condutor central, nun esforzo de se compracer en sucedos máis ou menos desvencellados do tema que centraliza a historia. Ven ser como si Blanco-Amor ilustrara así certas concecións do esistencialismo nihilista, coa inclemencia dun tratadista que andivera a amosar inteleitualmente os exemplos dunha miseria moitas veces allea a toda luz transcendente. Deste xeito, algúns dos millores pasaxes da novela teiman en visións do ruín e do chocalleiro, coa vontade dun narrador que percura abanear aos seus leitores sin reparar nas lombeiradas que multiprica.

Despóis de ún ler *Xente ao lonxe* seméllalle que o principal merecemento do autor foi o de ter abrevado —máis aínda, ter absorbido— na riqueza, a fantasía, o patetismo e o sentimentalismo esistentes na vida popular ourensá. Pero, escritor madurecido, se non conformóu con eso, senón que o arrequecéu cos elementos da súa propia persoalidade. E así, revivindo as realidades dun mundo e

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1972.

dun intre, puido ir revelando os seus desacougos, as súas esperanzas e as obrigas a que se suxeta, pra elas concretáranse. Home de craro e nobre senso do galego, Blanco-Amor pon así de manifesto na súa narración unha firme precura de espresión do noso, que atopa a súa razón de ser no auténticamente raigal e non en esternos pintoresquismos.

O contido da novela da que andamos a falar reflexa, xa que logo, un transfondo cernemente humán; pero envolveito nunha sorrisa sen disimulo. Mesmo por eso, hai nela unha manifesta condición grotesca, xa que o dramático mestúrase co cómico nunha patética síntese vital. Blanco-Amor non abandoa o seu sorrir pra facer conocer esas xentes elementáis e primarias que discurren no relato, nin o miserento ambente social no que se debaten.

Interesa sinalar, doutra banda, que *Xente ao lonxe* responde ao que podería chamárese novela moderna, moi evolucionada a traveso do tempo. Cunha prosa morosa i espresiva —que non desdena ás veces a metáfora axeitada— o autor presenta os feitos en certa forma ouxetiva, inda que a identificación dos persoaxes se torne adoito menos simple e direita. Compre suliñar, asemade, que o escritor manexa con tino diferentes nivéis de língua, engadindo así un elemento máis de interés á narración.

Xente ao lonxe é, ao cabo, unha madurecida manifestación da novela, especie que tanta atención esperta nos leitores de hoxe. É, ademáis a obra dun esprito dotado da capacidade de ollar compadecendo e sorrindo —condicións propias do humorista—; i é, en suma, a creación dun escritor orixinal, que ten atopado unha espresión moi de seu. A espléndida fala que Blanco-Amor emprega nela posúe virtús, na aparencia contrallas: sensualidade, riqueza, temperatura, dunha banda; e da outra, unha naturalidade e sinxeleza que se arrequecen con xiros e ditos populares.

Neste libro, o novelista ourensán confirma de cheo a súa condición de "saber contar". O craro tono persoal que o singulariza, a súa forza estilística e a súa eficacia narrativa teñen servido pra que acade nesta nova obra un nivel que moi poucos atinguiron antre nós.

SALVADOR LORENZANA

POESÍA DE FERNANDO PESSOA

Unha escolma de poemas do grande poeta portugués Fernando Pessoa, ve agora a luz nunha edición bilingüe, portuguesa-castelá [1]. A versión, de Rafael Santos Torroella, poeta e crítico de arte. A traducción é boa, e conserva o tono pessoano, mistura de melancolía e de serenidade de Pessoa, que el mesmo dixo nun poema "*farei um sonho, terei meu dia, fecharei a vida, / e nunca terei agonía, pois dormirei de seguida*". Quizaves non poidese ser así, e soio fose un soño ise pasar tan quedo e calado á morte, coma un neno, ou un can, que se botase a dormir.

No seu breve prólogo, "Fernando Pessoa no seu laberinto", Santos Torroella recolle, comezando, a afirmación de Antonio José Saravia cando éste dí que "pra situar a Pessoa na historia da literatura occidental, precísase poñélo á outura do Dante, Shakespeare, Goethe ou Joyce". Apaixoado o laude, pro danos o tempero do deslumeamento da aparición de Pessoa no xardín da lírica portuguesa. Santos Torroella danos un breve resume da vida de Pessoa, deica a neurosis dos derradeiros días da súa vida, aló polo 1933. Pra Santos Torroella é evidente que Pessoa debéu de sentir medo á loucura —o que xa é, cáseque unha loucura—, pro "no podemos estar seguros de que llegase a considerar tales complicaciones mentales como una enfermedad que hubiese que comba-

[1] "Poemas escogidos". Selecciones de Poesía Universal. Editorial Bilingüe. Prólogo y traducción de Rafael Santos Torroella. Plaza y Janés. Barcelona, 1972.

tir a toda costa... En el fondo debió de acabar por sentirse bien asentado en ellas", afanoso de descubrirlas, de ojearlas como un cazador la pieza favorita". Pro, Pessoa fíxose ao traveso desas complexidades. "A pocos poetas se habrá visto penetrar osadamente e ir más lejos a cada paso por ese lóbrego y dilataado bosque a cuyo término, según expresión del gran poeta catalán Carles Riba, se halla "el manantial de agua pura y dura de la poesía".

Toca tamén sí, Santo Torroella, a custión dos heterónimos empregados por Pessoa, dos poemas que escribíu non firmando cun pseudónimo, senón cos nomes de creaturas de seu, fillos del, do seu sangue: Alberto Caeiro, Ricardo Reis e Alvaro Campos —os máis importantes dos seus "desdoblamentos" ou partos partenoxenéticos—, Antonio Mora, Bernaldo Soares, Vicente Guedes, Alexander Search...

Finalmente, Santos Torroella suliña que hai en Pessoa un poeta fondamente relixioso, pra quen toda arte "nâo passa de ser um ritual religioso".

Pessoa segue sendo actualidade, e ninguén nega a calidade outísima da súa obra poética. Pódese decir que é o grande poeta de Portugal neste século, case unha cume isolada...

C.

QUINTANA VIVA. Prosas, por Xosé Filgueira Valverde

No adro, parlamento e ágora, sitúa Filgueira Valverde as súas crianzas, co templo, Galicia, ao fondo. Quintana viva. E nela alentan, matinan e soñan fatos de nenos, de artistas aldeáns, de artesáns e de nomeandeiros. Móvense nas sombras, nos silencios expresivos, nas rexoubas, ceibando sentencias. Filgueira, bó conocedor do mundo galego, foi tecendo no entramado espiritual do seu pobo un tapiz representativo acugulado de valores siñificativos, valéndose de fíos literarios ben anudados no envés da tea. Relatos breves, curtos, apañando no áer intres fuxidíos dunha idea, dun pensamento ou dun sentimento, que veñen tinguidos de humor. E con íl amósanos Filgueira o seu distanciamento contemplativo e a súa simpatía polo contemplado. Dánola medida, en suma, da despreocupación antre as ambicións e a capacidade realizadora das suas criaturas e, á par, da crítica inmanente dun mundo de hérois en derrota.

Breves historias, repito, escritas nunha lingoaxe dinámica enfiada direitiñamente en percura da axilidade narrativa, discurrindo sobor dun doble canle ben tipificado: polo da ambentación realista co punto de arranque afincado na inmediatez da vida, dos sucesos e dos feitos que choutan ao paso de cada intre; e polo da definición e do estudo sicolóxico miniaturizado dunhas crianzas na búsqueda de arquetipos moráis, artísticos ou definitorios. E, por riba, un agarimoso teito de requintada intención poética, na que xogan a tenrura e a comprensión cara os homes e as cousas, e ás cousas dos homes, do noso país galego.

En definitiva; istas sonoras prosas de Filgueira, cheas de transparencias descriptivas, estructuran as historias que narran como redobles de caixa, devolvéndonos voces de fonda raigaña galega. Agardemos, logo, que moitos dos mundos que moven non fiquen, pola erosión dos tempos, estantíos nunha quintana morta.

DÓNEGA

---

[1] Ed. Galaxia. Vigo, 1971

RIQUEZA E DESVENTURA DA TOPONIMIA GALEGA

Hai tempo, nun coloquio sobre Toponimia Cartográfica celebrada en Madrid, o profesor Xosé Filgueira Valverde pronunciara unha conferencia de grande interés sobre *Toponimia regional bilingüe en Galicia*. Conferencia que agora mais que nunca está de actualidade, nun intre no que se pretende axuntar esforzos para restaurar a toponimia galega, que si tivo dunha parte, como suliña Filgueira, a ventura do cedo e copioso estudo, e ten unha imensa riqueza, tivo e ten tamén as suas desventuras, cunha castelanización arbitraria. No que toca á riqueza toponímica de Galicia, entra por moito o increíble número de nomes de lugar que posee Galicia, abundancia de accidentes xeográficos, variedade da vexetación, etc. A riqueza, dinos Filgueira, ven da variedade de denominacións, porque o galego, como xa o faguía notar o P. Sarmiento no séc. XVIII, ten un grande patrimonio lésico drento da súa estraordinaria unidade. No que toca soio a topónimos, v. g. San Xohán dá nas Castelas "San Juan" e "Santibañez". Bon, en Galicia temos nove formas: *San Xohán, Seoane, Seibane, Sebane, Sayane, Sayáns, Santián...*

Os topónimos galegos teñen unha grande diversidade de orixe, e son "autênticos monumentos históricos que poden condensar espresivamente o pasado", dí Filgueira; engadindo que "Virginia Rau e Scarlat Lambrino destacaron algúns nos que afrola o testimonio dunha poboación primitiva, as diferentes formas de xentilicios autóctonos". Topónimos que revelan a esistencia de localizacións arqueolóxicas. "A serie *castro* e os seus derivados: Socastro, Castriño, Castrizán, Castrelo Castromao... e os nomes que sirven pra situar construcciónes dolménicas: Arca, Mámoa, Muimenta..." De certo que temos menos perduracións das falas prerrománs do que as xentes agardan, e si a nosa riqueza está nos topónimos de orixe latino, "hai unha peculiaridade que radica na abundancia de nomes xermánicos, sober todo de poseedores. O profesor Lapesa confirmóu que o másimo de nomes de lugar desta procedencia está en Galicia e no norte de Portugal. Coma si en contraste coa estrema rareza do árabe, se tivesen concentrado no macizo galaico-duriense... Incruso podemos atopar moitos derivados da propia raíz "goth": Godos, Godia, Godáns, Godéns, Godiño, Vilagude, Aldegode, Gudin...

Asegura Filgueira que pasan de cinco centos os poseedores que se estudaron ao traveso das etimoloxías. Poseedores románs foron, v. g. Agripinus que perdura en Orpin, Amandus en Amandi, Arentinus en Arentey, César, perto de Caldas de Reis; Félix en Fiz e Vilafiz, Flavius en Chaves, Florentius en Florente, Eusebius en Osebe, Modestus en Moeche, Pompeianus en Pompeán, Violentius en Boente, e Maternus en Maderne... Julianus será o de meirande número de variantes: Xulián, Xillán, Xillao, Siao, Sian, Siá, Santillán, San Xiao, etc. De igual xeito, —seguimos a Filgueira Valverde— os poseedores xermánicos: Evenandus en Embeade, Evoricus en Variz, Fridulfus en Friulfe, Fagildus en Faxilde, Morelis en Merille, Nandus en Nande e Casanande, Ranibertus en Reiverde e Reiverte, Ranimirus en Reiriz, Wintila en Guitián... Dinos Filgueira que hai unha prole rexia en nomes de humildísimos lugares: a memoria de Rikila. (Requila), perdura en Recea, Rececende, Recegulfe, Recimil, Rezamonde, Requecende, Requesinde, Requián. Witericus

en Guitiriz, Witiza en Guitiza e Recaredo en Recarey... E Alaricus en Allariz.

Filgueira refírese na sua conferencia ao P. Sarmiento, o fundador da onomástica moderna, e cuia clasificación dos topónimos, feita en 1745, coincide coa hoxe en uso.

E no que toca ás desventuras da toponimia galega Filgueira Valverde fala das repristinacións: nos documentos galegos medievais, como na propia "Compostelana", retanse moitas veces os nomes, e por aprosimación. "Cando se decia Budiño, ao cultismo notarial gustáballe escribir "budanense", i en vez de decir Sobrán poñían "Soberane". Por iso o mosteiro de S. Martín en Santiago chámase Pinario e non de Piñeiro... Despóis veu a incorporación dos mosteiros galegos á Congregación de San Benito de Valladolid e tivemos "Carbuero" en vez de Carboeiro, "Puerto Moro" en vez de Portomouro, "Peña del Oro" por Pena do Louro, "Cillero" por Celeiro, "Olleros" por Oleiros, "Grijalba" por Eirexalba, etc.

En canto ás traduccións, "toda versión na toponomástica, dinos Filgueira, é mala, pro a media versión é peor". Tal o caso de Puenteareas: a versión oficial híbrida dou a confusión con Puentearenas. Puentesampayo, que sería Puente de San Pelayo. Prósima á Cruña, ainda se lé un letreiro, Fuente Culler, que ou sería Fuente Cuchara, en versión completa, ou será en galego. Fonteculler. Campiñas, que son pequenas sepulturas, traducíuse campanillas, e Pociñas, Pocilgas. Na entrada da Cruña hai agora un Haciadama que é Acea da Mar, é decir nome dun muiño da ría cruñesa que moía coas mareas. Na Cruña mesmo, a rúa dos Alcabaleiros foi traducida "calle de los Caballeros".

Pro volvamos aos topónimos que cita Filgueira: castelanizar en —ones as verbas galegas en —ons: Bordones, Niñones, por Bordóns, Niñóns. Por en —id as formas galegas en —ide —ude; así Mellid, que é Melide, e Dondid, que é Dondide. A equivalencia b-y, dou troques intrascendentes, pro que dan siñificados erróneos: así Bonabal, que é "bon naval", e Bonaval, que sería "bon val". Haí tamén sí o problema da transcripción do sonido que damos en galego co x: Ginzo, Deijebre, por Xinzo, Deixebre e Garabanja por Garavanxa e Sanjenjo por Sanxenxo, que é o nome do patrón San Xinés. E veñen logo as que son verdadeiras barbaridades i eutrapelias, como Carballino por Carballiño, e Sejalvo por Seixalbo, "seixo albo", piedra blanca. E o tan citado Niño d'Aguia é decir, Nido de Aguila, trocado en Niño de La Guía, e Ordenes en vez de Ordes, topónimo de raíz vexetal, quizaves un cereal, quizaves as uces.

Coidamos que é o intre de poñer man todos na tarefa, comenzando polas corporacións municipáis, diputacións provinciáis, Real Academia Galega, Instituto P. Sarmiento, —xiquer en honra do outo nome que leva— ...A toponimia forma parte do noso patrimonio espritual da nosa historia, que pódese decir que cáseque a conta, ou canta algunha vez. Compre que entre todos os organismos competentes se faga unha proposta seria, razoada, documentada, "libre de prexuicios arcaizantes", avisa Filgueira con moito tino, que procure volver ao seu nomes aos que o uso non desfigurou, senón "as imposicións ignaras ou as modas versátiles."— C.

I CONGRESO DE DEREITO GALEGO

Na Cruña, e dos días 23 ao 28 do mes de outono pasado, celebróuse o I Congreso de Dereito Galego. Foi convocado polos Colexios de Abogados de Galicia e pola Academia Galega de Lexislación e Xurisprudencia co gallo da próisima revisión decenal da Compilación do Dereito Especial de Galicia —aprobado por ley 146/63 do 2 de nadal—, prevista na súa Disposición adicional.

Pra os traballos preliminares e a confección das Ponencias, a Comisión de Estudos do Congreso dividíu o temario en cinco Seccións de Traballo, baixo a evocación de vellos i esgrevios xuristas galgos xa desaparecidos. A primeira ("Pérez Porto"), adicada ao tíduo Preliminar da Compilación; a segunda ("Paz Nóvoa"), á compañía familiar galega e ao Dereito agrario en Galicia; a terceira ("González Besada"), aos Mon-

tes e as Augas; a cuarta ("Castro Bolaño"), ás Institucións mortas e ás vixentes no dereito galego; e a quinta ("Durán García"), a temas libres e comunicacións.

Os traballos nas diferentes Seccións foron levados a cabo coa intervención rigurosa i entusiasta e, ás veces, marcadamente polémica, dos congresistas coa numerosa participación colaboradora de xuristas procedentes das rexións de dereito especial ou foral, Cataluña, Navarra e Aragón e Mallorca. A sesión de clausura, que desbordóu dos canles protocolares propio das mesmas, convertíuse nunha sesión máis de traballo, na que foron postas a discusión algunas das enmendas que, refugadas no seo das Seccións tiveron nelas o *quorum* reglamentario preciso pra se someter de novo ao Pleno. Nel aprobáronse por unanimidade as ponencias das Seccións 1.ª, 2.ª e 5.ª, e prosperaron dúas enmendas ás ponencias elaboradas polas Seccións 2.ª e 3.ª, relativas aos "montes en man común ou de veciños" e ás "servidumes de paso". Os idiomas oficiáis do Congreso foron o galego e máis o castelan, e toda a documentación foi redaitada nas duas língoas. E a sesión de clausura rematóu co hino galego, cantado en pe por todos os congresistas asistentes.

Por necesidades de axuste diste número deixaremos pra o que ven a publicación íntegra das conclusións ás que chegóu o Congreso. Sendo a normativa xurídica unha das creacións culturáis máis importantes dun pobo, xa que ao traveso déla regula un sistema comunitario de convivencia, así nolo aconsella.

1.ª MOSTRA DO LIBRO XURÍDICO EN GALICIA

Tamén de xeito inaugural, tanto en Galicia como fora dela, foi programada e levada adiante polo I Congreso de Dereito Galego, pra regalía dos congresistas, dos profesionáis do Dereito e mesmo dos bibliófilos en xeneral, unha Mostra do libro xurídico, galego polo autor, polo tema ou polo lugar da súa impresión.

A Mostra comprendéu, a máis de exemprares de vellos e ilustres tratados da autoría de civilistas, procesalistas e canonistas galegos dos séculos XVI e XVII, libros monográficos encol de institucións do noso dereito consuetudinario, e folletos e follas soltas contendo ordenanzas, cédulas reás, autos da Real Audencia e outras disposicións legáis de variada índole. Tamén estiveron representadas na Mostra as revistas xurídicas galegas do pasado e do presente século, e o libro moderno. Unha escolma, en fin, nidiamente representativa das inquedanzas, das preocupacións, dos estudos e dos saberes dos xurisconsultos da nosa terra.

Pra o montaxe da Mostra contóuse co ofrecemento das institucións culturáis do país (Universidade, Real Academia Galega, Fundación Penzol, Arquivo Histórico do Reino de Galicia e Academia Galega de Lexislación e Xurisprudencia) e coa colaboración decidida i eficaz de don Carlos Martínez-Barbeito, autor, ademáis, do catálogo da Mostra —que ven avaliado con numerosos grabados— e da súa nota introductoria.

"O IDIOTA DA FAMILIA" SARTREANO

"Polo momento somente teño unha consigna agradábel: rematar o *Flaubert*". Así se espresóu non hai moito Jean-Paul Sartre nunha entrevista pubricada nun periódico parisino. Gallimard editóu recentemente os dous primeiros tomos de *L'idiot de la famille*, o estesísimo estudo encol de Flaubert (máis de dous milleiros de páxinas), e o seu autor anuncia outros dous tomos máis.

L'idiot de la famille —escribe Sartre no seu breve limiar— é a continuación de *Questión de méthode*. O seu tema: "¿Qué pode sabérese dun home, hoxe? Semellóume que o único xeito de responder a esta pregunta era o estudo dun caso concreto. ¿Qué sabemos,

por exemplo, de Gustave Flaubert?"

Antre as razóns que aduce pra espricar a súa escolla, sinálanos dúas. Léndo a *Correspondencia* do autor de *Madame Bovary* no 1943 sentíu que tiña que arranxar contas con Flaubert e que por eso debía conocelo millor.

"Despóis, a miña antipatía primeira —engade— trocóuse en *empatía*, a única actitude requerida pra comprender". Ademáis, Flaubert, "Creador da novela moderna, está na encrucillada de todos os nosos problemas literarios de hoxe".

Na entrevista indicada ao comezo dí: "Quixera que o meu estudo se léra como unha novela, pois, nefeito, é a historia dun aprendizaxe que conduz ao fracaso de toda unha vida. Ao mesmo tempo quixera que se léra pensando que é a verdade, que é unha novela *verdadeira*".

Hai en *L'idiot de la famille* un ataque arreo contra da burguesía da época, da cal a familia de Flaubert foi un espoñente típico. Aos pais do futuro escritor atribuélle Sartre na súa meirande parte a responsabilidade da desdita do fillo, unha desdita á que Flaubert deulle unha solución neurótica.

GALLEGO 2

Editado polo Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, e puntual na execución do seu proieto de dar á estampa un método práctico pra o aprendizaxe da nosa lingua, o *Instituto de la Lengua Gallega* publicóu na primavera deste ano que andamos o *Gallego 2*, segundo volume do método devandito.

Neste novo volume consérvanse o método, a estructura do libro e hastra a disposición tipográfica utilizados no volume primeiro. Agás as nocións gramaticáis, que namentras que no *Gallego 1* son espostas en lingua castelá no *Gallego 2* xa son espostas en lingua galega.

A escolma dos temas das lecturas, que se van sucedendo no libro en parello coa sucesión dos aconteceres normáis no ano natural encetado polo outono, fornécelle ao libro este un certo engado que o axeita maiormente pra ser usado de testo no ensino ao longo dun curso escolar.

Se ben é certo que o *Gallego 2* semella ter espertado menos interés no público do que espertóu o *Gallego 1* no seu día, como se escoita decir con frecuencia, non se debe a que un dos dous volumes resulte menos interesante que o outro. Acontece, somentes, que o volume segundo deste método práctico pra o aprendizaxe da lingua galega chega orfo da coroa de novedade que cinguía ao volume primeiro.

HAROLDO CAMPOS EN COMPOSTELA

O poeta brasileiro Haroldo Campos estivo recentemente en Compostela, procedente de Portugal. Antes de retornar a São Paulo, onde mora, quixo peleriñar a Santiago de Compostela para satisfacer unha íntima arela de tomar contacto coa realidade galega. Mostróu interés pola nosa literatura e de modo especial pola nosa poesía, da que pensa ocuparse no futuro. Coñecía a revista GRIAL ao traveso do seu amigo o profesor Rodrígues Lapa. Prometéu colaborar nela con unha mostra da súa propia poesía e con un traballo encol da "poesía concreta", da que é eminente cultivador.

POEMAS DE ROSALÍA DE CASTRO CANTADOS EN PARÍS

O cantante Amancio Prada, nado no Bierzo e galego-parlante, actuará en París, onde reside, xuntamente co cantante francés George Brassens, dende o 21 de Novembro deica o 10 de Decembro. Actuarán en "Bobino", Music-Hall. Amancio Prada, que cantóu meses pasados en Galicia, inclúe no seu programa poemas de Rosalía e de outros poetas galegos contemporáneos, así como poemas propios, xa que ademáis de cantor é tamén poeta en galego e máis en castelán.

ESCOLA LIBRE DE SARGADELOS

Dende o 19 de San Xoan ao 30 do pasado setembro, tivo lugar en Sargadelos, unha esperencia de creación libre de formas cerámicas. Cada participante recibíu unha celda de traballo equipada cun torno mecánico e manual, e con todos os elementos pra faguer o ensaio. Con cada grupo de alunos mantívose unha conversa pra espricarlles o senso que se pretendía dar ao concepto de *libre* da Escola, que non é outro que o de prevenir ao individuo contra as tentacións de perder a liberdade en función do que o individuo coñece do pasado e do presente.

Os alunos xa recibiran un testo condensado dos coñecimentos da cerámica, das arcillas e da evolución histórica da cerámica, dende os tempos remotos deica o Renacimento. Xentes de todas as rexións españolas, e xaponeses e arxentinos, participaron na esperencia. Obras logradas polos alunos espuñéronse no Museo Carlos Maside, no Castro, Sada, A Cruña.

Esta esperencia continuará en anos sucesivos, e esta Escola Libre, co Seminario de Estudos Cerámicos, serán as bases dunha institución na que se impartan ensiños de Diseño, Laboratorio Cerámico, Escola-Fábrica de Cerámica, estudos básicos, sistemas de comunicación, etc.

NOTAS

ENCOL do tema *Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la "geada" y sus causas*, publicóu un interesante traballo o Prof. Pensado Tomé na "Revista de Filología Española". Informa nel que non atopóu nos autores do século XVIII alusión algunha ao fenómeno da "geada", i esprica o que sobre da pronuncia da *g, j, x*, tiróu dos textos do P. Sarmiento. Según o Prof. Pensado —fondo conocedor da obra do frade bieito—, o único que Sarmiento crarexa no tocantes ao contacto de linguas en Galicia é a dificultade "de los rústicos gallegos para articular la jota castellana".

ESTE ano cumplíronse cen do pasamento do dramaturgo austríaco Franz Grillparzer, autor de notables obras teatráis. Destacan antre elas, as súas traxedias *Safo* —na que prantea o conflito antre a vida e o arte—, *O rei Ottokar* e *As vagas do mar e do amor*, encol da lenda de Hero e Leandro. Sobre deste autor acaban de se editar duas obras: unha de W. E. Yates en Cambridge, e outra de Heinz Politzer en Munich.

O ESCRITOR Fernando Namora ven de publicar unha novela co tíduo de *Os Clandestinos*. Trátase da crónica dun tempo portugués que é unha proxeción do pasado sobre o presente. Amosa un coidado estético palpábel que marca unha nova fase na carreira do novelista e arrequece a súa temática dun formalismo avivecido pola acuidade sicosociolóxica, presente en todas as situacións.

PROCEDENTE de universidades de 26 países, 160 delegados xuntáronse no "Shakespeare Institute", en Stratford-upon-Avon, lugar de nacemento do poeta en Warwickshire, para a XV Conferencia Internacional sobre Shakespeare. O Congreso, que se realizóu do 27 de agosto ao 1 de setembro, estudóu as traxedias xacobitas de Shakespeare, antre elas, *Medida por Medida, Otelo, Rei Lear* e *Antonio e Cleopatra*, escritas nas dúas primeiras décadas do século dazasete.

UNHA das máis importantes descobertas dos derradeiros anos no campo das artes —un cadro do Veronés— produciuse nunha coleción particular

inglesa. O cadro, "Xacob e Raquel no pozo", foi adequirido hai máis de vinte anos por un decorador de interiores Félix Harbord; pero soio decentemente, despóis da remoción dunha repintura desfiguradora e dun traballo de restauración, foi reconocida a súa calidade.

O PINTOR Manuel Colmeiro presentóu en Madrid, con grande ésito, unha mostra da súa pintura recente. Encol dela escribíu o crítico A. M. Campoy: "Un fondo e delicado esprito de fogar desprende esta pintura de deliciosa linguaxe i entrañábel senso. Nada se define taxantemente, todo semella a punto de se difuminar na neboiña agrisallada da súa atmósfera; neboiña que compre asociar a aquela outra, sempre de arxentados grises, que aparez, incansábel, o Sena. Pintura intimista, pra dialogar acougadamente con ela na morna beira do fogar. Pintura sin o menor latexo expresionista, queda i encorada como unha lembranza á que a memoria convirte en poesía".

POLLENSA, na illa de Mallorca, celebróu ao longo deste ano 1972, o cincuenta aniversario da morte do poeta, fillo ilustre da Vila, mosén Miguel Costa i Llobera. Cada ano, dende que en Cala Murta se erguéu un monumento ao poeta, celébrase a Diada de la Mare de Déu de Formentor, e son sempre tres os poemas de Costa i Llobera que se recitan: "Damunt l'altura", "Temporal" i "El pi de Formentor" .Este derradeiro é un dos máis conocidos do poeta mallorquín, e del temos unha tradución galega, feita arredor do 1910 por Leiras Pulpeiro.

ACABA de se finar súpetamente en Madrid, Don Antonio García Bellido, catedrático universitario de Filoloxía Clásica. Debemos sinalar que, fora dos grandes temas da súa pescuda e de libros tan esparexidos como *España y los españoles hace dos mil años según la Geografía de Strabon,* García Bellido adicóu moitas horas de estudo a cuestións relacionadas coa cultura antiga do noso país. Ademáis dos seus traballos encol da cultura castrexa, publicóu unha chea de monografías: "Un depósito excepcional de hachas de bronce hallado en Pontevedra", "Esculturas romanas de Galicia", "El Castro de la Lanzada", "La industria pesquera y conservera de la antigüedad", e moitas máis.

A OBRA maestra en prosa de Dylan Thomas, *Under Milk Wood* ("No bosque de leite"), foi levada ao cine, interpretada por Elizabeth Taylor, Richard Burton e Peter O'Toole. O guión é de Andrew Sinclair, tirado da obra do célebre poeta galés, morto no 1953, de quen se deron a conocer non hai moito algunhas novas edicións dos seus escritos. Tales: *Dylan Thomas, The Poems,* perto de douscentos poemas crasificados por orde cronolóxico; *Early Prose Writings,* con varios textos inéditos ou nunca xuntos en libro; e unha edición ilustrada do conto *The Outing.*

NON hai moito publicóuse en París *Oeuvres complètes* de Georges Bataille, escritor que influíu nas xeneracións afíns ao surrealismo. A edición comprende dous volumes: *Premiers écrits* (1922-1940) cunha presentación de Michel Foucault; i *Ecrits posthumes,* onde se atopa o espediente da revista "Documents" e cantidade de textos ao marxe de "Acéphale" e do Colexio de Socioloxía, adicado ao estudo dos grupos pechados (poboacións primitivas, comunidades iniciáticas, ordes monásticas, etc.).

ÍNDICE DO TOMO X

Xaneiro - marzo, Abril - xunio,
Xulio - setembro, Outubro - decembro
1972

	N.º	Páx.
A. G.		
Economía marítima de la Galicia cantábrica en el siglo XVIII	35	113
A. L.		
Dos voces indígenas en nuevas inscripciones galaico-romanas	36	247
Alfaya, Xoan Xulio		
Algunhas notas sobre *O Paseo*	35	109
Dostoiewski e a crise da sociedad patriarcal	36	207
Urbanidade e ruralidade	37	331
Alonso del Real, Carlos		
As orixes da Queimada. Capítulo programático dun libro en preparación	35	74
Álvarez Martínez, Laureano		
Poesía de Miguel González Garcés: "Nas faiscas do soño"	37	367
Andric, Ivo		
Un conto iugoeslavo: O soño de Rajka	37	323
A (rias) L (ópez), V (alentín)		
"Problemas y soluciones del desarrollo económico de Galicia"	37	374
Avendaño, Carmen María		
Apuntes de leitura: "Os dous de sempre"	37	359
Barreiros, Cosme		
Trad. de "O soño de Rajka"	37	323
Barro, María Teresa		
Dous contos	35	68
A creación da muller no Xénesis: un estudo feminista	36	202
As novelas de Rosalía Castro	37	328
Barros, Tomás		
O Dragón. Traxicomedia nun acto	38	438
Bernárdez, Francisco Luís		
El poeta de Cambados	35	86
Blanco-Amor, Eduardo		
Prólogo útil	35	39

	N.º	Páx.
Camiño, María		
"Follas de vagar"	36	248
Carballo Calero, Ricardo		
A liña do galego literario	36	129
Dous tomos da revista bonaerense "Filología"	37	375
"Estudios lingüísticos peninsulares"	38	498
Cartelle, Ramiro		
A "Sonata Gallega" pra piano, dun compositor burgalés: Antonio José	37	292
Carro, Xavier		
Notas encol do inventor do Calidoscopio	35	95
"Introducción a la lingüística transformacional"	35	114
Casado Nieto, Manuel		
Versión galega da "Profecía de Amós"	35	52
Casares, Carlos		
Primeira noticia de Martín Códax	37	337
Apuntes pra un estudio da poética de Lamas Carvajal	38	469
Carta abierta a "Alianza Editorial"	38	487
Díaz Sixto, Xulia		
Leria con Ramón Piñeiro	36	197
Dónega, M.		
"Quintana Viva"	38	509
Durán, Carlos		
O exemplo dos clásicos	35	83
Libros galegos no Museu Británico	38	491
"O Principiño"	38	497
"Voltar"	38	499
Fernández Castro, X. L.		
Lecturas galegas	36	242
Fernández Ferreiro, X.		
Un poeta inédito: Xosé María Brea	37	356
Fernández Martínez, Xoan		
Crítica da idea orteguiá encol do cubismo	35	89
Ferreiro Alemparte, Jaime		
La ciudad mozárabe de Santa Maria de Faro y el milagro de la Cantiga CLXXXIII en fuentes anteriores al Rey Sabio	38	405
Filgueira Valverde, Xosé		
No centenario. O P. Sarmiento e a fala galega	38	385
Francés, José		
Un gran dibujante gallego, Alfoso R. Castelao	36	215
Franco Grande, X. L.		
"Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario"	37	371

	N.º	Páx.
Fréches, Claude-Henri		
Unha visita ao poeta Teixeira de Pascoaes	37	364
García Martínez, Manuel Carlos		
Encol da organización político-social da antiga Galicia	36	168
González Gómez, Xesús		
"Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea"	37	372
Gregorio Fernández, Emilio de		
"Superstición y supersticiones"	35	116
Landeira Yrago, Xosé		
Camões 72. Proba de ensaio sin aleluias	35	1
Alfredo Guisado e o seu "Tempo de Orfeu"	36	240
Lorenzana, Salvador		
"Testimonio Personal"	35	117
"Los días de Lina"	35	120
"O Conde asesino de Sobrado e outros grabados"	36	241
Henry Miller: "O enfant terrible" norteamericano	37	267
"Xente ao lonxe"	38	507
Mariñas del Valle, Xenaro		
Loucura e morte de Peregrino	36	179
Misiego, Micaela		
Voces pretas. Antoloxía breve	38	394
Moreiras, Juan Miguel		
Los "Siete cuentos de Otoño" de Alvaro Cunqueiro	35	29
Otero Pedrayo, Ramón		
A novelística de Vicente Risco	37	257
Palmás, Ricardo		
"Un predicador en el desierto"	35	118
"Operativo Patagonia"	38	501
Pedrosa Rúa, Cristina		
Sobre "Arredor de sí" de Otero Pedrayo	35	100
Piñeiro, Ramón		
"Poetas gallegos de postguerra"	35	111
"Cartas a Lelo"	35	115
"Cincuentenario de Nós"	36	246
"Gramática portuguesa"	38	499
"Humor 1971"	38	506
Placer, Fr. Gumersindo		
Un subtema rosaliano: O suicidio. Comentario encol de "As Torres de Oeste"	36	138

	N.º	Páx.
Porto Dapena, Xosé-Álvaro		
Encol da estruotura do verbo galego	35	13
Prieto Alonso, Domingo		
Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entonación	38	431
"Evolución y revolución en romance", de C. P. Otero	38	481
Queizán, María Xosé		
Teoría pra unha desmitificación	36	219
Rodrigues Lapa, Manuel		
O poeta Camões	37	353
Silgar, María		
Historias da miña terra	36	222
Siro		
Leria con Domingo García-Sabell	38	475
S. S.		
O noso Villón de cada día	35	121
Tenorio, Nicolás		
La aldea gallega	36	158
Torres, Xohana		
O tempo e a memoria	37	307
Torres Queiruga, A.		
Prólogo a "O despertar da fe e o seu desenrolo" de E. Vidal	36	213
Veiga Arias, Amable		
Fonología gallega. Fonemática: El sistema consonántico, IV	37	281
Vesteiro Torres, Teodosio		
Martín Códax	37	338
X. L. F. R.		
"A reforma da compilación do Dereito Civil de Galicia	38	503
X. M. R.		
"Rosalía de Castro"	37	376
X. M. R. P.		
"Historia da Literatura Galega"	36	244
X. R. F. O.		
"El traje regional de Galicia"	36	245
"Consideraciones en torno a la geografía del Rodil"	36	249

En cumplimiento de lo dispuesto en el art. 24 de la vigente Ley de Prensa e Imprenta, y para información de suestros lectores, se consignan a continuación los nombres de las personas integrantes del Consejo de Administración u órgano rector de la *Editorial Galaxia*, Sociedad Anónima, como empresa editora de la presente publicación:

Presidente:

Ramón Otero Pedrayo

Vicepresidente:

Domingo García-Sabell

Vocales:

Álvaro Gil Varela
Sebastián Martínez-Risco
Jesús Ferro Couselo
Agustín Sixto Seco
Marino Dónega Rozas
Salvador Rey Rodríguez
Manuel Caamaño Suárez

Consejero-Delegado:

Jaime Isla Couto

Secretario:

José Luis Franco Grande

Asimismo, se hace constar que ninguno de los accionistas de esta Sociedad es poseedor de una participación que alcance al diez por ciento del patrimonio social, a que se refiere el precepto legal referido.

Editorial Galaxia, S. A., fue fundada por escritura pública de tres de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante el Notario don Miguel Hoyos de Castro, con el núm. 2.909 de su protocolo, con un capital de 500.000 pesetas, dividido en acciones de mil pesetas cada una, en la actualidad enteramente suscritas y desembolsadas.

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venda e suscripción

Número solto	70	ptas.
Extranxeiro	85	"
Suscripción anual, 4 números	240	"
Estranxeiro	280	"

Redacción e Administración

Editorial Galaxia. — Reconquista, 1 — Vigo

Impreso nos Talleres ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Burgos, 96 (interior) - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA

Esta edición facsimilar
da revista GRIAL,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa Segovia, 19 de Vigo,
o día 15 de setembro do 1988